

castro de rei

Acondicionarán unha ruta de sendeirismo no Camiño Rexio. **Páx. 12**

muras

Aumenta a contía das axudas da luz para o consumo doméstico. **Páx. 15**

guitiriz

Primeiras confirmacións para a Festa da Torta de Millo do 1 de xuño. **Páx. 19**

pol

Nace a Fundación Terras de Pol, que foi declarada de interese galego. **Páx. 21**

outeiro de rei

O Concello e o colexio organizan este mes a primeira Feira do Libro. **Páx. 22**

Citas de primavera

A Moexmu e feiras como a do queixo de Friol abriron unha axenda que continúa en abril coa Feira do Ferro de Riotorto ou o FIV



Os socialistas piden cobertura pediátrica

Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei denuncian que non se repuxera unha praza. **Páx. 26**

O Pleno apoia o Plan Deputación

Foi aprobado por unanimidade o reparto dos cartos en cada un dos 67 concellos. **Páx. 25**

Eleccións á dirección do PSOE provincial

Á esperada candidatura de José Tomé súmase outra encabezada por Iván Castro. **Páx. 27**

CEIP Ramón Falcón



O centro festexa en maio os seus 50 anos de historia. **Páx. 13**

Festa da Filloa



Entrevista ao actor Denís Gómez Feal, pregoeiro desta edición **Páx. 16**

Vilalba FS



O director deportivo Kini Martínez fala do 25 aniversario do club. **Páx.31**

Vilalba supera as ratios europeas de prazas de escolas infantís co PAI

As obras do novo Punto de Atención á Infancia (PAI) avanza a bo ritmo. Estas instalacións permitirán ofrecer en Vilalba 20 prazas máis para o coidado de nenos e nenas de 0 a 3 anos. Desta forma, o concello superará a ratio que marca a Unión Europea en prazas de escolas infantís, xa que segundo a UE este indicador debe estar situado nun mínimo de 33 prazas por cada 100 nenos e nenas en idade de 0 a 3 anos. No caso de Vilalba, a Galiña Azul oferta 75 prazas, polas 42 da Escola de Educación Infantil xestionada directamente polo concello. Xunto ás 20 do PAI, fan un total de 137 prazas.

Entre os anos 2021, 2022 e 2023, naceron en Vilalba 220 nenos e nenas, polo que Vilalba superará amplamente a ratio recomendada pola UE. “As cifras avalan o noso compromiso co ensino de 0 a 3 anos e coa conciliación”, asegura a alcaldesa, Marta Rouco, que lembra que “o concello asumiu no 2021 o servizo de Madrugadores, cun investimento por curso de 20.000 euros e 50 prazas, que permite que as nais e os pais poidan chegar aos seus postos de traballo. Tamén é de xestión municipal o comedor da Escola de Educación Infantil, que este curso presta servizo a 70 nenos cun investimento de 91.000 euros.

Executarán a garantía de obra para as deficiencias da rúa da Pravia

O Concello de Vilalba executará a garantía das obras de humanización e remodelación da Rúa da Pravia para acometer as reparacións necesarias que permitan solucionar as deficiencias detectadas na mesma. Tal e como explicou o goberno local no pleno ordinario celebrado a pasada semana “levamos meses en contacto e traballando en estreita colaboración coa empresa executora das obras e os arquitectos responsables da dirección da mesma para estudar as actuacións que sexan necesarias”. Así, dende a dirección da obra estase a desenvolver un informe no que se estudan e recollen as causas das deficiencias nas actuacións e as reparacións que serán necesarias para solucionarlas. En consecuencia, o goberno local ten previsto que “as reparacións pertinentes se leven a cabo durante o mes



de maio”, posto que “no presente mes de abril a nosa vila ten un nivel moi alto de actividade coa celebración da Festa do queixo San Simón da Costa, a feira de oportunidades e o Festival Independente de Vilalba”. Así pois, “preténdese que os traballos de reparación causen as menores molestias posibles aos veciños e veciñas, así como ao discorrer dos eventos e aos visitantes que pasa-

rán pola nosa vila nestas datas”, explicou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco. No referido ás reparacións, actuarase sobre as beirarrúas, as zonas de pedra da estrada que presentan deficiencias, os pasos de peóns e “calquera outra deficiencia que se detecte e sobre a que corresponda actuar”, aseguran dende o goberno local.

A localidade prepárase para o FIV, os días 25 e 26

O FIV de Vilalba, un dos eventos máis especiais da música independente en Galicia xa ten todo preparado para a fin de semana do 25 e 26 de abril. O grupo de indie pop Varry Brava, o cantautor catalán Joe Crepúsculo e banda Cycle son os nomes que se engaden a unha proposta na que tamén están Shinova, León Benavente, The Rapants ou Leria. O Escenario Vibra Mahou acollerá parte desta programación, que se completará cos DJs Galician Army, Juancasupersub DJ Set e os lucenses Grande Osso. O venres 25 será a quenda de Varry Brava, The Rapants, Joe Crepúsculo, Adrián Timms e Galician Army, mentres que o sábado 26 subirán ao escenario Shinova, León Benavente,



Cycle, Banda de Música de Vilalba, Leria, Juancasupersub DJ Set, Grande Osso e Karaoke FIV Stars. O sábado 26, como é habitual, a festa trasládase á Praza de Concello para unha sesión vermú na que o público poderá gozar do Karaoke FIV Stars. Por outra banda, a organización anunciou que pronto estará dispoñible o Abono Camping.

Saen a licitación as obras de renovación da rúa Benxamín Paz

O Concello mantén aberto o proceso de licitación do proxecto de renovación de beirarrúas, repavimentación e sinalización da Rúa Benxamín Paz cun orzamento base de 160.044 euros. Dito proxecto centrarase na demolición das beirarrúas existentes, ao non cumprir estas coa anchura mínima fixada pola normativa de accesibilidade, para proceder á execución dunhas novas con pavimento de baldosa e un ancho mínimo de 2 metros en ambas marxes da rúa. “Ademais, o ancho das beirarrúas incrementarase ata os 4 metros en varios tramos da vía co obxectivo de

facelas máis accesibles”, explicou o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luis Fernández. Pola súa banda, tamén se prevé a renovación completa da rede de alumeadado que incluírá novas arquetas, báculos e luminarias. Concretamente instalaranse novos modelos con tecnoloxía LED que melloren a eficiencia e o aforro enerxético. No referido ao pavimento da calzada, estenderase unha nova capa de rodaxe de aglomerado en quente. “Os pasos de peóns existentes pasarán a ser sobreelevados para facilitar o tránsito peonil nunha zona na que é notablemente elevado e pola que pasan diariamente persoas maiores ou con mobilidade reducida debido

á proximidade do centro de saúde”, engadiu a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco. A renovación integral da rúa tamén implicará a súa urbanización mediante a colocación de especies arbóreas que permitan mellorar a estética da contorna. Ditas árbores colocaranse en sobreiras nos tramos das beirarrúas que contén cun ancho de 4 metros, de tal forma que non afecten á normativa de accesibilidade. Finalmente, as obras incluírán a colocación de sinais verticais e o pintado de marcas viais; fundamentalmente pasos de peóns, liñas de delimitación dos carrís de circulación e as zonas de aparcamento.






**POR CADA
10€
DE COMPRA
TE DESCANTAMOS
1€
EN TU
SIGUIENTE COMPRA**








CARACOL +

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

A Biblioteca contará cun aula dedicada a Agustín Fernández Paz

A concellería de Infraestruturas Urbanas de Vilalba aprobou o proxecto de obra para acondicionar o primeiro andar da Biblioteca Municipal, no que se prevé instalar unha sala de recoñecemento ao legado do escritor Agustín Fernández Paz e, á súa vez, renovar a aula de estudo.

O proxecto, redactado polo arquitecto municipal, céntrase na adecuación de 150 metros cadrados e contempla a creación dun espazo aberto, luminoso e diáfano no que se integrará, por unha banda, a aula de estudo, e pola outra, a sala Agustín Fernández Paz, na que se aloxarán os arredor de 7.000 títulos doados pola súa familia ao pobo vilalbés.

“Estamos a falar de títulos que Agustín Fernández Paz posuía e consideraba un tesouro, polo que a súa von-



tade era que estiveran a disposición dos vilalbeses e vilalbesas”, explicou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, quen engadiu que “ao goberno local correspondíanos poñelos en valor e á verdadeira disposición de todos os veciños e veciñas, o que faremos con esta actuación cun custo de execu-

ción de 89.955,34 euros”.

Nesa liña, Rouco apuntou que “a familia de Agustín Fernández Paz e Isabel Soto, responsable de conservar e divulgar o legado intelectual do escritor, cumpriron coa súa vontade cedendo ao Concello arredor de 7.000 libros”.

Abre o prazo para participar no Certame Literario

Xa están publicadas as bases do 51 Premio de Poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba. O galardón está dotado con 7.000 euros e a publicación íntegra da obra gañadora, xunto a unha flor natural e un diploma, e o prazo de inscricións do 28 de febreiro ao 31 de maio.

Poderán participar neste concurso todos os autores e autoras que o desexen, sempre que presenten as obras en lingua galega. Os poemas serán orixinais e inéditos, non premiados noutros concursos en datas anteriores ao fallo do xurado.

O Concello de Vilalba defende o impulso á produción cultural como unha das súas prioridades, apostando ademais pola creación poética.

Instalan dúas torres para mellorar a cobertura móbil en Oleiros e Belesar

A Xunta instalou dúas torres de comunicación para mellorar a cobertura móbil no concello de Vilalba. As novas infraestruturas están situadas nos lugares de Montaña e Cabanas, nas parroquias de Belesar e Oleiros, respectivamente.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, visitou a zona para anunciar o novo servizo. Explicou que a Administración autonómica, a través da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), está a instalar torres públicas en distintos núcleos rurais lucenses que precisan mellorar as conexións de telefo-

nía móbil. Estas actuacións forman parte dun convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para identificar as zonas nas que persistían problemas de cobertura e corrixir a situación.

As torres de comunicación adoitan instalarse en terreos cedidos por particulares, por comunidades de montes ou polos propios concellos. A Xunta sufraga a execución destas infraestruturas e o equipamento que permite dotar de cobertura aos núcleos de poboación, este último a través da concesión dunha achega á compañía operadora.



Aprobado o proxecto para unha nova área de autocaravanas

O pleno aprobou por unanimidade o proxecto de cambio de localización e instalación dunha nova área de servizo para autocaravanas na área de recreativa da Madalena, proposto pola Concellería de Infraestruturas Urbanas.

Desta forma, segue adiante a intención do goberno municipal de “incentivar o turismo de autocaravanas e apostar polo atractivo turístico da nosa vila”, pois a nova localización na área recreativa da Madalena ofrecerá unha contorna natural única e “moi acaída para este tipo de turismo”, sinalou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco.

A nova área de servizo para autocaravanas permitirá que Vilalba conte con 5 prazas máis para estacionamento deste tipo de vehículos, pasando das 2 prazas actuais do campo da feira ás 7 que contempla o proxecto da nova localización nunha das marxes do aparcadoiro da piscina municipal climatiza.

Ademais, tamén se mellorará notablemente a dotación de servizos e a adecuación do aparcadoiro ás necesidades dos viaxeiros en autocaravanas. En concreto, instalárase unha plataforma e sumidoiro

para augas grises, unha arqueta de baleirado de WC náutico, un sumidoiro para augas negras, unha billa para limpeza e outro para auga potable, un borne eléctrico con diversas tomas de corrente, papeleiras, e catro colectores para a correcta separación e reciclaxe dos residuos. Nas vindeiras datas “teremos que aprobar un regulamento para o uso desta área no que se aclaren as condicións de uso, entre elas, o tempo que se vai poder estar estacionado”, adiantou Rouco.

Pola súa banda, o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luís Fernández, explicou que “as actuacións contan cun orzamento estimado de 34.707 euros con cargo ás arcas municipais e, ademais de responder a un criterio de mellora e ampliación do servizo, dan resposta a unha demanda feita pola Asociación Galega de Autocaravanas”.

A alcaldesa manterá unha reunión coa presidenta da Asociación Galega de Autocaravanas “para explicarlles os detalles do proxecto e poder abordar a posibilidade de inaugurar a nova área de autocaravanas cunha concentración destes vehículos”, concluíu a rexedora.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo · 27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es



EN BREVE

NETE. Nete celebra o 12 e 13 de abril, as festas na honra a San Benito e San Antón. O programa contará con misa solemne desde as 13.30 horas, procesión con grupo Mestura de Nete, así como e a posterior sesión vermú, que estará ao cargo de Zona Zero. Pola noite volverá o mesmo grupo e tamén Marbella para animar a verbena. O domingo repetirá o oficio relixioso e a sesión vermú estará ao cargo de JB Son, coa que se dará por finalizada a festa. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto cunha carpa.

UNIVERSO VIZOSO. O Ilescha, en colaboración co Concello de Vilalba, organiza a exposición Universo Vizoso, unha mostra de carteis e ilustracións do artista mindoniense Xosé Vizoso, recentemente falecido. O proxecto está promovido e financiado pola Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo, a Rede Museística Provincial e Arraianos Producións. A mostra permanecerá aberta ao público na Casa da Cultura ata o 7 de maio de 2025.

CONCURSO. O CEIP Antonio Insua Bermúdez vén de convocar co XXV edición do Certame Literario Benxamin Paz de narrativa, poesía e debuxo ao que está invitado a participar todo o alumnado de Educación Infantil e de Primaria pertencente a centros educativos. Establécense tres modalidades, poesía e narrativa para Educación Primaria, e debuxo, para Educación Infantil. Os traballos serán dirixidos ao colexio antes do 24 de maio e contará con varios premios. Haberá 1 gañador por cada ciclo cun lote de material de agasallo. A entrega de premios efectuarase nos centros educativos en xuño.

CAMPAMENTOS. Está aberto o prazo de inscrición para os campamentos de verán para nenos e nenas de entre 5 e 12 anos. Como cada ano, organizaranse en dúas quendas de 50 prazas cada unha. A primeira quenda desenvolverase do 30 de xuño ao 24 de xullo, mentres que a segunda terá lugar do 28 de xullo ao 22 de agosto. As inscricións poderán realizarse a través da Sede Electrónica ou presencialmente no Rexistro.

Convocadas actividades de dinamización en 21 parroquias na primavera

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e a concelleira Paula Vigo presentaron un novo ciclo de actividades de dinamización nas parroquias do rural vilalbés que xa comentou e que se estenderá ata finais do mes de xuño.

O goberno local pon en marcha a iniciativa “logo da boa acollida e da satisfacción das asociacións veciñais coas actividades organizadas durante o inverno que financiou a Deputación de Lugo”, explicou a rexedora vilalbésa, Marta Rouco, ao que engadiu que “nesta ocasión o financiamento das actividades correrá a cargo das arcas municipais, de tal forma que seguirán sendo totalmente gratuítas para os veciños e veciñas”.

Nesa liña, nesta nova edición serán 21 parroquias nas que se impartirá semanalmente algunha das actividades ofertadas: manuais, ximnasia de mantemento, novas tecnoloxías ou memoria. “Ofrecéuselle a todas as parroquias a posibilidade de ter actividades e nesta ocasión sumáronse

5 máis que na anterior”, apuntou a concelleira Paula Vigo.

En concreto, foron as parroquias de Rioaveso, Torre, Noche, Tardade, Insua, Sancovade, Mourence, San Simón, Belesar, Román, Distriz, Oleiros, Lanzós, Nete, Santaballa, Vilapedre, Codesido, Árbol, Corvelle, Alba e Goiriz as que se acolleron a esta iniciativa.

“Pero non é necesario ser veciño dunha desas parroquias para poder acudir ás actividades, pode facelo, por suposto, calquera veciño ou veciña que o desexe, presentándose na data e hora que corresponda na casa escola da parroquia, sen necesidade de inscribirse previamente”, sinalou a rexedora vilalbésa, Marta Rouco. Desta forma, o Concello de Vilalba ratifica o seu compromiso co “mantemento dun rural vivo, no que os veciños e veciñas tamén teñan oportunidades para socializar, activar a mente e o corpo e fuxir da situación de soidade ou illamento na que poden verse en determinados casos”, salientou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco.

O grupo popular denuncia o mal estado da nave dos Freires e da canceira



O Partido Popular denuncia o “estado de total abandono e insalubridade no que se atopa a nave municipal e as dependencias que serven como canceira temporal”.

Os concelleiros do PP advirten da “ineptitude” do goberno local de PSOE e Vilalba Aberta por “permitir que os animais convivan nestas condicións” e por manter as instalacións municipais nun “estado deplorable”. As instalacións da nave dos Freires están sen limpar, nin recoller, acumulan maleza e moitos dos seus elementos están rotos e inservibles. A parcela conta, tamén, con todo tipo de restos amoreados e utensilios enterrados baixo as silvas.

Os populares censuran “a falta de

traballo do goberno municipal en asuntos da súa propia competencia” como son as instalacións municipais. “Non nos sorprende que fale dos demais a pesar de ter, como di o dito, a súa casa sen varrer porque as accións deste goberno parecen dirixirse máis a facer oposición á Xunta de Galicia que a atender os asuntos que preocupan os vilalbeses e xestionar aqueles asuntos que son competencia directa do Concello”.

O PP cre que “o goberno cando rectifica, acerta” como no caso da rúa da Pravia. Finalmente, non lles quedou máis remedio que recoñecer a desfeita; a pesar de que facía tempo que dende o Partido Popular viñamos advertindo de situacións de risco”.

ESTACIÓN DE AUTOBUSES



O Concello acometeu a limpeza e o acondicionamento do recinto da estación de autobuses logo de que a Xunta de Galicia desatendera a petición feita pola alcaldesa, Marta Rouco, en reiteradas ocasións. Limpouse a vexetación, que levaba meses sen cortar, fíxose da recollida dos residuos que se atopaban espallados polo recinto da estación de autobuses, así como a limpeza das dársenas e do acceso principal ás mesmas.

Sete Pontes realizará este mes tres campañas de dinamización

A Asociación de Empresarios Sete Pontes iniciou un mes de abril cargado de dinamización comercial baixo o lema En abril, Feiras mil. O obxectivo principal desta iniciativa é incentivar o comercio local, atraer público e crear un ambiente animado nas rúas da vila. Para iso, están preparadas tres campañas que combinarán gastronomía, compras e premios.

A primeira realizouse na tradicional Feira do Queixo de San Simón. A seguinte gran cita será a Feira de Oportunidades, que se celebrará os días 12 e 13 de abril na Praza da Constitución. Durante estes dous días, os

comercios locais saíran á rúa para ofrecer os seus produtos con descontos especiais nun ambiente festivo. O horario da feira será de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00. Máis de vinte establecementos participarán nesta iniciativa, que contará tamén con animación infantil e servizo de ludoteca para facilitar as compras en familia. Ademais, sortearase unha cea en Lar Os Píos e un vale de saúde e gastronomía en Attica 21 entre os asistentes.

A partir do 8 de abril, en colaboración co Festival FIV, lanzarase a campaña Rascas FIV.

Cuando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergia.es



Comezaron as obras da pista multiocio do campo da feira

O campo da feira do Concello de Vilalba contará nas vindeiras datas cunha nova infraestrutura deseñada para o ocio infantil e xuvenil.

Así o confirmou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, logo de visitar os traballos aos que a empresa adxudicataria deu comezo durante a presente semana. “Unha vez levantado o pavimento que había na zona, a empresa atópase no proceso de nivelado do terreo para posteriormente instalar a infraestrutura modular”, explicou a rexedora vilalbesa.

Así, as previsións do Concello de Vilalba son “ter a pista multiocio instalada para finais deste mes ou comezos do seguinte, de forma que os rapaces e rapazas da nosa vila poidan gozar xa dela coa chegada do bo tempo” apuntou o concelleiro de Infraestruturas Urbanas de Vilalba, Luis Fernández.



No referido ás características da infraestrutura, trátase dunha pista multiocio modular dunhas dimensións de 230 metros cadrados, delimitada por varandas de aceiro inoxidable.

Nos laterais da mesma, colocaranse porterías, ás que se sumará a instalación de canastras e o pintado do

campo con pintura acrílica para a marcaxe da superficie de xogo.

“Así os rapaces e rapazas da vila terán á súa disposición un espazo no que xogar ao fútbol ou ao baloncesto de forma lúdica, do cal non se dispoñía ata este momento nos parques e xardíns municipais”, salientou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco.

Renda anuncia melloras en vías de Oleiros, Torre, Seivane, Belesar e Nete

O tenente de alcalde de Vilalba, Modesto Renda, anunciou en Oleiros que o Concello rexenerará por completo a vía que une Agadín, o Abeledo e o Cal da Pena por valor de 22.000 euros.

Na concorrida xuntanza, analizaronse todas as necesidades da parroquia e o tenente de alcalde fixou, de común acordo cos veciños/as, a rexeneración da vía do Campovello e o acceso ó Salgueiro como as seguintes prioridades.

Renda agradeceu a grande afluencia de xente á reunión e comprometeu, tamén, a adecuación de varias vías de uso principalmente agrogandeiro para a presente lexislatura.

O Concello rexenerará ao completo a vía de acceso o barrio de Seivane, anuncio que se fixo tamén nunha xuntanza. Ademais o tenente de alcalde avanzou que o Concello ten previsto actuar tamén nun degradado acceso a unha explotación agrícola no barrio da Carboeira e fixou de común acordo cos veciños a rexeneración do acceso ao Foxo como seguinte prioridade.

O Pleno de Vilalba aprobou a proposta do tenente de alcalde Modesto Renda relativa á rexeneración completa da vía que lle dá acceso ó barrio do Coutado, na parroquia de A Torre.

Trátase dun novo proxecto de mello-

ra na rede viaria do rural no que se actuará en toda a vía.

O Pleno tamén aprobou por unanimidade a rexeneración completa da vía municipal que une a parroquias de Belesar e Cazás. Así, actuarase sobre toda a vía ata o límite con Xermade. Para subvencionar esta actuación, dende a Área de Infraestruturas Rurais dispúxose un orzamento de execución por contrata de 10.943,24 euros, que se financiará con cargo ó Plan Único correspondente á presente anualidade 2025.

Renda anunciou o remate das obras de mantemento e mellora da vía de acceso á Bouza/Lourixe, na parroquia de Nete.

EN BREVE



AUTISMO. No Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo, que cada ano a ONU conmemora o 2 de abril, a Asociación Galega na Defensa do Sistema Público de Dependencia e Discapacidade (ASGADEd) apoia a unha familia de Vilalba que solicita a instalación dun semáforo que permita que o seu fillo con autismo poda cruzar a rúa con seguridade



PREMIO. O alumnado de 1º de Bacharelato do IES Santiago Basanta Silva chegou á final nacional do concurso de economía Young Business Talents (YBT). Sarai Paz, Aroa Blanco e Aitor Lozano lograron situarse entre os mellores do país. Ademais, outros compañeiros do centro acadaron as semifinais, deixando en alto o nome do instituto cunha participación excepcional.



CASTELAO. Na conferencia organizada polo BNG e a Fundación Galiza, celebrada na Casa da Cultura de Vilalba, a escritora e divulgadora Marta Dacosta destacou que, 75 anos despois da súa morte, segue existindo unha débeda de recoñecemento con Castelao. Dacosta subliñou a necesidade de difundir a súa figura na súa totalidade, reivindicando tanto a súa obra como o seu compromiso político e nacionalista.

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

PLAMOBLE
Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

RESTAURANTE PARRILLADA
O' Adro
COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...
Ven a probar os nosos cocidos
O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

Presentan un recurso na Xunta polo reparto dos fondos de Transición

O pasado 16 de marzo o Concello das Pontes, xunto ao Concello de Cerceda, interpuxo, a través dos Servizos Xurídicos da Deputación da Coruña, un recurso contencioso-administrativo contra a Axencia do Instituto Enerxético de Galicia e o Instituto Galego de Promoción Económica, polas convocatorias das axudas dos Fondos de Transición Xusta asignados a Galicia.

O rexedor local, González Formoso remarca que “se trata dun paso incómodo pero necesario para velar polos intereses dos veciños e veciñas das Pontes. Orixinamos 107 dos 111 millóns de euros dos Fondos de Transición asignados a Galicia e, en lugar de ser os primeiros beneficiados o que recibimos son cero euros”. Esta decisión adoptouse ante o inminente remate dos prazos de presentación de proxectos a estas liñas de axudas, neste sentido, Ana Pena apunta que “vímonos na obriga de solicitar xudicial-

mente medidas cautelares que suspendan ditos prazos, para evitar que os Fondos de Transición Xusta sexan asignados sen ter en conta aos concellos afectados polo peche de centrais térmicas”. A concelleira responsable de área, Ana Pena, lembra que durante estes meses, en diferentes reunións e conversas coa Xunta de Galicia, tanto o Concello das Pontes como o Concello de Cerceda, en representación de todos os concellos implicados nos Convenios de Transición Xusta de Galicia, solicitáronlle ao goberno autonómico que atendera ao establecido polo Regulamento da Unión no reparto dos Fondos de Transición Xusta e ser así “nunha ferramenta para paliar os efectos laborais e económicos naqueles territorios que sufrimos, directamente, o impacto dos peches de Centras Térmicas. Este fin non se cumpre nas convocatorias das axudas publicadas pola Xunta de Galicia”.

Arrancan as sesións do plan de emerxencias da presa da Ribeira

O Concello das Pontes iniciou unha rolda de encontros informativos coa veciñanza para presentar o plan de emerxencia da Presa da Ribeira.

Así, o concelleiro de Medio Ambiente, acompañado por representantes do Servizo de Emerxencias da Xunta de Galicia, Augas de Galicia e Endesa, deron a coñecer este plan que ten como obxectivo controlar, previr, alertar e protexer á veciñanza das Pontes no caso dunha posible rotura da presa e que será implantado a través de diferentes actividades entre as que se inclúen accións de formación para persoal técnico, un plan de comunicación cara a opinión pública e diversas charlas informativas dirixidas a diferentes colectivos e entidades da vila.

Durante a presentación detalláronse os contidos deste plan de emerxencia, como os servizos de vixilancia e



control da presa, as posibles zonas afectadas no caso dunha posible rotura da presa e posterior inundación, así como os sinais acústicos que soarán en caso de emerxencia, ou os puntos de encontro para os veciños e veciñas que se viran afectados por un posible asolagamento.

Tamén se amosou un vídeo explicativo que nos vindeiros días se distribuirá a través das diferentes redes

sociais do Concello no que se detalla máis polo miúdo todo o contido relevante para a cidadanía en canto a que facer no caso dunha posible emerxencia.

Tamén se presentou o material gráfico (cartelaría e trípticos informativos) que se fará chegar á cidadanía para que poidan consultar os aspectos máis importantes do plan de emerxencia da presa da Ribeira.

Convocado un novo concurso de marcapáxinas

A Biblioteca convoca a terceira edición do concurso de deseño de marcapáxinas para celebrar o Día do Libro que se conmemora o próximo 23 de abril. Baixo a lema *Descubriendo Exipto*, as persoas participantes terán que amosar nos seus deseños dentro de cinco categorías, segundo nivel educativo, distinguindo unha infantil (de 0 a 5 anos), unha para alumnado do primeiro ciclo de primaria (de 6 a 8), outra para o alumnado de segundo ciclo de primaria (de 8 a 10), outra para o terceiro (de 10 a 12) así como unha categoría para educación especial.

As obras deberán entregarse, ata o 15 de abril, nun sobre pechado, indicando no mesmo III Concurs. O fallo darase a coñecer o 23 de abril e os premios consistirán en lotes de libros e artigos de papelería.



Nace unha nova empresa formada por alumnado do IES Castro da Uz

A Asociación de Empresarios Seara leva traballando dende o pasado mes de outubro nun novo proxecto PROEM, en colaboración co alumnado de 4º da ESO de Economía do IES Castro da Uz. Froito deste esforzo naceu Pontes en Forma, unha iniciativa estudantil que busca fomentar a vida saudable a través do deporte e da alimentación equilibrada.

Este proxecto culminou coa visita do alumnado ao banco e ao notario, onde se levou a cabo a formalización oficial da súa cooperativa educativa, un paso significativo que reforza o carácter práctico da aprendizaxe.

A través de @pontesenforma, os estudantes recollen o legado deixado polos seus compañeiros do curso anterior, continuando coa organización de torneos deportivos durante os recreos do instituto. Esta iniciativa bus-

ca promover o exercicio físico entre o alumnado. Ademais, están a desenvolver diversas receitas de comida saudable co obxectivo de motivar aos seus compañeiros e compañeiras a adoptar hábitos alimentarios máis beneficiosos.

Este proxecto de emprendemento educativo destaca pola súa vontade de crear unha cooperativa educativa real na aula, ofrecendo ao alumnado unha aprendizaxe práctica sobre os trámites necesarios para poñer en marcha un negocio. A experiencia tamén permite traballar valores fundamentais como a responsabilidade, o esforzo e a perseveranza, ao tempo que potencia habilidades clave para o futuro profesional do alumnado, tales como o traballo en equipo, a comunicación ou a competencia dixital.

O SECTOR DO QUEIXO



A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, acompañada do director territorial da Consellería de Economía e Industria, Isidoro Martínez, visitou nas Pontes as instalacións da empresa Queserías del Eume SL, onde puxo en valor a importancia de apostar pola sustentabilidade e un consumo máis eficiente dos procesos produtivos entre o tecido empresarial.



Seguen as obras nas avenidas da Habana e Ortigueira, e na rúa Rego do Muíño

O Concello en previsto continuar cos traballos de renovación da Avenida da Habana, no tramo correspondente ao Poboado do Barreiro.

O proxecto, con orzamento de 286.731 euros, con cargo á Deputación permitirá a reposición dos servizos de alumeadado e a instalación de nova rede de recollida de pluviais, así como ao novo pavimento das beirarrúas e da calzada, conformando unha plataforma única, como continuación a outras catro fases xa executadas.

Así, proxéctase a execución dunha nova rede de recollida separativa de augas pluviais, en ámbalas dúas marxes da rúa. Entre os traballos previstos inclúese tamén a renovación do alumeadado pública coa instalación de novos puntos de iluminación con tecnoloxía LED, sobre báculos dobres, de 65 w sobre brazo alto na estrada e con luminaria de paseo de 18.8 w para a beirarrúa.

As obras completaranse coa execución de novas beirarrúas, con bordo prefabricado de formigón e pavimento con baldosas de formigón granallado, en cor igual á empregada nas fases anteriores, así mesmo os pasos de peóns executaranse con



baldosa regulamentaria de botóns e direccional. A calzada pavimentarase con aglomerado, a nivel, para crear unha plataforma única.

A obra completarase coa sinalización horizontal necesaria de pasos de peóns, prazas de aparcamento accesibles, colocación de sinais, porta-colectores e a instalación de papeleiras, bancos e xardineiras, realizadas en madeira de elondo, vernizado especial e accesorios de inox.

Co financiamento da Deputación da Coruña, o Concello acometerá as obras da terceira fase do proxecto de mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Ortigueira.

O proxecto, con orzamento de

257.835 euros ten como obxectivo prioritario continuar mellorando a accesibilidade da rúa, eliminando o desnivel existente entre a estrada e as beirarrúas así como mellorar os servizos de iluminación e saneamento, dándolle continuidade ao proxecto de rehabilitación, humanización e mellora da accesibilidade levada a cabo no centro urbano.

Traballarase na renovación da rede de saneamento, mediante a implantación dunha rede separativa; a instalación de alumeadado público e a renovación das beirarrúas con baldosas do mesmo estilo que as das beirarrúas no tramo anterior da avenida de Ortigueira, e reforman-

do o rasante para reducir pendente transversal. Concluirán coa instalación de novo mobiliario urbano e a reposición da sinalización.

Está prevista tamén a mellora da beirarrúa e os servizos na marxe esquerda da Rúa Rego do Muíño e nun tramo da rúa Areosa.

Os traballos, cun orzamento de 308.900 euros, con cargo á Deputación da Coruña levaranse a cabo nunha das arterias principais da mobilidade da localidade e permitirá a renovación dos servizos urbanos de saneamento e alumeadado así como a renovación do pavimento seguindo o modelo das intervencións realizadas recentemente en rúas da contorna. Procederase á substitución do pavimento da beirarrúa por un novo solado de baldosas hidráulicas; a execución dun itinerario peonil seguro desde a saída de Aspanaes, así como a execución dun paso peonil nas proximidades

O Concello ten previsto tamén continuar coa renovación do Camiño do Bidueiro (fase 3), ata o cruce que leva ao núcleo do Caxete, na parroquia do Freixo, un proxecto financiado pola Deputación da Coruña, cun orzamento de 74.200 euros.

Puntadas con Agarimo convértese en asociación

Puntadas Con Agarimo, organizador de las quedadas laneiras, vén de converterse oficialmente en asociación un ano despois da súa fundación.

As cinco amigas das Pontes, Verónica, Tania, Lucía, Urbana e Elvira non pretendía outra cousa que xuntar a todos os amantes do tecido baixo un mesmo teito para compartir truco, ideas e tamén algo de risas e contos, unha meta que se logrou xa fai uns meses, pero que leva crecendo desde o día 1.

Ademais de tecer, as participantes intercambian unha vez ao mes contos e segredos do tecido xunto a unha merenda.

A idea xurdiu nunha viaxe que fixeron as cinco a Madrid, a unha feira de las á que levaron o mesmo xersei. Esta peculiaridade chamou a atención da xente que lles preguntou se tiñan un grupo nas Pontes. Ese pequeno xerme foi suficiente para que á volta, no mesmo autobús, comezase o proceso de creación. Na seguinte semana xa estaban coa primeira xuntanza.

A resposta a esta iniciativa foi impresionante xa que arredor de 26/27 persoas de media asisten a estas xuntanzas de domingo pola tarde.

Inviste en Friol



Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

As Pontes

O BNG é a forza da oposición máis votada logo dunhas eleccións nas que ámbolos dous creceron



BNG

Carmela Franco encabeza a oposición no concello de Muras, xa que foi a forza máis votada despois da maioría absoluta do partido socialista.

Carmela debutou con éxito na política local xa que foi precisamente en 2022 cando comezou e xa se presentou como voceira e candidata á Alcaldía en 2023. Aínda así, dera xa os seus primeiros pasos con 16 anos, cando comezou a ir a asembleas, afílose a Galiza Nova e con 19 xa estaba nas súas primeiras listas. “Vinculeime ao BNG porque buscaba un lugar onde facer militancia inicialmente cultural e lingüística, tamén en clave feminista e finalmente local, poder facer cousas pola contorna máis próxima”, explica.

Para ela, o papel da oposición está claramente definido: “é fiscalizar o traballo realizado polo goberno, mais nós tamén procuramos facer unha oposición en clave construtiva, dentro da nosa área de actuación e propositiva naquelas cousas nas que podemos ter máis coñecemento ou interese”. Dentro disto considera esencial “tecer pontes entre o concello e a veciñanza, servir de voceiro para todas as veciñas ben sexa a través de queixas ou suxestións ben sexa procurando estar ao día das problemáticas que poden xurdir na vila”.

Para ela tamén a política ten unha



cara e unha cruz. Considera un beneficio o contacto coa veciñanza. “Ao final iso de que nos pobos nos coñecemos todas é certo e o feito de formar parte dun grupo político municipal axúdache a coñecer a realidade das veciñas e da vila no seu conxunto”. Pero sabe que a contrapartida é a falta de tempo. “Ao final, formar parte dun grupo político ten unha implicación e un tempo bastante amplos. Mais agora que a miña disposición así como do resto do grupo e do consello local en xeral é moi reducida mais sempre intentamos achegar na medida do posible”.

O partido que representa estivo dúas vez no Goberno (1995-97 e 1999-2007), pero como naceu no 99 “case non o vivín”, pero cónstalle “que se procuraron actuacións para a mellora da vila coma a construción de chan industrial creando o polígono dos Airios ou a construción do centro de día, por exemplificar algo máis en clave social”.

Para Carmela, os obxectivos a nivel político derivan todos do principal: “mellorar a vida das veciñas das pontes. Poder procurar volver sermos unha vila en clave de futuro. Con proxección industrial e social, que hoxe non temos. Que a mocidade poda vivir aquí por termos traballo e posibilidades”.

Para lograr iso ten unha serie de liñas no programa a cumprir como son, entre outros dotar o rural de servizos de proximidade, realizar un servizo de transporte baixo demanda, reactivar as aulas dixitais, consensuar ca veciñanza un PXOM, crearmos un banco de vivenda para fixar poboación e, en xeral e no marco xa dos orzamentos participativos que propoñemos, dotar dunha dotación específica para o rural e especializada por parroquias.

Propoñen a idea de ser a Vila da Auga dinamizando o Eume cunha senda e a posta en valor dos encoros. A nivel cultural, por exemplo, queren un proxecto “definitivo e completo” para a Biblioteca, a recuperación de certames culturais e de lecer e a reactivación da área de

normalización lingüística; mentres que a nivel patrimonio, promoven un proxecto dun Museo da Enerxía ou a distinción BIC para a cheminea. “En clave de muller é importantísimo dotar un orzamento municipal específico para fomentar a igualdade, promover campañas de sensibilización e un programa de acompañamento a persoas en situación de exclusión social”, sen esquecer a creación dun fogar para persoas maiores, a dinamización do centro sociocomunitario e unha mellora na partida para o SAF. Engaden temén na lista un plan de Xestión Municipal, particularmente no eido deportivo como a creación dunha vila deportiva no eido da contorna da Pardo Bazán e aproveitando as instalacións de Endesa.

PP

Con dous concelleiros, o PP ten como voceira a Mari Carmen Dopico. Tamén debutante xa que se iniciou como concelleira en maio de 2023 ao ser elixida no comicios municipais. Iniciouse na política a través da Asociación Democrática de Estudiantes da USC, xa que foi vicedecana da Facultade de Farmacia, pasando por diversos cargos e de aí pasou a NNXX do PP de Galicia como vicesecretaria de Universidades.

Dopico ve o seu papel de oposición “difícil ante un grupo en maioría absoluta”, por iso que cre que a súa función é “facer unha política útil e responsable coas necesidades das Pontes, como dí o noso lema de campaña, as políticas centradas nas persoas e nas súas necesidades son o noso centro”.

O seu papel na política local o ve como apoiado por ser a primeira forza a nivel galego por iso “consideramos que dende a Xunta de Galicia se están a poñer esforzos en recuperar ese carácter industrial da nosa vila, por exemplo impulsando a figura do Plan Industrial Estratéxico, co fin de conseguir oportunidades de traballo para os nosos veciños despois dun-

ha Transición que se está revelando como todo menos xusta”.

Nesta a súa andaina política explica que se “sentirse útil” é o maior beneficio, “porque como me lembraba un compañeiro fai uns meses, xa de sempre axudaba á xente porque forma parte do meu carácter”.

Tamén ve complicada a conciliación da vida laboral e a persoal sumándolle esa parte política, “e máis no caso dunha familia monoparental. Pero neste caso conto co inestimable apoio, o mesmo que a nivel laboral, dos meus pais e do meu fillo adolescente que soportan con estoicismo esta faceta”. Ten en mente varios obxectivos a nivel político pero lembrando o paso do seu partido polo goberno municipal, nos 90. “Quizais o maior logro deses anos foron as vivendas sociais proxectadas e a renovación de parte da vila”.

Plantexa varias necesidades que ve como proxectos de futuro, como “impulsar a diversificación económica e a creación de novas oportunidades laborais, mediante a colaboración con outras administracións

PP: “A idea é volver poñer ás Pontes no centro da industria galega”

e a captación de novos proxectos industriais e, por outra banda, facer de As Pontes un pobo atractivo para vivir fomentando uns servizos de calidade en todas as etapas da vida, xa conseguida unha unidade HADO para o Concello agora toca traballar por un xeriátrico moderno que entre outros servizos conte cunha unidade de coidados intermedios”.

A todo isto engade, “a necesidade dunha RPT do Concello e tamén é importante que exista unha planificación axeitada tanto das obras como dos servizos municipais”. Lembra que tampouco está aprobado o PXOM, “que nos serviría como base para a xestión Urbanística”.

Engade tamén o plan de “favorecer unha vida saudable a través da colaboración co Sergas no Plan de Saúde de As Pontes, na mellora das infraestruturas do pobo dinamizando o centro cunha nova biblioteca e unha casa da xuventude, así como, dotando de servizos a zonas comúns nos diferentes barrios e parroquias, na creación dun Xeriátrico con área de coidados intermedios, na planificación urbana tanto no que se refire á mellora dos rúes e servizos asociados a cada rúa ou na mellora da xestión dos RRHH do persoal ao servizo da administración municipal... por tanto, volver poñer ás Pontes no centro da Industria galega e aos ponteses como centro das políticas municipais”.

DATOS

HABITANTES: 9.782.
PARROQUIAS: 13.
EXTENSIÓN: 249 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Ferrol.
CORPORACIÓN: 7 concelleiros do PSOE, 3 do BNG e 2 do PP.
ALCALDE: Valentín González Formoso do PSOE.
VOCEIRA BNG: Carmela Franco Caaveiro.
VOCEIRA PP: Maria del Carmen Dopico Rodríguez.



Arranca unha nova edición do Programa Integrado de Emprego

A sexta edición do Programa Integrado de Emprego de Galicia e o Servizo Público de Empleo Estatal, en colaboración cos Concellos da Capela e As Somozas, subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e cofinanciado polas entidades locais, arrincou esta semana coa posta en marcha dunha actividade formativa dirixida a obter o certificado de manipulador de alimentos

O Programa Integrado de Emprego, cunha duración de 12 meses, está dirixido á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral de 100 persoas demandantes de emprego, con maiores dificultades para acceder ao mercado laboral, mediante diferentes accións formativas.

A través deste programa formativo ofreceráse ao alumnado participante unha ferramenta de axuda e



acompañamento especializado co que desenvolver as súas competencias persoais, sociais e laborais, acrecentando a súa empregabilidade para situarse, deste xeito, nunha situación máis favorable cara o mercado laboral.

O Programa Integrado de Emprego das Pontes inclúe un amplo abano de accións informativas, asesora-

mento, orientación laboral, de carácter individual, e un conxunto de sesións grupais organizadas entorno a adquisición de coñecementos sobre elaboración de currículo, cartas de presentación, entrevistas de traballo así como habilidades sociolaborais e clases de coaching, intelixencia emocional e motivación laboral, entre outras.

Formoso presenta o novo modelo de residencias para maiores

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, reuniuse en Santiago coa conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, para presentarlle o novo modelo de residencias públicas para maiores que a institución provincial impulsa nos concellos das Pontes, Rianxo e Ordes. Trátase dun modelo innovador que aposta por centros de menor capacidade, cunha atención máis personalizada, o uso de novas tecnoloxías e a convivencia interxeracional.

Na reunión, Formoso e a deputada provincial responsable de Política Social, Mar García Vidal, explicaron á conselleira os detalles desta iniciativa pioneira, “que busca evitar o desarraigo e a soidade das persoas maiores, ofrecéndolles un entorno residencial máis amable e acoledor, semellante ao fogar”, explicou o presidente. Ademais, subliñou que este



modelo aposta por unha atención centrada na persoa, incorporando tecnoloxías como a domótica, a telermedicina e sistemas de rehabilitación cognitiva e física.

“Queremos crear unha rede provincial de residencias adaptadas ás necesidades reais das persoas maiores, con dous piares fundamentais: a innovación e unha atención máis próxima e humana”, destacou

Formoso, que agradeceu a “colaboración total que nos ofreceu a conselleira, tanto para facilitar a tramitación administrativa do proxecto como para o mantemento dos centros, xa que a Xunta de Galicia está disposta a contar con prazas concertadas nas residencias que impulse a Deputación da Coruña, o cal é unha excelente noticia para seguir avanzando neste proxecto”, dixo.

A Xunta intentará de novo declarar BIC a cheminea das Pontes

A Xunta de Galicia anunciou que se reabren os trámites para declarar Ben de Interese Cultural (BIC) a cheminea da central termoeléctrica das Pontes, segundo recolle o Diario Oficial de Galicia (DOG) deste venres. Esta estrutura, situada neste municipio coruñés, xa conta coa protección provisional propia dun ben representativo do patrimonio industrial galego.

A decisión chega despois de que veciños, o Concello das Pontes e a Deputación da Coruña manifestasen ao Goberno galego o seu interese na conservación deste elemento, logo de que un intento previo non prosperase por falta de informes favorables de dous órganos consultivos, tal como esixe a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

Na documentación presentada, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude resalta que a cheminea xa non se percibe unicamente como parte dunha infraestrutura industrial, senón que se converteu nun símbolo identitario para a veciñanza das Pontes, ao representar unha etapa de crecemento e transformación da localidade.

O informe indica que a cheminea

constitúe un “referente simbólico” da destacada actividade enerxética que se desenvolveu neste municipio coruñés, chegando a ser clave na xeración eléctrica a nivel estatal. Ademais, só o pasado ano, arredor de 2.200 veciños e veciñas apoiaron mediante a Plataforma en Defensa do Patrimonio Industrial das Pontes a declaración deste elemento como Ben de Interese Cultural, temendo pola súa posible desaparición.

A Lei do Patrimonio Cultural de Galicia establece que o patrimonio industrial anterior a 1936 pode recibir esta distinción, pero excepcionalmente tamén se pode aplicar a elementos posteriores, sempre que se xustifique adecuadamente. Neste caso, o informe recalca a singularidade e monumentalidade da cheminea, que destaca por ser a máis alta de España e a segunda de Europa, ademais do seu gran valor simbólico e a súa notable presenza visual na paisaxe.

A proposta inclúe a delimitación dunha zona de protección de 45 metros ao redor da base da cheminea para garantir a súa conservación e mantemento.

ATENCIÓN SANITARIA



O grupo de Goberno do concello das Pontes, acompañado por representantes das ANPAS da localidade, achegáronse ata os centros educativos da vila para recoller firmas para esixirlle á Xunta de Galicia o servizo de raios X e a cobertura total e a tempo completo das dúas prazas de pediatría asignadas ao centro de saúde.



- **PODOLOGÍA**
DEPORTIVA - INFANTIL
CIRUGÍA - DIABÉTICA
GERIÁTRICA - PLANTILLAS
- **ECOGRAFÍA**
- **TRATAMIENTOS CON LASER**
- **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**
- **ÚLCERAS**
ARTERIALES - VENOSAS

R.S. C-27-001184

Carballeira & Otero
CLÍNICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

Campo de Puente, 20 Bj. Vilalba - Lugo
Telf: 982 88 75 65 • Urgencias: 609 72 97 12



Éxito na XXXI Feira do Queixo e Pan de Ousá



Friol acolleu unha nova edición da Feira do Queixo de Friol e Pan de Ousá, unha das citas gastronómicas máis emblemáticas de Galicia, recoñecida como Festa de Interese Turístico desde 2022.

O evento contou coa participación de preto de 50 queixerías e cinco panadarías, ademais de numerosos postos de artesanía, téxtil e alimentación, así como actividades complementarias como demostracións culinarias, obradoiros infantís e actuacións musicais.

A feira converteuse nun punto de encontro destacado para representantes institucionais, produtores e veciñanza.

Entre os asistentes estivo o secretario xeral do PSdeG, José Tomé Roca, acompañado pola secretaria de Organización, Pilar García Porto, o alcalde de Lugo, Miguel Fernández, deputadas e deputados provinciais, así como representantes das agrupacións socialistas da comarca. Durante o percorrido polo recinto, acompañaron á agrupación socialista de Friol, encabezada pola

súa voceira, Ana Pardo.

José Tomé puxo en valor o traballo dos produtores locais e reafirmou o compromiso do PSdeG co desenvolvemento do rural galego, destacando a importancia de apoiar os produtos de proximidade como motor económico e garante da identidade cultural da provincia. Estivo tamén a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, acompañada pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, e o delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias. Durante a súa visita, Gómez destacou o papel dinamizador deste tipo de feiras, que favorecen o comercio de proximidade e as canles curtas de comercialización, permitindo unha conexión directa entre produtores e consumidores. Un ano máis, a Feira demostrou ser moito máis que unha celebración gastronómica: un símbolo do potencial do rural galego, da súa capacidade de transformación e do compromiso das súas xentes coa terra.

Celebrado con éxito o primeiro aniversario do cambio da feira mensual

Friol celebrou o primeiro aniversario do cambio de situación da Feira Mensual de Friol, que tradicionalmente se celebra o primeiro domingo de cada mes. Despois de máis dunha década no recinto do mercado gandeiro, este volveu celebrarse no centro da capitalidade.

Así, unha vez máis, centos e persoas e de postos acudiron a esta cita, que contou con moi bo tempo.

O equipo de goberno tomou esta medida co obxectivo de darlle maior potencial á feira mensual e a todo o municipio, “fomentando a calidade e variedade da gastronomía local, promovendo o turismo e propulsando a vida social e cultural”.

Desde o Concello cren que co novo emprazamento non só consegue que se acheguen máis veciños e veciñas, senón tamén persoas doutros lugares, que teñen un motivo máis para visitar e coñecer Friol.

Na Praza Andón Cebreiro aséntanse postos metálicos, cubertos e con instalación eléctrica propia que o Concello pon a disposición dos produtores de Friol.

Na praza e nos seus arredores atópanse produtos agrogandeiros, téxtil, artesanía, etc. Os feirantes, que non teñen que pagar taxas municipais, tamén poden situarse no Parque Rosalía de Castro, a Praza Curros Enríquez e a Rúa Santa Isabel.

O Concello acada os 5,3 millóns de euros de orzamento para este ano

O equipo de goberno de Friol, liderado polo alcalde José Ángel Santos, presentou uns orzamentos ambiciosos para o presente ano, destacando especialmente a partida destinada a investimentos en beneficio da veciñanza. Nos últimos anos, o orzamento inicial do Concello mantén unha tendencia ascendente. Así o reflicten os datos económicos xa que este ano, por segundo exercicio consecutivo, supéranse os cinco millóns de euros, alcanzando 5.315.000 euros, un incremento de máis dun millón de euros respecto a 2023.

O proxecto orzamentario está deseñado para garantir os mellores servizos á cidadanía, impulsar proxectos de investimento, dinamizar o tecido produtivo local e favorecer as transaccións comerciais entre particulares. O capítulo de gasto corrente en bens e servizos representa o 46,24% do total (2.457.731,35 euros), incluíndo o mantemento das vías municipais cunha partida específica de

738.626,49 euros en infraestruturas. Tamén se prevé o mantemento da rede de abastecemento de auga, a xestión de residuos, a limpeza viaria e a modernización do alumeadado.

En canto á promoción da educación, cultura e deporte, destínanse 1.040.983,28 euros, un incremento de máis de 400.000 euros con respecto ao exercicio anterior. Esta partida cobre necesidades do Centro Público Integrado Doctor López Suárez, o Punto de Atención Infantil, o servizo de Madrugadores, así como diversas actividades culturais e deportivas, entre elas a Festa dos Maiores, a excursión para maiores, a Feira do Queixo e do Pan de Ousá, o Friulio e outras iniciativas que fomentan a participación social.

En política social, destínanse 1.053.646,87 euros ao servizo de axuda no fogar, incluíndo atención a persoas dependentes e non dependentes, supoñendo preto do 20% do orzamento.

O Concello tamén fai un importante esforzo en transferencias correntes, cunha partida superior aos 130.000 euros, destinada a axudas como subvencións para o consumo eléctrico en vivendas illadas, axudas á natalidade, apoio a persoas en risco de exclusión social, prevención de condutas aditivas, subvencións a asociacións culturais e deportivas, así como o mantemento das festas populares nas parroquias.

En canto a investimentos, o orzamento inicial ascende a 1.282.858,41 euros, un incremento de 403.332,25 euros respecto ao ano anterior, con previsión de ampliación grazas á colaboración con outras administracións. Entre os proxectos máis destacados inclúense a construción dun local social en Narla (Eirexe), a mellora da rede viaria municipal, o aforro enerxético no alumeadado público e a renovación dos parques infantís Rosalía de Castro e Félix Rodríguez de la Fuente.

Santos réunese coa conselleira de Vivenda



O Concello de Friol, por medio do seu alcalde, José Ángel Santos, vén de manter unha importante reunión coa Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, co obxectivo de avanzar en diversos proxectos que “marcarán un antes e un despois para o municipio”.

Durante o encontro, abordáronse distintas alternativas de desenvolvemento que, segundo se anunciou, converterán a Friol en protagonista de novas iniciativas “que impulsarán a súa modernización e mellorarán a calidade de vida da veciñanza”.

Dende o Concello, Santos subliñou a importancia de manter este tipo de diálogo institucional para garantir que Friol continúe avanzando no

ámbito urbanístico, social e económico.

Os proxectos previstos inclúen a mellora de infraestruturas viarias, actuacións en materia de vivenda e novas alternativas para favorecer o asentamento de poboación e o crecemento económico local. Esta iniciativa forma parte dun plan estratéxico “que pretende dinamizar a vida municipal e xerar oportunidades para todos os habitantes”. As autoridades locais destacaron o seu compromiso en seguir traballando para que Friol se converta nun referente en desenvolvemento sostible e modernización, agradecendo á Xunta de Galicia a súa colaboración activa e o seu apoio a este tipo de proxectos estratéxicos.

San Paio de Narla abre a mostra sobre a vida das mulleres no inicio do século XX

Abriu en San Paio de Narla a mostra *Soterradas: vidas e historias. As mulleres*: Walter Ebeling, que recrea algunhas das fotografías realizadas polo lingüista alemán na provincia de Lugo entre 1928 e 1933.

Do amplo arquivo do investigador, a mostra céntrase na reconstrución de escenas protagonizadas por mulleres, poñendo en relevo o seu traballo no campo e nas tarefas domésticas. A recreación presta especial atención á vestimenta, empregando prendas orixinais de distintos puntos da xeografía lucense recollidas ou recreadas pola asociación Sete Espadelas, que reflicten a evolución da vestimenta tradicional coa incorporación dos primeiros tecidos industriais ou as diferenzas no vestir segundo as clases sociais.

No acto de inauguración, cunha visita guiada por José Luis Rodríguez e David Quiñones, de Sete Espadelas, a deputada de Cultura Iria Castro valorou “a continuidade do traballo da Rede Museística por visibilizar e contar a nosa historia poñendo o foco nas vidas das mulleres”.

A mostra complétase con intervencións no Museo Provincial de Lugo e no Pazo de Tor, que tamén contan con escenas recreadas con vestimenta tradicional. Pódense ver ata o 30 de maio.

castro de rei

A Xunta investirá en obras de mellora na residencia de maiores

A Xunta de Galicia anunciou a próxima licitación das obras de mellora e mantemento da residencia de maiores Castro de Ribeiras de Lea, situada no municipio de Castro de Rei. O Executivo autonómico destinará preto de 312.000 euros para renovar o sistema de canalización de auga quente sanitaria e retorno deste edificio, que conta cun total de 172 prazas públicas.

Ademais da renovación das tubaxes de auga, a intervención incluírá outras actuacións de mellora, como a substitución dos desaugadoiros da cociña, a colocación dunha segunda bomba de achique, a suxeición de parte do muro cortina na segunda planta e o arranxo de danos no revestimento de tres zonas do edificio. O prazo de execución previsto para estas actuacións será de catro me-



ses.

Para minimizar o impacto no funcionamento habitual do centro, os traballos planificaranse en coordinación coa Dirección da residencia e levaranse a cabo en zonas ocupadas e de uso continuo, realizando as obras en horarios limitados para non interferir no día a día do centro.

Estas melloras están financiadas a

través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e forman parte do Programa de melloras dos centros de maiores da rede pública autonómica. En febreiro, a Xunta xa licitou obras similares na residencia de maiores Volta do Castro, en Santiago de Compostela, cun investimento de máis de 200.000 euros.

O alcalde reúnese con Arias para falar de novos investimentos

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha reunión de traballo co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, que serviu para analizar as principais necesidades do municipio naqueles ámbitos que son competencia da Administración autonómica e para avanzar en posibles colaboracións.

Na xuntanza referíronse ademais a recentes investimentos do Goberno galego no concello chairego, como os máis de 107.000 euros que se destinaron o pasado ano a acometer diferentes melloras nos centros educativos CEIP Veleiro Do Campo, CEIP Ramón Falcón e IES Terra Chá; os máis de 27.000 euros para mellorar e ampliar o parque infantil da



Praza Maior da localidade; ou os preto de 80.000 euros ao abeiro do Plan Marco 2023-2024 da Consellería de Medio Rural, que permitiron acondicionar vías municipais de acceso aos lugares de Vacariza, Barxa e Carballosa.

Arias trasladoulle ao rexedor de Castro de Rei a vontade da Xunta de seguir traballando de xeito conxunto co Concello no desenvolvemento de iniciativas que permitan seguir mellorando o benestar dos veciños e veciñas do municipio.

Ponte de Outeiro prepárase para unha nova edición da Festa da Troita o día 12

O vindeiro sábado 12 de abril, a localidade de Ponte de Outeiro, en Castro de Rei, acollerá a 10ª edición da Festa da Troita. A celebración comezará ás 14:00 horas cunha sesión vermú, seguida dun xantar popular e unha sobremesa amenizada polo dúo EPO-K a partir das 18:00 horas. Pola noite, a partir das 22:30 horas, a festa continuará cunha verbena a cargo da orquestra Fanía Blanco

Show e, ás 00:30 horas, a actuación de Eventec Cosmedeejay. Ademais da música e da gastronomía, a festa contará cun Concurso de Pesca nas modalidades de lance, cebo e mosca. O venres 11 de abril terá lugar o sorteo de dorsais, mentres que o sábado 12 será a competición, que comezará ás 07:30 horas coa concentración dos pescadores. O concurso desenvolverase entre as

09:00 e as 13:00 horas, seguido dun xantar de irmandade ás 15:00 horas. A entrega de trofeos será ás 17:30 horas, e para rematar, haberá xogos populares. Para aqueles que desexen participar no xantar, o menú inclúe xamón cocido, polbo, churrasco mixto con criollo, postre, café e licor. O prezo é de 30 euros para adultos, 15 euros para nenos de 7 a 11 anos e gratis para menores de 6 anos.



JRoca
INMOBILIARIA



ROCA & PRADO
ABOGADOS

Campelos, Vilalba
Finca rústica | 7 Dorm | 2 Baños | 380m² 340.000€
En la parroquia de Carballido, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda rústica, de unos 380 metros cuadrados, repartidos en dos plantas y bajo cubierta. Ideal para casa de turismo rural, se encuentra cerca del camino de Santiago. En la planta baja está la cocina, la sala, un baño y el garaje; en la planta primera, hay siete habitaciones y un baño y el bajo cubierta tiene unos 80 metros cuadrados corridos. A mayores, en la finca hay un alpendre de unos 86 metros cuadrados y un hórreo.

Calle de Galicia, Vilalba
Piso | 2 Dorm | 1 Baño | 58m² 60.000€
En Vilalba (Lugo), se vende apartamento céntrico, todo amueblado, de dos habitaciones, cocina-salón y un baño. Dispone de calefacción, ascensor y tiene un trastero y una plaza de garaje en el mismo edificio. En los alrededores de la vivienda hay toda clase de servicios.

Penelas, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 288m² 50.000€
Se vende solar de 8 metros de frente a la calle Penelas y ocho metros de frente a la Travesía del Chalet de Crespo en la parte trasera. Su edificabilidad es bajo y tres alturas, con un mínimo de bajo y dos alturas.

Plaza Coronel Pena, Vilalba
Casa / Chalet independiente | 10 Dorm | 2 Baños | 369m² 230.000€
Casa antigua blasonada, de piedra, con balconada, en el casco histórico de Vilalba (al lado de la plaza de Santa María y del Parador de Turismo), de 369,10 metros construidos, con fachada a la C) Concepción Arenal y jardín contiguo a la misma de 74 metros (cerrado con verja), que da a la Plaza del Coronel Pena. La parte destinada a vivienda de la casa ha sido reformada recientemente. Consta de dos salones, uno de ellos con chimenea, ocho habitaciones, 2 cuartos de baño, cocina, desván y amplio sótano. La casa se encuentra en el camino de Santiago, reuniendo las condiciones para montar algún negocio de hostelería y restauración.

Plaza San Juan 1, Vilalba
Local | 100m² 5.000€
Se vende bajocubierta en edificio sito en Travesía de San Juan en Vilalba, existiendo posibilidad de dividirlo en varios trasteros sin mucha dificultad.

Calle de Galicia, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 98m² 97.000€
En Vilalba (Lugo), se ofrece en venta un piso céntrico, de tres habitaciones y sala, dos baños (uno con bañera y otro con ducha), y cocina equipada. Dispone de calefacción, ascensor y una plaza de garaje. A mayores, si se precisa un piso mas grande, es posible comprar la vivienda que está al lado y que está disponible. La cual tiene una superficie de unos 89 metros cuadrados construidos. Es decir, se puede tener un piso de más de 190 metros cuadrados construidos con dos plazas de garaje. Siendo el precio de los dos pisos, si se compran conjuntamente, 150.000 €.

Plácido Peña, Vilalba
Dúplex | 6 Dorm | 5 Baños | 1450m² 225.000€
En Vilalba (Lugo), se vende dúplex céntrico y muy amplio, que está distribuido en dos plantas. En la primera está la cocina, con una amplia despensa, sala, dos habitaciones y dos baños y en la segunda está una sala de juegos, la lavandería, cuatro habitaciones y tres baños. El piso se vende con un trastero y una plaza de garaje. Existe la posibilidad de que se venda una segunda plaza de garaje. En el edificio donde esta situado, la comunidad tiene aprobado y se hará próximamente, el bajar el ascensor a cota cero.

Calle Mondoñedo 15, Vilalba
Casa / Chalet adosado | 5 Dorm | 2 Baños | 166m² 84.000€
En Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar adosada, de cinco habitaciones y sala, dos baños, cocina y dos trasteros. Dispone de calefacción de gasoil. La casa, además de la entrada principal, dispone de otra entrada por detrás.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720
www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Os premios Moncho Valcarce distinguirán a Margarita Ledo Andiñ

Como todos os anos, despois de 22 edicións, o próximo 10 de maio se vai celebrar na cidade da Coruña a entrega dos Premios Moncho Valcarce.

Xa é unha tradición a súa celebración por estas datas. Un premio que co paso dos anos son unha cita obrigada para homenaxear a aquelas persoas, colectivos ou entidades cunha traxectoria contrastada que destacaran na defensa dos máis desfavorecidos, na defensa do idioma, da cultura e da identidade galega.

Este ano a entidade promotora – Irmandade Moncho Valcarce – vén de concederlle o Premio Moncho Valcarce na categoría Pola Promoción da Terra a Margarita Ledo Andiñ, escritora, xornalista, decana da facultade de Ciencias da Información onde exerce na actualidade como catedrática de comunicación audiovisual, académica numeraria da Real Academia Galega, Premio Nacional de cine e audiovisual, Premio Nacional da Cultura Galega, fundadora e directora do semanario A Nosa Terra, directora de cine e activista social e cultural.

En canto o Premio Moncho Valcarce na categoría Pola Defensa da Terra recaeu na Plataforma veciñal mina Touro-O Pino NON, entidade que leva dende o ano 2017 liderando a loita contra a reapertura da mina a ceo aberto para a extracción de cobre.

Ao igual que no seu día os veciños das Encrobas, Baldaio, Xove, Cuota



Empresarial e na actualidade os organizados contra Altri ou os eólicos, a Plataforma de Touro lidera a loita para que non lles quiten as terras, a auga, o aire, os mananciais, contra os efectos prexudiciais en sectores produtivos como o agro, o gandeiro ou o marisqueiro, ou os riscos para a saúde e a degradación do medio ambiente.

Deste xeito únense a un grupo de 40 Premiados, entre os que podemos mencionar a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, asociacións anti-encoros, Preescolar na casa, Museo do Pobo Galego, Isaac Díaz Pardo, Avelino Pousa Antelo, Chao Rego, Real Academia Galega, Manuel Caamaño, Mesa pola Normalización Lingüística, Camilo Nogueira, Xosé Manuel Beiras, A Quenlla, Asociación Cultural Alexandre Bóveda ou Manuel Monge.

Os premios serán entregados nun acto programado para o vindeiro 10 de maio nun xantar a celebrar en Alvedro (A Coruña).

Acruga logra un prezo de 3.640 euros na poxa de xatas de Pedrafita

A Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega celebrou en Pedrafita do Cebreiro a súa terceira poxa do ano, despois das realizadas en Becerreá e Boimorto, con excelentes resultados, tanto de cotizacións como de asistencia, que permitiron lograr un prezo medio de 3.640 euros.

Poxáronse cinco xatas, todas preñadas menos unha, que se presentaba á poxa coa súa cría de menos pouco máis de 15 días. Partiron cun prezo de saída de 2.300 euros, salvo o lote da vaca parida coa súa cría, cuxa poxa comezou en 2.800 euros. O prezo subiu ata os 3.600 euros nesta poxa, mentres que os

outros catro exemplares adxudicáronse en 3.300, 3.900, 3.300 e 4.100 euros.

Estes animais, procedentes do centro de recría da Granja Gayoso Castro, dependente da Deputación de Lugo, trasladáranse agora a ganderías de Baralla, Chantada, O Pino e Lánacara. A unha explotación deste municipio irá parar a xata que alcanzou a maior cotización, subindo dos 2.300 euros aos 4.100 con que se pechou a poxa. Hai que ter en conta que na poxa de Pedrafita do pasado ano, que finalizou tamén cun bo balance, o prezo medio foi de 2.758 euros e a cotización máis alta foi de 3.150 euros.

Acondicionarán unha ruta de sendeirismo no Camiño Rexio

O Concello de Castro de Rei impulsará a creación dunha nova ruta de sendeirismo, denominada Camiño Rexio, que seguirá o trazado da antiga vía rexía do norte ao seu paso polo municipio. O proxecto busca poñer en valor este camiño de peregrinación cara a Santiago, así como os numerosos bens patrimoniais que se atopan ao longo do seu percorrido.

O itinerario, de 13,28 quilómetros de lonxitude, discurrirá dende o lugar de Reguntilla ata a igrexa de Santa María de Duancos, atravesando tanto zonas de produción agrícola e gandeira como terreos de orografía máis complexa con montes veciñais ou privados. A ruta manterase, na súa maior parte, sobre camiños históricos asfaltados, polo que o proxecto centrarase na mellora da seguridade para os viandantes e na correcta sinalización dos puntos máis relevantes do trazado.

Para garantir a accesibilidade e comprensión da ruta, levaranse a cabo diferentes intervencións, como a adecuación de camiños municipais para uso peonil, incluíndo a limpeza de sendeiros en desuso e a recuperación de tramos tradicionais; ou a sinalización da ruta mediante frechas de localización en cruces e des-



víos, así como paneis informativos sobre a historia e o valor patrimonial do percorrido.

Tamén está prevista a colocación dun panel identificativo no inicio da ruta, con información detallada do trazado, o perfil altimétrico e outros datos de interese para os sendeiristas; e a restauración de paredes tradicionais en tres puntos do camiño municipal, contribuíndo á recuperación do patrimonio.

A ruta atravesará o municipio de nordeste a sueste, aproximándose ao límite co Concello de Pol, desde onde procede a antiga vía de peregrinación, e finalizando no límite co Concello de Lugo. Para facilitar o acceso e a seguridade dos camiñan-

tes, estableceranse puntos de inicio e finalización en lugares estratéxicos con zonas de estacionamento.

A iniciativa contará cun orzamento de 36.300 euros, financiado integramente pola Axencia de Turismo de Galicia. Esta achega cubrirá tanto os traballos de recuperación e sinalización da ruta como a elaboración dos contidos informativos para os paneis que se distribuirán ao longo do percorrido.

Con este proxecto, o Concello de Castro de Rei busca potenciar o turismo patrimonial e revalorizar o seu legado histórico, promovendo ao mesmo tempo o uso e goce do entorno natural e cultural por parte de veciños e visitantes.

A Xunta autoriza a ampliación da biblioteca do IES Terra Chá

A Consellería de Educación vén de licitar por máis de 142.000 euros a ampliación da biblioteca e da aula de Agrícola do Instituto IES da Terra Chá, José Traperó Pardo, en Castro de Rei. O prazo de execución da actuación é de tres meses, unha se vez se adxudique e se formalice o contrato.

As obras enmárcanse no Plan de nova arquitectura pedagóxica, a folia de ruta da Xunta para impulsar a modernización dos centros educativos galegos, incrementar a súa eficiencia enerxética e mellorar o benestar diario da comunidade educativa. Ao seu abeiro está tamén comprometida a obra de rehabilitación do Collexio CEIP Veleiro-Docampo.

Os espazos están situados na planta baixa do edificio principal e na antiga casa do conserxe, separados por un corredor exterior cuberto. O obxectivo da actuación é ampliar a biblioteca ocupando esa zona exterior, para o que se demolerá os muros que separan as dúas zonas, habilitando unha cuberta que una os dous bloques e abrindo dúas novas portas ao



exterior, unha para cada un dos espazos. Na casa da conserxe, que na actualidade ten uso de aula de Agrícola dos ciclos de FP, conservarase un dos aseos suprimindo a bañeira, mentres que se o outro se anulará e formará parte da aula como zona de lavado de material.

A actuación completárase coa instalación de novos falsos teitos, renovación das instalacións de electricidade, iluminación, fontanería, saneamento e calefacción en toda a zona afectada polas obras. Ademais, mellorarase a accesibilidade mediante a execución de dúas ramplas, cambiarase o pavimento e pintaranse os paramentos.

O CD Castro organiza un novo campionato de tute o día 12

O sábado 12 de abril celebrábase en Castro de Rei unha nova edición do Campionato de Tute CD Castro, unha cita agardada polos afeccionados ás cartas e que promete unha tarde de competición e bo ambiente.

O torneo, que terá lugar a partir das 16:00 horas “en fronte do Polbo” (antiga biblioteca), está limitado a un máximo de 32 parellas. A inscrición custa 100 puntos por parella, e os interesados poden anotarse nos teléfonos 627 90 36 92 ou 620 54 33 55.

A competición estará dividida en dúas fases: unha fase de gañadores e outra de repesca, ambas con atractivos premios. Na fase principal, os catro primeiros clasificados recibirán 900, 300, 200 e 100 puntos respectivamente. Na fase de repesca, os premios serán de 300 e 200 puntos para os dous primeiros, mentres que o terceiro e o cuarto levarán lotes de produtos.

E como non podía faltar, durante o torneo haberá “pinchos a esgalla”, con comida para todos os participantes e asistente. Dende a organización lembran que os premios poderán adaptarse no caso de que non se completen as parellas previstas.

Os 50 anos do CEIP Ramón Falcón

Este centro educativo da Terra Chá celebrará o próximo 31 de maio o medio século de historia cun programa de actos no que toman protagonismo as lembranzas pero tamén os proxectos de futuro

O 31 de maio será unha data moi especial para a comunidade educativa do CEIP Ramón Falcón de Castro de Rei, que celebra o seu 50 aniversario. Medio século de vida escolar que será homenaxeado cun programa festivo e emotivo, cargado de simbolismo, memoria e ilusión polo futuro. A celebración comezará ao redor das 12:00 horas, cando o centro abrirá as súas portas a todas as persoas que queiran visitarlo e reencontrarse cos corredores, aulas e espazos que marcaron a súa infancia. A visita non será guiada, pero o equipo docente estará presente para resolver dúbidas e acompañar aos antigos alumnos e visitantes.

A partir das 13:30 horas, a festa continuará cunha sesión vermú, que dará paso á comida popular. Pola tarde, os máis pequenos e maiores poderán gozar de animación infantil e música con monitores, así como doutras sorpresas, entre as que destacan sorteos de lotes doados por comercios locais que quixeron colaborar na celebración, ben con aportacións económicas ou materiais. Este 50 aniversario chega nun momento cheo de reflexión sobre o camiño percorrido. O CEIP Ramón Falcón foi, noutro tempo, un centro que chegou a acoller preto de 800 alumnos. Na actualidade, o número descendeu ata os 59 escolares, un reflexo dos cambios demográficos no rural galego e das reestruturacións educativas. A súa creación coincidiu co peche de moitas escolas unitarias da contorna, centralizando a oferta educativa no centro. Non obstante, a posterior apertura doutros colexios, como o de Muimenta en 1991, e a reorganización do sistema educativo co paso de EXB a Primaria, fixeron minguar a matrícula.



SITUACIÓN ACTUAL. O colexio conta actualmente coas etapas de educación infantil e primaria, aínda que, por mor do número reducido de alumnado, existen aulas mixtas, como as de cuarto e quinto de infantil ou terceiro e cuarto de primaria. A previsión para o vindeiro curso é poder desdobrar algunhas delas, sempre pendentes da evolución demográfica. A directora do centro, María Toirán, que leva sete anos traballando nel —cinco como responsable—, sinala que durante ese tempo se pasou de 89 a 59 alumnos, unha baixada notable que marca o pulso do presente e do futuro do colexio. Aínda así, o centro non perde nin o alento nin as gañas. O próximo ano está previsto que entren máis nenos dos que se van. Ademais, son dez docentes de centro e tres itinerantes, cun claustro novo, activo e moi implicado. Moitos dos profes veñen de Lugo ou Vilalba, aínda que algúns pertencían á zona. A comunidade educativa traballa man a man coas familias, creando un clima de con-

fianza e colaboración continua. A ANPA, encabezada por Ana, desempeña un papel clave, coorganizando esta celebración dos 50 anos. O CEIP Ramón Falcón aposta por unha educación baseada na convivencia, a participación e os proxectos vivos. Todos os anos artículase un proxecto de centro que orienta as actividades complementarias e extraescolares. Este curso, por exemplo, o tema é o universo, co que se fixeron disfraces para o entroido, se decorou a biblioteca e se organizaron saídas como a do Planetario da Coruña. O apoio do Concello tamén é fundamental, tanto a nivel loxístico como económico, facilitando a realización destas saídas educativas.

PROXECTOS DE FUTURO. En canto a proxectos de futuro, o centro participa no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, con iniciativas como Radio na Biblio, Biblioteca Creativa ou o club de lectura. Ademais, o profesorado está implicado en dous proxec-

tos de formación permanente, un centrado en matemáticas manipulativas e outro en polos creativos. Tamén desenvolven un plan de vida saudable e deporte. Pero non todo é celebración. A dirección do centro tamén sinala as carencias estruturais dun edificio que cumpre agora medio século. A accesibilidade é unha das principais preocupacións: o colexio só conta con rampas exteriores e non é viable, segundo os informes técnicos, instalar un ascensor. Tamén se observa con preocupación a posible perda de profesorado ligada á caída do número de alumnos, o que podería dificultar que o alumnado do rural teña as mesmas oportunidades que os das zonas urbanas. Así e todo, o colexio segue adiante, coa forza de toda unha comunidade comprometida coa educación, a ilusión dos máis pequenos e o traballo incansable dun equipo docente que, nestes 50 anos de historia, non perdeu nunca a súa razón de ser: ensinar, acompañar e medrar xuntos.

O museo de Viladonga contará con exposicións e actividades

Os museos da Xunta programan este ano un total de 60 exposicións que se complementan con máis de 160 actividades “para todos os públicos e intereses”. Así o anunciou o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, que, xunto co director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, deu conta dun calendario de propostas que abarca 11 centros museísticos xestionados directamente polo Goberno galego e estendidos polas catro provincias. Neste sentido, o representante do Executivo autonómico resaltou que estes equipamentos “continúan consolidándose como grandes xeradores de cultura na Comunidade cunha programación diversa e de calidade”, ademais de lembrar que esta axenda segue a liña da Lei de cultura inclusiva e accesible, que ten por obxectivo eliminar todo tipo de barreiras, xa sexan físicas, territoriais ou de calquera outra índole, achegando a cultura a toda a poboación.

En Lugo destaca a intensa actividade do Museo do Castro de Viladonga, localizado no concello de Castro de Rei. Así, na vertente expositiva ofrece a oportunidade de coñecer materiais arqueolóxicos relacionados coa metalurxia do ferro coa produción do ferro na antigüidade. Unha achega desde Viladonga, e celebra os 25 anos da declaración da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade con outra mostra.

Para destacar todo o seu potencial, este enclave programa unha serie de talleres tanto para escolares como para adultos ou para gozar en familia e con moi diferentes eixos. Así mesmo, tamén celebra varias efemérides como as Letras Galegas ou o Día Internacional dos Museos.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

Muras

A unha oposición formada por PP e PSOE incorporouse unha nova voz cun concelleiro que deixou o Partido Popular



DATOS
HABITANTES: 600.
PARROQUIAS: 19.
EXTENSIÓN: 164 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Vilalba.
CORPORACIÓN: 3 concelleiros do BNG, 2 do PP, 1 do PSOE e 1 non adscrito.
ALCALDE: Manuel Requeijo Arnejo do BNG.
VOCEIRA PP: María Eugenia Requeijo Chao.
VOCEIRA PSOE: María Jennifer Gómez Galego.
CONCELLEIRO NON ADSCRITO: Julio Díaz Díaz.

PP

Unha diferenza mínima de votos marcou a diferenza entre o PP e o BNG, partido que goberna en minoría. Aínda que obtivo tres concelleiros, agora quedou con dous xa que Julio Díaz deixou a disciplina popular para seguir como non adscrito. Á fonte do PP está Eugenia Requeijo, que se presentou por primeira vez en 2029, cando foi nomeada voceira do partido. Trala renovación en 2022, foi reelixida. A política venlle a Eugenia de sempre, xa que o seu pai, Danilo Requeijo, foi concelleiro e voceiro do PP en muras.

Define a súa función como oposición para “controlar as accións do goberno e para que os veciños coñezan tamén a parte que o equipo de goberno non conta. Tamén temos unha función propositiva”.

Afirma que ademais das mocións, rogos e preguntas, “se é necesario, tamén falamos en persoa co equipo de goberno, como fixemos nalgúns temas que son de interese para Muras. Creo que defendemos o que nos pide a xente ofrecendo cercanía e humildade”.

Como nai e traballadora que é, a política supón tamén “un importante esforzo á hora de conciliar a vida familiar, laboral e a actividade política a maiores porque esta supón moitas horas para estudar papeis, informarse de temas, preparar os temas que se defenden nos plenos, asistencia aos plenos e comisións, reunións... Todo isto sen ningún tipo de recurso,



pero todo o facemos para tratar que Muras mellore”. Resume como o seu principal obxectivo, “traballar para ter máis servizos e mellorar a calidade de vida dos veciños do noso pobo. Coñezo ben o noso concello e as nosas necesidades e o que me preocupa é buscar alternativas para defender a nosa terra”, o que transmite nun programa no que “centrado e na mellora do día a día dos nosos maiores, a creación de postos de traballo, a construción de vivendas sociais, a dotación de solo industrial, fomentar o turismo rural e outras medidas para facer que Muras sexa un concello atractivo para vivir e traballar”.

NON ADSCRITO

Julio Díaz Díaz vai en solitario desde hai uns meses, cando decidiu deixar a liña do Partido Popular “por discrepancias internas”. A súa saída xerou conflito pero el asegura “que non teño ningún pacto co equipo de goberno, tal e como están a estender entre a veciñanza membros do meu anterior partido, pido prudencia coas declaracións que se fagan e non crear bulos”. Integrado como non adscrito continúa o seu traballo na oposición, traballo que se iniciou en 2023 cando se integrou na lista popular. O seu obxectivo principal está en “sacar ao pobo deste letargo político no que leva sumido dende fai anos, porque vemos que se están desaproveitando os diversos potenciais que ten Muras, estamos nun lugar privilexiado pola situación xeográfica e é unha mágoa que os nosos dirixentes non teñan unha visión de futuro, tanto en tema de industria como en turismo ou potenciar o sector agrogandeiro”.

Para el, a política ten unha gratificación, que é “sentir o agradecemento e a confianza da xente, iso é o que me mantén en política”. Asegura que é “apaixonante” e que amosou un grao de compromiso ao pedir unha excedencia do posto de traballo “para seguir na acta de concelleiro”. Ten claro que a súa función está en “facen unha oposición con transpa-

rencia, mirando sempre polo colectivo, facer críticas construtivas e ser a voz da veciñanza nos plenos”. Entre as súas preocupacións máis inmediatas está “recuperar e dispor dunha oficina bancaria a cal se cerrou fai anos, loitar por atraer poboación e que o colexio se manteña aberto xa que a xuventude e o presente e futuro, e, por último, dispor dun maior orzamento municipal para a atención aos nosos maiores, recuperando tamén a casa da terceira idade que este goberno do BNG pechou, porque queremos ser pioneiros en todo e a día de hoxe temos veciños que non dispoñen de alumeado público e os accesos a moitas vivendas e explotacións gandeiras están en estado lamentable”.

Con esta nova posición, o concelleiro tende man “tanto á oposición como ao equipo de goberno, porque xa o di a Constitución, que todos os partidos son instrumentos para a participación política, todos sumamos, todos achegamos e temos que tentar entendernos e convivir”

PSOE

Debutou tamén 2023 Jennifer Gómez, que se presentou como candidata á Alcaldía a proposta do partido, “quizais a falta de tempo para poder pensalo foi o que me levou a aceptar a proposta”. Afirmar categoricamente que o seu obxectivo

político “nace en Muras e vai morrer en Muras, so teño o obxectivo de poder servir o meu pobo no que decidín vivir e poder axudar os meus veciños en maior ou menor medida. En non busco publicidade nin beneficio propio porque eu vivo en Muras, non veño vivir de Muras”. Cre que o papel da oposición está en colaboración co goberno local, achegando ideas, proxectos e sobre todo trasladar as necesidades dos veciños e do seu día a día, xa que temos veciños que igual non se senten cómodos ou representados.

Nesta liña, cre necesarias para Muras “ cousas moi sinxelas como poder dar servizo porta a porta os veciños, se nós estivésemos no goberno trataríamos de facer visitas continuas aos nosos veciños para ver que necesidades teñen no seu día a día, fixémoslo na campaña e outra vez despois da mesma e non piden nada imposible, luz pública, arranxo de camiños e carreteras e vida social entre os murenses, colaboración real coas asociacións e saídas dos veciños como se facían antes”.

Tamén bota en falta Jennifer “unha gran carencia dende o goberno municipal á hora de axudar os nosos veciños nas xestións administrativas e burocráticas do día a día que cada vez son máis tediosas e os nosos maiores que son a maioría no Concello lles costa cada vez máis, así como poder facilitar os desprazamentos para facer esas xestións. Nun pobo con poucos habitantes isto non pode supoñer un problema”.

Reclama “a falta de alumeado público para poder pasear cos nosos fillos polo pobo, a falta de mantemento das beirarrúas de acceso e incluso da propia área recreativa como son as gradas do campo de fútbol, onde os nosos pequenos tamén quedan para pasar un ratiño polas tardes, entre outras moitas cousas”.

Afirma que “os veciños acoden a nós con pequenas cousas nas que queren que lles votemos unha man, a pena é que cando o fan e porque dende o equipo de goberno non lles están dando solución”.



Aumenta a contía das axudas da luz para o consumo doméstico

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, anunciou que este ano subirá ata 700 euros a retribución máxima das axudas da luz para particulares, unha nova subida no camiño imposto polo Concello para chegar ao gasto cero para a veciñanza.

Requeijo indicou que se está traballando na redacción das bases da convocatoria das axudas deste ano, que abrirán a quenda de solicitude nunha data próxima, posiblemente o próximo mes, sen ter que pasar polo requisito de aprobarse en Pleno. Avanzou o alcalde que esta nova convocatoria ofrece unha liña continuísta coas axudas outorgadas o ano anterior. Así haberá de novo dúas li-



ñas, unha destinada aos autónomos, pequenas empresas ou explotacións agropecuarias radicadas no municipio, para subvencionarlles tamén o pago da factura da luz, cunha contía fixa de ata 1.500 euros. Ademais, mantense a liña de sempre dirixida a subvencionar os gastos

domésticos aínda que nesta ocasión chegará ata os 700 euros para cada familia. Para chegar á máxima contía o tope en fogares será con rendas inferiores a 15.000 euros.

“Facemos un esforzo importante por subvencionar ás empresas e polo de pronto só subirán as de gasto doméstico, porque a nosa intención é que podamos chegar ata cubrir o custo total do gasto enerxético”, explicou. Estas novas axudas cobren os gastos do ano 2024.

Requeijo manifestou que “estas axudas supoñen unha axuda importante xa que por exemplo para un negocio pode supoñer a axuda o custo de dous meses de electricidade”.

O Concello habilitará de novo este mes un cargadoiro para a venda de poldros

Despois do éxito da xornada inicial, o Concello de Muras, en colaboración coa Asociación de Criadores de Gando Equino ACGEMA, habilitará de novo un cargadoiro no recinto habitual da Feira do Poldro na Gañidoira o vindeiro 27 de abril, en horario de mañá. Esta iniciativa enmárcase dentro do programa municipal da Marca Muras e permitirá aos veciños interesados vender os seus poldros para recría a esta asociación.

Todos os animais deberán estar identificados e contar coa documentación correspondente. Para calquera dúbida ou para evitar problemas de loxística, os interesados poden contactar co teléfono 629 678 033.

A Romaxe Artesá da Chaira será o 24 de maio

O Concello de Muras ten previsto celebrar o día 24 de maio a unha nova edición, a novena, da Romaxe Artesá da Chaira, unha festa na que se busca a reivindicación dos oficios tradicionais e sobre todo a dinamización do medio rural como lugar de creación de vida.

A organización xa presentou o cartel, que foi deseñado polos alumnos e alumnas do CEIP Antía Cal da localidade.

O Concello aínda está perfilando a programación, na que figuran moitas das actividades que se celebraron en anos anteriores.

As previsións son que haberá exposición de artesanía, xogos tradicio-



nais, demostracións en directo dos diferentes artesanías, charlas e música. Tamén acostuman facerse obradoiros para adultos e para nenos.

RURALtXA!



Baixo o obxectivo principal de impulsar as actividades tradicionais de montaña vinculadas á conservación dos Hábitats de Interese Comunitario, como motor de desenvolvemento da bioeconomía rural, o proxecto RURALtXA! impartiu en Muras unha das formacións co fin de reforzar a competitividade do sector agrogandeiro ligado á conservación da biodiversidade.

O concelleiro non adscrito Julio Díaz critica o “abandono” de Carelle

O novo concelleiro non adscrito de Muras, Julio Díaz, puxo de relevo o estado de “total abandono” no que se atopa a aldea etnográfica de Carelle, na parroquia do Burgo.

“O lugar languidece como o resto do concello, ante a parsimonia do actual goberno municipal do BNG”, dixo o concelleiro, que engadiu que entre o ano 2011 e 2014 o Concello de Muras investiu uns 2 millóns de euros do canon eólico na compra e no acondicionamento do núcleo, formado por tres agrupacións de 12 casas repartidas en 30 hectáreas de terreo. Entre os traballos realizados figuraba a rehabilitación dun forno, un muíño, un lavadouro, un hórreo e unha forxa.


Díaz afeou ao actual Goberno que desde 2015 “só se encargou de enturbar a posta en marcha da aldea

con idas e vidas ao xulgado sen sacar nada en limpo e causando grandes prexuízos ás arcas municipais.

“O que podería ser un referente no turismo e motor para o pobo, amosa o seu deterioro entre a maleza”, explica acusando ao BNG de mantela pechada. “Aí vese o que loitan e apostan polo rural”, explica.

Engadiu tamén que o alcalde sempre defendeu que mestres estivese o proceso no xulgado non se faría ningunha actuación, “pero estivo destinando unha instalación como cancela durante anos sen estar acondicionada e sen os permisos necesarios”. Asegurou tamén que outra dotación utilizouse para dar cursos.

Julio Díaz pídelo ao alcalde “que se poña a traballar con coherencia” facendo o mantemento da aldea.



Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)

Tel: 982 511 200

SISTALLO - COSPEITO

Tel: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com



Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOs Obrero Doce



Unha petición de man, a anécdota do concurso de gando na Moexmu

A explotación A Lagoa Serabel de Xermade acadou un novo recoñecemento grazas á súa veterana vaca Kergo Ozalid, que resultou gañadora absoluta na XXXIX edición do Concurso de Gando Frisón da Moexmu, celebrada en Muimenta. O certame, que reuniu ao redor dun cento de reses de toda Galicia e outras comunidades, contou co xuízo do asturiano Javier Freije, quen destacou a calidade e condición física da vaca, recoñecida tamén pola mellor ubre do evento. O propietario da vaca, Abel Carballo, expresou a súa satisfacción polo excelente estado do animal e polo resultado obtido, que supón a súa primeira vitoria absoluta nesta feira gandeira. Ademais, o mozo gandeiro de 23 anos que manexaba a vaca, decidiu aproveitar o momento para fincar o xeonllo ante a súa parella, Nerea Iglesia, da Pastoriza e pedirlle matrimonio entre os aplausos do público e as felicitacións dos amigos da parella. Na categoría de vacas tamén foron premiadas outras explotacións como a de O Rubio de Santa Comba e a de Rey de Miñotelo, que levou o título de mellor granxa.

Durante a xornada do sábado tamén tiveron lugar outras competicións como as destinadas a xovencas e novillas, nas que destacou Dani Brahina, elixida como Xovenca Gran Campioa. Houbo representación dunha vintena de ganderías procedentes de Lugo, A Coruña, Pontevedra e Asturias, nun evento que congregou unha importante afluencia de público. Ademais do concurso de gando, a Moexmu ofreceu unha ampla programación complementaria. Máis de cen expositores presentaron innovacións en maquinaria, produtos artesanais e tecnoloxías. Entre as actividades, destacou o Concurso de Xóvenes Manejadores, que contou con categorías infantís e de adultos, e a presentación do libro Leite de vaca por Alfonso Raffin. A feira clausurárase coa tradicional entrega de premios e coa celebración do Monográfico da Raza Can de Palleiro. Os visitantes tamén poderán acceder gratuitamente ao Museo da Zoca e á Escola Vella de Muimenta, pechando así unha fin de semana centrada no sector agrogandeiro e na cultura rural galega. Foto: Transmedia/Vaca Pinta

AXENDA DE ACTIVIDADES

ESCOLA INFANTIL. Xa está aberto o prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso na escola infantil municipal para o curso 2025-2026 e este prolongarase ata o 15 deste mesmo mes. O formulario poderase recoller na escola e, xunto coa documentación requirida, poderá presentarse de forma presencial na oficina de Servizos Sociais do Concello. Para máis información, pódese chamar ao número de teléfono 982 520 001.

MUSICOTERAPIA. O venres 25 de abril, o Centro Médico de Muimenta acollerá un Taller de Musicoterapia, que se desenvolverá de 16:00 a 20:00 horas. Está dirixido á poboación adulta e é gratuíto. As persoas interesadas en participar poden inscribirse na Mercería Teresa ata o 21 de abril. O obxectivo deste taller é previr e mellorar a saúde física e mental a través da música. Buscouse promover tamén o mantemento cognitivo, social, motriz e emocional, logrando benestar e autorrealización persoal entre os participantes. O taller será impartido por Damián Cairo Touriño, profesor de música na Coruña.

“Un obxectivo? Aprender a facer filloas cadradas!”

Denís Gómez Feal será o pregoeiro desta edición da Festa da Filloa

Denís Gómez Feal será o pregoeiro este ano da Festa da Filloa de Muimenta, que terá lugar, como sempre, o 1 de maio no recinto ferial Manuel Vila. Esta festa de Interese Turístico Galego está organizada pola veciñanza e é un símbolo de unión en Muimenta. Denís Gómez naceu na Coruña (setembro do 1978). Estudou Dereito na universidade da súa cidade onde comezou a partillar os seus estudos oficiais co teatro universitario. Acabou viaxando a Madrid para poder compaxinalo cos estudos de arte dramático.

Foi aí onde comezaron a saírle os seus primeiros papeis en películas como *Los Lunes al sol* de Fernando León ou series como *El Comisario*. Aos poucos, os traballos no mundo audiovisual foron crescendo en cantidade e importancia e asemade afianzándose tamén sobre as táboas da man da súa compañía Os Naufragos, que comezou a súa actividade en Madrid pero que ten agora a súa sede en Galicia. No 2016 protagonizou para a Galega *O sabor das margaridas*, primeira serie en galego para Netflix que obtivo gran éxito en todo o mundo. Por esta serie, Denís obtivo o seu primeiro nomeamento aos premios Mateo coincidindo tamén coa súa primeira nominación aos Premios María Casares de teatro por Karelú. Traballos como *Código Emperador*, *Serramoura*, *Padre Casares*, *Entre vías* ou *Cuéntame cómo pasó* foron continuándose ate hoxe, cando Denís ten pendente a estrea de tres películas rodadas na terra e unha serie. **Como recibe a petición de ser o pregoeiro da Festa da Filloa?**

Pois con moitísimo orgullo como non podería ser doutro xeito. É toda unha responsabilidade ser cabeza visible dunha festa tan querida en Galicia e faime moitísima ilusión ser parte activa dunha data clave para Muimenta e para toda a Terra Chá. **Que lle une a esta localidade?** Teño grandes amigos que, ou ben son da zona ou ben pasaron longas tempadas da súa vida en Muimenta e arredores. A partir deste ano, o que me vai unir á localidade vai ser moitísimo máis forte e teño pensado seguir vindo a súas festas cada vez que poda. **Adiántenos un pouco cal vai ser o contido do pregón.** Tentarei que sexa un discurso ameno, dinámico e se cadra un pouco emotivo. Non quero aburrir a ninguén, son consciente de que a xente



ven á festa a pasalo ben e a comer aínda mellor.

Que lle parecen este tipo de celebracións gastronómicas?

A comida sempre é un catalizador familiar e amistoso pero en Galicia isto adquire un ton case sagrado. Noutros sitios cando non se ten de que falar, fálase do tempo, cousa que a nós non nos é de todo allea, pero penso que os galegos preferimos falar de comida. E utilízala como excusa para unha celebración, aínda máis.

Naceu na Coruña pero marchou a Madrid para comezar a súa carreira. Aínda así destacan as súas participacións de personaxes que teñen que ver con Galicia ou rodadas aquí. Onde pasa máis tempo agora?

Eu sempre digo que vivo na A6 porque paso a vida subindo e baixando e polo de agora é algo que non me da cansado. Para un actor, Madrid e Galicia compléméntanse moi ben e, dun xeito ou doutro, van necesariamente da man. Aínda que teño que recoñecer que me custa moito non estar cando menos unha vez ao mes en Galicia e iso con Madrid pola contra, non me pasa.

Como ve de saúde o audiovisual galego?

Está nun momento moi bo pero penso que aínda debemos confiar máis no talento galego, tanto artístico como técnico. Moitas veces vemos producións audiovisuais en localizacións galegas feitas con cartos galegos onde os protagonistas non son de aquí ou onde os xefes do equipo técnico tampouco o son. Creo que a produción podería funcionar igual de ben con equipo totalmente local, pero as productoras aínda pensan que ter unha figura de fóra da máis caché. A mín esta idea paréceme un pouco antiga e ademais penso que somos responsables de crear o noso propio star system e o noso propio tecido audiovisual.

Cóntenos un pouco en que está traballando agora.

Veño de facer unha película na Costa Brava con Marion Cotillard, dirixida por Guillaume Canet, o seu home, e onde por certo tamén traballa outro galego, Luis Zahera.

Un obxectivo a longo prazo? Seguir disfrutando con meu traballo, coa miña xente e sobre todo aprender a facer filloas cadradas!

CURSO DE FILLOEIROS



O recinto feiral Manuel Vila foi o escenario dun curso gratuíto de elaboración de filloas, unha actividade que brindou unha oportunidade perfecta para aprender a preparar esta tradicional receita galega. O curso, organizado por Moexmu 2025, estivo aberto a todas as persoas interesadas en coñecer os segredos deste prato típico da gastronomía galega.

A Feira do Ferro presenta o seu programa para o 20 de abril

A XVI Feira da Artesanía do Ferro celebrárase en Riotorto o domingo 20 de abril, reunindo ferreiros procedentes de distintas partes de Galicia, España e Europa. Este evento, cunha fonda tradición, busca poñer en valor este oficio a través de demostracións en vivo, exposicións, música e actividades para todas as idades.

A xornada arrancará ás 11.00 horas coa apertura da feira, onde os ferreiros locais compartirán espazo con outros artesáns e produtores agrícolas. Ás 11.15 horas comezarán as demostracións doutros oficios tradicionais como a olería de Buño, a cestería de Lugo e o torneado de madeira de José Manuel, de Arzúa. Ás 12.00 horas actuará o coro de Riotorto e, pouco despois, ás 12.15 horas, terá lugar a inauguración oficial da feira. O pregón será pronunciado por Benigno Fernández Salgado, profesor de filoloxía galega e fillo de ferreiro, quen destacará a relevancia desta arte tradicional.

Un dos momentos máis esperados da xornada será a demostración en vivo de artesanía do ferro, que dará comezo ás 12.30 horas. Entre os participantes estarán os Ferreiros



de Riotorto: Manuel Alonso (MAF), Agustín Iglesias (FY), José Mario Cabo (JOMACA) e Óscar Villada (AV); tamén estarán presentes outros artesáns como Friedrich Brasmsteidl, un ferreiro austríaco; Alberto Leis, de Santiago de Compostela, e representantes do Centro de Interpretación da Forxa (Forjas Brun-Navarra).

Para o público infantil, ás 12.45 horas terá lugar un taller de forxa dirixido por Friedrich Brasmsteidl. Ao mesmo tempo, a Charanga El Tattoo de Ourense animará o recinto cun espectáculo musical itinerante que incluírá lume e malabares.

Pola tarde, a Charanga El Tattoo re-

gresará ás 16.30 horas para seguir amenizando o evento. Ás 17.00 horas retomaranse as demostracións de oficios tradicionais, incluíndo exhibicións de pirogravado e torneado de madeira.

A clausura do evento será ás 19.00 horas cun espectáculo infantil a cargo de Roberto Lolo no atrio da igrexa. Durante toda a xornada, a música correrá a cargo dos Gaiteiros de Riotorto e da Charanga El Tattoo. O evento disporá dun recinto feiral cuberto baixo carpa e contará cun servizo de degustación de polbo e outras especialidades gastronómicas típicas.



Melloras na estrada LU-P-4404 para reforzar a seguridade viaria

A Deputación de Lugo aprobou a adxudicación das obras de acondicionamento da estrada LU-P-4404, que conecta Riocabo coas Rodrigas por Aldurfe, no municipio de Riotorto. Cun investimento de preto de 190.000 euros, esta actuación busca mellorar a seguridade e accesibilidade da vía, esencial para as comunicacións dentro do concello. Os traballos afectarán un tramo de máis de tres quilómetros, comprendido entre a parroquia de Espasande e o Teixeira, desde os puntos quilométricos 15,000 ao 18,030. As intervencións inclúen a drenaxe da estrada mediante a reapertura e

mellora das cunetas, a repavimentación con aglomerado en quente e a sinalización viaria. Para garantir unha maior visibilidade e seguridade, procederanse ao pintado da vía con marcas reflexivas brancas e á reposición da sinalización vertical. O prazo de execución destas melloras será dun mes desde o inicio dos traballos. Desde a Deputación subliñan que esta actuación responde á necesidade de manter en bo estado as infraestruturas viarias do municipio, garantindo unhas condicións óptimas para a mobilidade da veciñanza e reforzando a seguridade na circulación.

Documentan unhas 250 pezas históricas

A Asociación Para a Promoción Social dos Ferreiros de Riotorto desenvolveu no último ano dúas investigacións que afondan no coñecemento e documentación da tradición do ferro, a través da recollida e catalogación de ferramentas e técnicas do oficio e do estudo da pegada documental do escoiral ao longo do leito do Rego de Ferreiravella.

As investigacións realizáronse co apoio económico da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, no marco da axuda que a Asociación recibe para os seu funcionamento e actividades, de 14.000 euros.

A Asociación reuniu máis de 250

pezas, entre distintos tipos de ferramentas, xunto a documentos antigos e fotografías relacionados co ferro. Entre eles, diversas tipoloxías de fouciños, adaptados a diferentes usos, desde os "calixeiros" para as tarefas máis liviáns na horta ata as fouces ou foucíns de monte, para as xestas e matogueiras, pasando polos foucíns para a sega do cereal.

A recolla de material está coidadosamente estruturada en torno a cada familia/forxa, xa que era común que cada ferreiro mantivese durante décadas os mesmos clientes e unha serie de produtos adaptados aos mesmos. Ferreiravella, O Mazo, Lo-

rigados, Espasande de Arriba e de Abaixo e mesmo As Rodrigas son os lugares principais onde houbo e hai ferreiros e onde a asociación levou adiante esta pesquisa.

O segundo traballo céntrase na recollida de noticias orais e documentación sobre un escoiral situado ao longo do leito do Rego de Ferreiravella, ao que se atribúe unha extensión de máis dun quilómetro. Do xacemento leváronse aos altos fornos de Trubia (Asturias) e Euskadi miles de toneladas das escouras ricas en ferro. Diversos documentos acreditan que os propietarios do terreo percibían 25 pesetas por tonelada métrica.

Impulsan a mellora de varios camiños rurais

A Consellería do Medio Rural destina máis de 400.000 euros á mellora de infraestruturas viarias nos concellos de Riotorto e Mondoñedo dentro dun plan que se desenvolverá entre 2024 e 2026. Estes fondos servirán para acondicionar e renovar camiños municipais, mellorando a conectividade e a accesibilidade das zonas rurais.

A conselleira do Medio Rural, Ma-

ría José Gómez, visitou o avance das obras en Vilar de Santiago, Riotorto, acompañada pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, e os alcaldes de Mondoñedo, Manuel Otero, e Riotorto, Clemente Iglesias.

Durante a visita, destacou que estas actuacións son fundamentais para fomentar o desenvolvemento e a fixación de poboación no rural.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVÍDATE DE TODO Y SABOREA

RACIONES

REVUELTOS DE BARRIL
FRIENDA CEMIZA DE BARRIL

ATA

HAMBURGUESAS
FRESQUIS DE VERDAD
ENSALADAS
PASTAS
CON SALSAS VARIADAS

RAXO

ALCO
PATATAS
COMPARTIR TAPAS

NUESTRA CARTA
PICAR
SABOREAR
TORTILLAS

NUESTROS DELICIOSOS

TAHONA CURRÁS

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062
NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

Formalizada a compra da antiga Cámara Agraria



Formalizouse o mes pasado en Vilalba a compravenda da antiga Cámara Agraria de Xermade por parte do Concello. En representación da Xunta de Galicia asistiu o subdirector xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia, Pablo Viaño Lorenzo e en representación do Concello asinou o alcalde, Roberto García Pernas. O inmoble está situado na avenida de Vilalba nº 6, fronte á Casa Con-

sistorial. Foi valorado pola Xunta de Galicia en 49.092,16 euros, prezo no que se formalizou a compravenda. Con esta adquisición o Concello incrementa o seu patrimonio co fin de regularizar a situación patrimonial deste inmoble, que se atopaba cedido en precario dende o ano 2012 ao chegar ao seu fin a cesión de uso concedida pola Comunidade Autónoma.

Convocado o concurso de creación sobre igualdade

O Concello de Xermade convida a todo o alumnado do CEIP de Xermade a participar na segunda edición do certame de creación artística escrita e gráfica sobre a igualdade. Poderán concorrer ao certame o alumnado matriculado no CEIP Plurilingüe de Xermade durante o curso 2024/2025 e estableceranse para eles tres categorías dependendo da idade. A para o alumnado de Infantil e 1º e 2º de Primaria, a B para os de 3º e 4º de Primaria e a C cos de 5º e 6º de Primaria. O tema do concurso baseará sobre os contos, pero desde unha pers-

pectiva da igualdade de xénero, fomentando a ruptura de estereotipos e transmutando os mitos que contribúen o mantemento de valores patriarcais e o reparto dos roles de xénero. Cada categoría terá unha modalidade, así os máis pequenos teñen que facer un debuxo e os das categorías B e C crear un conto, en lingua galega. A entrega dos traballos será presencial, na Biblioteca, ata o 10 de xuño. Todo o alumnado participante recibirá un vale por 30 euros no momento da entrega do traballo para material escolar.

O Premio Xermade na Historia queda deserto

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, en sesión ordinaria adoptou, entre outros, o acordo de declarar deserto o XI Premio Xermade na historia, ao non presentarse ningún traballo dentro do prazo habilitado ao efecto. A data límite de presentación dos traballos foi o 21 de febreiro. Desde a Asociación de veciñas de Cabreiros, a Universidade de Santia-

go de Compostela, e o Concello de Xermade, organizacións convocantes, “considérase de grande importancia a execución de actividades relacionadas coa cultura, a historia, tradicións no noso municipio, polo que traballaremos pola continuación do premio de investigación sobre Xermade, para potenciar o patrimonio etnográfico e cultural do municipio”.



Xermade participou na Fegamp nun encontro do proxecto CEL Rural

O alcalde do Concello de Xermade, Roberto García Pernas, participou na sede da Fegamp nun encontro informativo da segunda convocatoria de financiamento para comunidades enerxéticas rurais dentro do proxecto CEL Rural. Estivo acompañado do asesor técnico Fernando Pereira e da secretaria-interventora municipal. Na convocatoria do 2024, o concello de Xermade foi seleccionado entre 32 candidaturas presentadas, obtendo unha subvención de 50.000 euros para compra das instalacións fotovoltaicas, despois da constitución formal como asociación da comunidade enerxética, con uns 40 asociados, entre eles o propio concello de Xermade e a Fegamp en calidade de socios institucionais. Participaron no encontro os alcaldes

e alcaldesas de Xermade, Moeche, Dodro, Avión, Negueira de Muñiz e Val do Dubra, ademais de concelleiros, concelleiras e persoal técnico doutra vintena de concellos e de dous GDR (un deles da Terra Chá). O alcalde de Xermade, fixo fincapé nas “posibilidades do rural galego no desenvolvemento das comunidades enerxéticas en proveito dos propios concellos, polo aforro que supoñen e por que aliñan aos concellos coas iniciativas do desenvolvemento sostenible”. Xa pola tarde tivo lugar no salón de actos do CEIP Plurilingüe Xermade a asemblea da Asociación XERando, na que se dou entrada a 21 novos socios e se informou dos proxectos en trámite, entre eles a solicitude de axudas CE-Implementa convocadas pola IDAE.

O parque eólico de Sotavento fará unha repotenciación parcial

A Xunta autorizou a repotenciación parcial do parque eólico de Sotavento, de preto de 18 megavatios nos concellos de Monfero e Xermade. O DOG publicou a resolución da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático pola que se autoriza tanto o desmantelamento de parte das instalacións actuais do parque eólico Sotavento como a construción doutras novas na contorna pasando dun total de 25 aerogeradores a 21. Deste xeito, a empresa promotora desmantelará seis aerogeradores -mantéñense 19-, así como as demais instalacións e infraestruturas correspondentes. En paralelo, restauraranse tanto as canalizacións como os camiños sen uso. A autorización administrativa para proceder á repotenciación do

proxecto Sotavento suporá a instalación de dous novos aerogeradores e dunha liña eléctrica soterrada. Tamén se acometerá un novo vairo de acceso. O futuro parque contará cun investimento total -entre o desmantelamento das instalacións actuais e a execución dos traballos para a repotenciación- de preto de 7,6 millóns de euros de execución. A Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático está a facilitar as repotenciacións voluntarias que melloran a eficiencia dos parques actuais e reducen o seu impacto na paisaxe pois permiten reducir ata un 80% o número de aerogeradores e aumentar un 35% a súa capacidade de produción de enerxía renovable. No último ano, foron autorizados sete.

O Festival de Cine de Roca muda a súa data e abre o prazo de inscrición

A Asociación Cultural Xermolos anuncia a XII edición do Festival de Cine de Roca, que este ano terá lugar do 18 ao 20 de setembro, mudando a súa habitual data de xullo. O certame, que segue a consolidarse como un referente no ámbito audiovisual, abre a convocatoria para a inscrición de curtametraxes a partir do luns 24 de marzo e ata o 11 de agosto. O concurso contará con dúas categorías: unha para curtametraxes galegas e outra para obras internacionais. As producións deberán ter unha duración de entre 3 e 30 minutos. As curtametraxes gañadoras en cada categoría recibirán un premio en metálico de 100 euros, ademais dun trofeo elaborado polo artesan chairego Marcos Ladra. Os detalles sobre os prazos, formatos de presentación e plataformas de inscrición están recollidos no epígrafe 10 das bases do certame. A organización anima a todos os creadores audiovisuais a participar nesta nova edición, que seguirá apostando pola difusión e promoción do cinema independente. O Festival de Cine de Música en Roca é un proxecto cultural organizado na aldea de Roca, no que durante dous días se proxectan películas, documentais e curtametraxes con temática musical, ó aire libre, e co obxectivo de dinamizar a vida cultural da aldea e arredores. Este proxecto naceu arredor da Asociación cultural Xermolos inspirado na Mostra de Cine de Ascaso.

Xa está en marcha o prazo de matrícula na Escola Infantil

O Concello de Guitiriz abriu o martes, 1 de abril, o prazo para efectuar a matrícula para o próximo curso 2025/2026 na Escola Infantil Municipal. Por unha banda, o prazo para renovar praza estará aberto ata o 15 de abril e, pola outra, as novas solicitudes poderán facerse desde o 16 ao 31 deste mesmo mes. En ámbolos dous casos a documentación pódese entregar por sede electrónica ou de xeito presencial, con cita previa. As familias interesadas poderán atopar toda a información e a documentación na páxina web municipal no apartado dedicado á Escola Infantil.

Primeiras confirmacións da Festa da Torta de Millo

O Concello de Guitiriz realizou hoxe o primeiro anuncio da programación da VIII Festa da Torta de Millo de Guitiriz: Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre e A Banda da Loba poñerán a nota musical ao evento, que se celebrará o domingo 1 de xuño.

Xabier Díaz interpretará moitas das cancións do seu sétimo disco, Axúdame a Sentir, acompañado das sobresaíntes Adufeiras de Salitre. Un álbum que reafirma a súa condición como un dos principais expoñentes do folclore galego contemporáneo.

A Banda da Loba, formada por Andrea, Estela, Iria, Marcela e Xiana, inclúe Guitiriz dentro da súa nova xira Lovismo, o seu último traballo no que exploran



e falan sobre o amor e as súas múltiples formas e expresións. Será esta a oitava edición desta festa, na que todos os anos hai tamén talleres, exposicións e xogos populares, aínda que o resto do programa está sen detallar.



A feira de Parga recibe os permisos para volver comercializar aves

A Feira de Parga recibiu o permiso da Xunta para volver comercializar aves no recinto feiral a partir de hoxe, mércores.

Ofreceuse este ditame positivo “de acordo á evolución da situación epidemiolóxica da Influenza Aviar de Alta Patoxenicidade (IAAP) na Unión Europea durante as últimas semanas, así como á actualización semanal da análise de risco de introdución do virus de IAAP a través de aves migratorias no noso país”, tal e como recolle o comunicado que recibiron. Neste mesmo documento recoméndase o uso de aplicar medidas de bioseguridade durante a concentracións de aves.

Os organizadores da Feira de Parga recolleron máis de mil firmas para reclamar que se les permitise de novo a venda de aves no recinto, por estar fóra da zona de restrición e vixilancia.

Un mes atrás a Xunta de Galicia comunicou á organización da Feira de

Parga “de xeito unilateral” que se cancelaba o acordo establecido coa feira no tocante a venda de aves no recinto feiral.

Tras presentar intención de loitar contra esta decisión, unha das principais accións foi a recollida de sinaturas na pasada Feira do Queixo de Friol e Pan de Ousá para reclamar ao Servizo de Sanidade Animal da Xunta de Galicia que podan volver comercializarse estes animais e levantar as restricións nas feiras de Parga e Momán. Nunha primeira estimación xuntáronse 1.160 sinaturas.

Ademais, colocouse unha rede na zona de venda de aves para pechar este recinto e presentar esta medida como unha máis de control ante a Xunta para que lles devolvan os permisos.

Aseguran desde a asociación, que xa estaba cumprindo coas restricións desde xaneiro e que non é certo que exista un avance da gripe aviar.

Rexistradas unhas 3.235 alegacións ao parque eólico de Satrebares

O Concello de Guitiriz rexistrou un total de 3.235 alegacións de particulares ao parque eólico Satrebares, logo de que finalizara o prazo para presentalas o pasado luns, 17 de marzo.

Desde finais do mes de febreiro, a veciñanza tivo á súa disposición, tanto en formato físico como en dixital, un modelo de alegacións elaborado pola consultora contratada polo Concello, así como distintas reunións informativas postas en marcha polo goberno local para resolver dúbidas e achegar axuda profesional aos e as guitiricenses.

Agradecemos o traballo e o esforzo dos servizos municipais para rexis-

trar todas as alegacións recollidas ata o luns 17 de marzo, axudando e orientando á veciñanza en todos os aspectos posibles.

Unha vez realizada esta xestión, na que o Concello de Guitiriz se prestou para ofrecer todas as facilidades, agora toca esperar a que saían as correspondentes resolucións.

A biblioteca celebra o Día do Libro cun concurso literario

O Concello de Guitiriz, a través da Biblioteca Pública Municipal Casa Habanera, conmemorará o Día do Libro coa celebración da V edición do concurso literario Tes un conto... Esta proposta nace da efeméride de que abril é considerado o mes do libro, ao xuntarse o Día do Libro, 23 de abril, co Día do Libro Infantil e Xuvenil, que se conmemorou o pasado día 2.

Esta iniciativa busca participantes do municipio que envíen calquera tipo de relato en galego creado a partir de distintas palabras aleatorias. O prazo para mandalos remata o 11 de maio. Non hai límite de palabras nin de idade.

As persoas interesadas deberán enviar os seus textos ao correo electrónico biblioteca@concelloguitiriz.com indicando o seu nome completo, idade e un teléfono de contacto. Os relatos tamén se poden entregar de xeito presencial na propia biblioteca ou enviar a través de correo postal ao enderezo B.P.M. Casa Habanera, rúa do Concello, nº42, San Xoán de Lagostelle, 27300, Guitiriz.

O PP reclama máis axilidade nas obras da residencia

O voceiro provincial popular, Antonio Ameijide, xunto ao voceiro do PP de Guitiriz, José Manuel López, visitou as obras do futuro centro de atención a maiores de Guitiriz, trala que amosaron a súa preocupación “polo lento avance dos traballos de construción”.

Antonio Ameijide explica que “cada poucas semanas” realizamos unha revisión do avance das obras do centro de atención a maiores de Guitiriz “e vemos que non avanza ao ritmo que nos gustaría no PP e ao ritmo que lle gustaría a todos os veciños do municipio”.

Ante esta situación, Ameijide pide ao goberno provincial “axilidade” nas obras e “que cumpran a palabra dada aos veciños para que se poña en servizo o antes posible”.

A construción da residencia de Guitiriz foi adxudicada en xaneiro de 2023 e máis de dous anos despois continúa aínda en construción.

O Bar Soa foi o gañador do concurso de tapas

O Bar Soa proclamouse gañador do concurso de tapas de Guitiriz deste ano, organizado pola Asociación de Hostalería entre os días 17 e 23 de marzo e que recibiu 289 votos. Situado no corazón da vila termal, xunto á Casa do Concello, este establecemento participa habitualmente no certame gastronómico e nesta edición logrou conquistar o paladar do público coa súa creación: Tartar de tomate sobre tosta con sardiña afumada e perlas de salmón.

O segundo posto foi para Casa Nistal, mentres que o terceiro recaeu en A Capela. Agora, tras esta nova edición organizada pola Aso-

ciación de Hostaleiros de Guitiriz, só queda por celebrarse a entrega de premios, que terá lugar nunha cea, aínda sen data confirmada. Ese mesmo día tamén se recoñecerá aos gañadores do concurso destinado ao público, que debía completar os boletos selando nos diferentes establecementos participantes.

Este ano participaron un total de sete locais, que, ademais dos tres gañadores, foron O Korreo, Xoldra, Iberik Gran Balneario de Guitiriz e La Casilla. Entre os clientes sortearonse tres premios: o primeiro de 800 euros, o segundo de 400 euros e o terceiro de 200 euros.

CENTENARIA



A veciña Isolina Trinidad Paz de Guitiriz celebrou o seu 101 aniversario. Para conmemorar esta data tan significativa, a concelleira de Integración, Promoción e Servizos Sociais, Sofía Sánchez, desprazouse ata a súa casa en O Cal, Trasparga, para felicitala persoalmente. Durante a visita, a concelleira agasallou a Isolina cun ramo de flores e compartiu con ela unha conversa.



Begonte acollerá o III Open de Fútbolín o 17 de maio

Begonte será o escenario do III Open de Fútbolín, que se celebrará o 17 de maio en modalidade parado. O evento contará con inscrición gratuíta e repartirá importantes premios en dúas categorías: Elite e Primeira. Na Elite, os gañadores poderán levar 600 euros e trofeo, mentres que os segundos, terceiros e cuartos clasificados recibirán 300, 150 e 100 euros, respectivamente, ademais de trofeo. Os postos do 5º ao 10º lugar tamén terán recompensas económicas e medallas. Na Primeira, o primeiro clasificado obterá 200 euros e trofeo, seguido de premios de 100, 50 e 30 euros para os seguintes postos. O torneo dará comezo ás 16:00 horas e contará con fútbolíns Presas EVO. Paralelamente, os asistentes poderán desfrutar dun Pack Festa da Xuventude por 15 euros, que inclúe cea, camiseta e bolsa. A festa continuará cunha sesión vermú con orquestras e rematará cunha gran fin de festa con DJ.

O Belén begontino creará un xardín con árbores autóctonas

O profesor Antonio Rigueiro Rodríguez, enxeñeiro de Montes e catedrático Emérito da USC, foi premiado no Certame de Xornalismo de Begonte polo traballo Begonte do Belén e os enfeites vexetais do Nadal. No traballo, aconsellou mellorar a ornamentación vexetal desta instalación evitando especies non autóctonas de Galicia (buxo, ciprés de Lawson ou tulla) e utilizando especies que medran nos montes galegos: acivro ou xardo; xarda, xibarda ou rascacú; érbedo ou morodeiro, e loureiro común. Na conversa co profesor, no Centro impulsor do Belén chegouse á conclusión de que sería moi boa iniciativa (en beneficio do Belén, da natureza e da formación dos rapaces begonteses) crear en Begonte o Xardín do Belén, no que plantar e coidar especies como acivro femia, lourei-

ro, érbedo e xarda femia, para dispor destas plantas sen prexudicar as súas poboacións naturais, acompañadas de outras árbores caducifolias da Terra Chá, como carballos, salgueiros, cerqueiros, castiñeiros ou bidueiros, cuxas políñas, con follas secas ou sen follas, poden tamén ornamentar o Belén, achegando a súa fisonomía á paisaxe da contorna. Ao efecto, vense de celebrar unha reunión no CEIP de Begonte, na que tomaron parte o profesor Antonio Rigueiro; José Ulla, alcalde de Begonte; Eliseo Real, director do Centro, e Xulio Xiz, presidente do Belén. Acordouse levar adiante esta acción, para o que o Concello achegará un terreo inmediato ao colexio, polideportivo e futura escola infantil, realizará os traballos de preparación e delimitación, e facilitará as árbores e plantas que se precisen.



Por parte do CEIP, un grupo de alumnos e alumnas, co impulso e control do profesorado e dirección do centro, coidarán o seu xardín e colaborarán no enfeite vexetal do belén e do seu museo. O profesor Rigueiro dirixirá e asesorará esta acción, comenzando pola selección das árbores a plantar, aproveitando este tempo co fin de que o xardín poida xa achegar material axeitado para a próxima edición do belén.

NOVA REPRODUCCIÓN. A próxima edición do Belén incluírá unha reprodución da Casa-Museo de Víctor Corral, de Baamonde. Situada no alto do pobo, esta alberga no seu interior unha ampla mostra da obra deste

escultor, Fillo Predilecto do Concello de Begonte, en tanto no seu exterior presenta importantes mostras en pedra de singulares traballos deste artista begontés. Unha reprodución desta Casa-Museo, feita polo artista lucense Txomin (Domingo López Rodríguez) incorporárase á xeografía do belén, como un elemento simbólico do concello e unión entre as dúas manifestacións culturais de Begonte. Domingo López Rodríguez, profesional das artes gráficas, comezou a traballar en reproducións de edificios singulares, utilizando cortiza. Con paciencia infinita ten reproducido numerosos monumentos da provincia de Lugo.



Veciños denuncian o mal estado dunha estrada na parroquia de Felmil

Os veciños do barrio de Caraxeita, en Felmil, no concello de Begonte, alertan sobre o “lamentable estado” no que se atopa a estrada que conecta esta zona co cruce da vía que une Rábade e Cospeito. Segundo denuncian, a deterioración da calzada supón un risco tanto para os vehículos que circulan por ela como para os peóns, que sofren as consecuencias das numerosas fochancas e das acumulacións de auga cando chove. A situación foi comunicada ao Concello en varias ocasións, solicitando unha revisión urxente da vía e a súa inmediata reparación. Os afectados

insisten en que é fundamental garantir o bo estado das estradas que cruzan o municipio, “pola seguridade dos que as usamos”. Explica unha veciña afecta que esa vía foi reparada nos tramos nos que hai vivendas pero deixaron sen arranxar un tramo duns dos quilómetros, “polos que a xente circula continuamente, pero que non ten casas, e iso non ten sentido”. Reclaman ao alcalde de Begonte que acudise a manifestarse contra o estado dunha vía en Friol “e non atenda nin solución as vías que ten no seu propio municipio”.

Crean un grupo de apoio para familias de persoas que teñen demencia

O centro de día de Begonte pon en marcha un novo grupo de apoio dirixido ás familias de persoas con demencia da comunidade. Esta iniciativa busca ofrecer orientación, acompañamento e un espazo de encontro para os coidadores e achegados que afrontan esta realidade. O servizo será gratuito e estará a cargo do psicólogo do centro. As sesións terán unha duración de 1 hora

e 30 minutos. Para obter máis información ou inscribirse, as persoas interesadas poden chamar aos teléfonos 687 056 194 ou 982 39 80 04. Unha vez rexistradas, recibirán notificación sobre a data da primeira sesión. A iniciativa pretende dar apoio emocional, ferramentas e recursos ás familias, mellorando así a súa calidade de vida e a das persoas coidadas.

Convocada a VIII edición do concurso Avelino Díaz

Os concellos de Meira e Riotorto veñen de convocar a oitava edición do Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz, aberto a toda a poboación e co obxectivo de lembrar a figura deste representante da cultura na zona. O concurso dividirase en catro categorías de idade, de 3 a 8 anos, de 9 a 12, de 13 a 17 e de 18 en diante. Os máis pequenos só terán categoría de debuxo e os maiores de idade a de poesía e relato curto. Para o resto só será a de poesía. No apartado de debuxo, poderán presentarse obras en formato e temática libre, mais os poemas e o relato curto deberán estar escritos en galego, cunha extensión no segundo caso de entre 1 e 6 folios. Poderán presentarse ata tres exemplares. O prazo de presentación é ata o 17 de maio e o lugar de recollida de traballos é a Asociación Avelino Díaz de Meira. Establécense tres gañadores en cada categoría. Para os máis pequenos os agasallos serán de diplomas, lotes de material escolar ou libros. O gañador na categoría de 9 a 12 anos recibirá un libro electrónico, o da seguinte categoría unha tableta e os adultos terán un premio económico de 500 euros para poesía e tamén para relato.

CENTENARIA



Carmen García López, veciña de Illán, celebrou o seu 105 aniversario, unha data moi especial que contou coa presenza do Concello de Begonte. O alcalde, José Ulla, e a traballadora social, Natalia Puente, desprazáronse ata a súa vivenda para felicitala persoalmente e entregarlle un agasallo en nome de todos os veciños e veciñas de Begonte.

Nace a Fundación Terras de Pol, declarada de interese galego

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes vén de declarar de interese galego a Fundación Terras de Pol e ordenou a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. A Fundación Terras de Pol foi promovida polo Concello de Pol e formalizada mediante escritura pública o 24 de xullo de 2024. O alcalde presidente, Lino Rodríguez Ónega, presentou a solicitude de inscrición o 1 de agosto do mesmo ano. Trala revisión do expediente e o cumprimento dos requisitos legais, a entidade obtivo o recoñecemento oficial como fundación de interese galego.

A Fundación Terras de Pol nace coa finalidade de impulsar o desenvolvemento rural e territorial do municipio e da súa contorna, promovendo iniciativas en distintos ámbitos. Unha das primeiras é o aproveitamento de terras en desuso co acondicionamento e posta en valor de terreos abandonados

ou infrautilizados para a produción agrícola e gandeira, incluíndo prácticas ecolóxicas.

Tamén se busca unha integración social e servizos sociais co deseño e execución de programas dirixidos á mocidade, á terceira idade e a colectivos desfavorecidos, garantindo prestacións sociais e fomentando a inclusión.

A promoción do deporte é outro dos seus fins co fomento da práctica deportiva entre toda a poboación, con especial atención ás disciplinas de fútbol e baloncesto, así como ao deporte adaptado para persoas con discapacidade. Ademais, apoiarase a formación e cualificación profesional no ámbito deportivo.

Complétase co impulso da cultura coa organización e apoio a eventos culturais en Pol, con especial énfase na conservación e difusión da cultura e tradicións locais, colaborando con asociacións veciñais; e a protección do medio ambiente coa

promoción de proxectos vinculados ás enerxías renovables e á sustentabilidade ambiental.

Finalmente subliña unha mellora da xestión municipal co apoio ao Concello de Pol na análise e execución de novas estratexias para a prestación de servizos públicos; ou a creación, mantemento e xestión de instalacións e servizos que contribúan aos fins fundacionais, incluíndo a adquisición ou cesión de bens. Neste último caso englobaríase a compra do supermercado, unha acción que se levou a cabo xa que cando este anunciou o peche a localidade quedou sen ningún. Tamén o Concello tramitará baixo esta Fundación a recuperación da fábrica de embutidos Monciro e a área deportiva.

A clasificación da Fundación como entidade mixta, debido á diversidade dos seus fins, foi aprobada pola Comisión de secretarías xerais técnicos das consellerías da Xunta de Galicia.

Todo preparado para a Ruta Trotamontes, que terá lugar o día 19

A Xunta colabora coa Ruta Trotamontes de Pol, que celebrará a súa décimo sexta edición o sábado 19 de abril. O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, presentou esta cita deportiva xunto ao presidente do club organizador, Izan de Andrés, e a deputada autonómica Nicole Grueira.

Os promotores agardan reunir a 250 quads, motos e ATV procedentes de distintos puntos de Galicia e doutras comunidades como Asturias, León e Madrid. Os interesados en participar poderán formalizar as súas inscricións dende o vindeiro domingo 23 de marzo ás 19.00 horas a través do enlace que se publicará nas redes sociais do club Trotamontes ou no correo electrónico trotamontespol1@gmail.com. O día da ruta, as actividades comezarán ás 7.30 horas coa recollida



de dorsais e ás 9.00 horas comezará un percorrido de arredor de 100 quilómetros por camiños e pistas forestais de Pol, Ribeira de Piquín, Castroverde e Baleira, que se prolongará ata as 19.00 horas. Os participantes poderán desfrutar ademais dun xantar e dunha cea de confraternidade e haberá animación musical a cargo da discoteca móbil Hermo.

A localidade meirense presenta a Semana Santa 2025

A localidade de Meira celebra unha nova edición da Semana Santa a partir deste domingo cunha programación marcada pola tradición e o sentimento relixioso. As actividades comezarán o Domingo de Ramos, 13 de abril, cunha Procesión e Bendición de Ramos ás 19:00 horas, acto que marca o inicio solemne destas datas.

O mércores 16 de abril, ás 22:00 horas, terá lugar a tradicional Tamborrada, un evento que enche as rúas de son e emoción, implicando a veciñanza e visitantes nun ambiente de recolleto e respecto.

O día grande será o Venres Santo, 18 de abril, cun Vía Crucis na rúa ás 12:00 horas, percorrendo o traxecto entre a Igrexa e a Capela de San Roque. Xa pola noite, ás 21:00 horas, celebrárase a emotiva Procesión do Santo Encontro, un dos momentos máis intensos e simbólicos da Semana Santa meirense.

Unha cita relixiosa e cultural que une tradición, fe e comunidade, convidando a todos a participar nos actos desta Semana Santa 2025 en Meira.

Meira presenta unha renovada Ruta Miño-Eo para o 4 de maio

Comeza abril coa publicación da tradicional Ruta de Sendeirismo Miño-Eo, que este ano celebrárase o domingo 4 de maio. A edición de 2025 introduce varias novidades para mellorar a experiencia das persoas participantes.

Un dos principais cambios é a posibilidade de elixir entre catro distancias diferentes, adaptándose así ás preferencias de cada camiñante. A ruta completa mantén o mesmo percorrido para todas as opcións, pero o punto de finalización dependerá da distancia escollida. A saída será desde o Concello de Meira e o final en Meira, tras o xantar no Cabanón do Convento.

A primeira distancia, de 14 km, leva ata o punto sinalado no mapa como "Metade da ruta", desde onde se continúa pola liña rosa ata o Estreito. Neste punto haberá un avituallamento e vehículos dispoñibles para trasladar ás persoas participantes de volta a Meira.

A segunda distancia, de 21 km, segue o mesmo percorrido ata o Estreito, pero os participantes regresarán a Meira pola liña amarela, refacendo o camiño do Pedregal.

A terceira distancia, de 20 km, per-



corre toda a ruta indicada en liña azul, finalizando no Estreito, onde tamén haberá transporte dispoñible para a volta.

A cuarta distancia, a máis longa con 27 km, segue o mesmo itinerario da terceira opción, pero regresando a Meira pola liña amarela. Para maior comodidade, os camiñantes poderán facer uso das duchas e vestiarios do Pavillón Polideportivo, polo que se recomenda traer roupa de recambio. Outra novidade importante é a modificación dos horarios: a saída adiántase ás 8:00 h e o xantar será ás 15:00 h.

A inscrición tamén cambia este ano, podendo realizarse de forma online a través do formulario do Concello de Meira, cumprindo así coa Lei de Protección de Datos. No proceso de inscrición, deberá autorizarse a cesión de imaxe e a recepción de comunicacións sobre futuras actividades. No que respecta ao pago, estará dispoñible a opción de transferencia bancaria ou pago en efectivo na Oficina de Turismo.

A organización manterá os puntos de almuerzo en Espido e avituallamento no Piñeiro e no Estreito, así como o acompañamento de Protección Civil durante todo o percorrido.

Abre o proceso para escoller un novo xuíz de paz na localidade

Quedou vacante o cargo de xuíz de paz titular do Concello de Meira. Como corresponde ao Pleno elixir as persoas para ser nomeadas, ábrese un prazo para presentar candidatos. Os requisitos básicos para ser xuíz de paz son ser cidadán español e maior de idade. Non pode ter causa de incapacidade ou de incompatibilidade para desempeñar funcións xudiciais, aínda que pode ter a súa propia actividade profesional ou mercantil e non é necesario que dispoña do título de licenciado en Dereito.

O Concello estableceu un prazo de dez días hábiles para que aqueles que reúnan as condicións presenten por escrito dirixido á Alcaldía un escrito. En caso de non presentarse solicitudes, o Pleno elixirá libremente comunicando o Acordo ao Xulgado de Primeira Instancia. Os interesados presentarán a correspondente solicitude, no rexistro xeral deste concello en horario de atención ao público (de 9:00 a 14:00, de luns a venres) ou no rexistro electrónico, ou no correo concello.de.meira@eidolocal.es.

Os xuíces de paz son xuíces legos, non profesionais, que levan a cabo funcións xurisdiccionais e que integran o Poder Xudicial durante o tempo que están neste cargo.



Reunión para avanzar na concentración parcelaria

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, reuniuse co alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo, na casa consistorial. Nesta xuntanza abordaron os avances realizados nas concentracións parcelarias deste municipio, que corresponden aos lugares de Outeiro de Rei, San Lorenzo, Arcos, San Fiz e Sobra-

da, e que permitirán reorganizar a estrutura territorial de 2.451 hectáreas de superficie, beneficiando 833 titulares. Así, Rodríguez lembrou a importancia destes instrumentos, que procuran acadar unha ordenación da superficie agraria que permita un uso adaptado ás necesidades agrícolas e forestais de cada zona.

Repartidos 2.000 euros en premios no Entroido

Un ano máis, a praza da vila de Outeiro de Rei encheuse de cor e alegría coa celebración do XXVI Concurso de Disfraces, que tivo lugar o pasado domingo. O evento contou cunha gran afluencia de público e estivo amenizado polo dúo D'Caché Music e unha batucada, que puxeron ritmo a unha xornada festiva. O concurso premiou a creatividade e orixinalidade dos participantes en varias categorías. Na modalidade de comparsas, o primeiro premio foi para Cazabichos, seguido de Dando as Notas e Priscinetes. Na categoría de parellas, Alto ao Ratón Glotón le-

vou o primeiro posto, mentres que La Patrulla Canina quedou en segundo lugar. En disfraces individuais, o primeiro premio foi para Iron Man, e o segundo para Ave del Paraíso. Na categoría infantil, os galardóns foron para La Cobra Carnavallera e A Sirenita. O premio especial á mellor comparsa de Outeiro de Rei foi para Circo de Outeiro, mentres que o xurado outorgou premios especiais a Un Bosque Animado, El Tren de los Amigos e Explosión de Colores. O certame volveu ser un éxito de participación.



Alumnado de cuarto de Primaria do CEIP Laverde Ruiz de Outeiro de Rei participou no terceiro almorzo saudable organizado polo Concello en colaboración coa Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), dependente da Consellería do Medio Rural, co fin de promover bos hábitos alimentarios entre os nenos e nenas.

O Concello e o colexio organizan este mes a primeira Feira do Libro

O Concello de Outeiro de Rei e o CEIP Laverde Ruiz organizan a primeira edición da Feira do Libro do municipio o martes, 22 de abril. A iniciativa, que terá lugar en horario de 10.00 a 14.30 horas e de 15.30 a 19.00 horas nunha carpa instalada diante da Casa do Concello, acollerá diferentes actividades arredor do Día do Libro, que se celebra o 23 de abril. A finalidade é achegar aos nenos e nenas de Outeiro de Rei o ambiente dunha feira do libro, valorando deste xeito o gusto pola lectura, os libros e os escritores. Ademais, convidan a todas as persoas interesadas na lectura a achegarse, xa que será unha xornada con variedade de propostas que integran todos os públicos e de todos os concellos para que desfruten das diferentes actividades que se organizan en familia. O cartel da Feira foi froito dun concurso que organizou o Departamento de Biblioteca do CEIP Laverde



Ruiz, que convocou ás familias para que deseñaran póster que incluíra a esencia do que será o evento. **PROGRAMA DA FEIRA.** As actividades do evento desenvolveranse pola mañá, máis dedicadas ao público infantil, xa que destacará a presenza e participación dos nenos e nenas do colexio de Outeiro de Rei; e pola tarde, momento no que as iniciativas serán máis para público xeral e adulto.

Contarase con diversos escritores e escritoras, como Ana Meilán e María Canosa que impartirán un contacontos para os máis pequenos, Toño Núñez, que estará coas súas obras infantís pola mañá e co seu último libro pola tarde; Anxo Moure e Sabela Núñez. Pola súa parte, con obras para público adulto estarán Rocío López, Marisol Bravos, Jordi Cicely, Fernanda Arroxo e Abril Camino. Ademais, haberá máis iniciativas, como un obradoiro de pintacaras, un espectáculo de maxia da man do mago David, estará Guido Guía, un orador e unha debuxante; así como terá lugar unha doazón de libros á Biblioteca Pedriática do HULA. No evento, participarán tamén tres librerías: a Ardelos de Rábade, a Amorín de Castro de Rei e a Aguirre de Lugo, así como estará algunha persoa vendendo produtos relacionados cos libros. Ademais, durante toda a xornada farase entrega duns tickets para realizar un sorteo de tres bonos de 50 euros e un libro.



Entregados os galardóns do Recitado de Poesía Rosalía Sempre Viva

Foron entregados os premios do Certame de Recitado de Poesía Rosalía Sempre Viva, convocado pola Casa Museo Manuel María. O evento tivo lugar na fase final do certame, celebrada no centro cultural de Outeiro, no que máis de medio cento de alumnos e alumnas de diferentes centros de ensino de toda Galicia participaron recitando poesía. As obras recitadas foron escollidas libremente entre a produción poética de Rosalía de Castro ou de Manuel María. Durante a cerimonia de entrega de galardóns, a deputada de Cultura felicitou a todos os partici-

pantes, destacando o seu talento e a súa implicación no certame. Tamén agradeceu ao profesorado e ás familias o seu compromiso, sen o cal, dixo, non sería posible levar adiante esta iniciativa. A responsable de Cultura tamén tivo palabras de recoñecemento para a Casa Museo Manuel María, salientando o seu labor na dinamización cultural da comarca e o seu esforzo por achegar a obra de Manuel María e a literatura galega ás novas xeracións, asegurando que este tipo de iniciativas son fundamentais para manter viva a nosa tradición literaria e cultural.

As comisións de festas poden pedir unha actuación

O Concello de Outeiro de Rei, a través da Escola de Música Asociación Músico Crisanto de Outeiro de Rei, Rábade, Begonte e Friol pon á disposición das parroquias, asociacións e comisións de festas deste municipio que o soliciten, catro actuacións anuais de carácter gratuíto; as actuacións poderanse programar en horario comprendido entre as 11.00 e as 21.00 horas e terán unha duración aproximada de 45 minutos. Pódense solicitar as agrupacións Banda de Música Sons e Soños e a Coral. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 10 de abril.

Abre o prazo para solicitar a admisión na escola infantil

Ata o 30 de abril estará aberto o prazo de solicitudes de admisión para o curso escolar 2025/2026 na Escola Infantil Municipal. Durante este período de tempo, os pais/nais ou titores dos menores que estean na actualidade matriculados na escola infantil deberán presentar a solicitude de reserva de praza así como aqueles que desexen acceder a este servizo no próximo curso escolar.



Rematan os traballos de reparación do vestiario do Acebreiro

O Concello da Pastoriza rematou os traballos de reparación do vestiario local do campo do Acebreiro, que se fixo sufragado con fondos e traballadores municipais. Os traballos consistiron en azulexar as partes das duchas, cambiar as duchas existentes por unhas novas, azulexar tamén a zona do vestiario con remate en pintura, cambio de fiestras e cristais, ademais de mellora do alumeadado. Todo isto fíxose no vestiario local.

A seguinte actuación será no almacén da cantina para dotalo de luz, arranxar o chan e colocar estantes, segundo indicaron desde

o Concello.

Por outra banda, o Goberno local solicitou á xunta de Galicia unha axuda para a reparación de todo o perímetro de bloque do campo, que si ao final é concedida, dará un cambio de imaxe moi significativa a estas instalacións municipais, “o cal indica a implicación que dende o goberno temos, tanto coa UD Pastoricense, a cal lle agradecemos todo o traballo diario que fan porque o noso pobo conte cun equipo en Primeira Rexional, 1 equipo de vetaranos e outro de fútbol sala feminino”, afirmou o voceiro, Marcos García Lombardero.



Cabaneiro reúnense con Arias para tratar proxectos de interese municipal

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha reunión de traballo co alcalde e o tenente de alcalde da Pastoriza, Darío Cabaneiro e Marcos García Lombardero, para analizar as principais demandas e necesidades do municipio naqueles ámbitos que son competencia da Administración autonómica, así como para avaliar posibles vías de colaboración.

Na xuntanza referíronse ademais a recentes investimentos do Goberno galego no concello chairego, como os máis 483.000 destinados a mellorar o firme da estrada LU-122; os máis de 88.000 euros para actualizar a rede de abastecemento de auga;

ou os 60.000 euros aportados ao amparo do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local do pasado ano para mellorar a eficiencia enerxética no centro deportivo con piscina da localidade.

Arias destacou a importancia da cooperación entre as administracións autonómica e local “para garantir servizos e dotacións que nos permitan equilibrar as condicións de vida en todo o territorio” e, neste senso, trasladoulle aos representantes municipais “o compromiso da Xunta de seguir traballando de forma conxunta para desenvolver iniciativas que garantan o benestar dos veciños e veciñas da Pastoriza”.

O BNG reclama ao Goberno local o pago das axudas a asociacións

O BNG da Pastoriza recordarlle á equipa de goberno que as asociacións culturais, entidades deportivas e comisións de festas levan sen recibir as axudas correspondentes ao 2024, algo que precisan para poder seguir realizando as súas actividades. A concelleira nacionalista fixo fincapé no gran traballo que as entidades fan pola Pastoriza, expoñendo a súa preocupación polos problemas de financiamento que están a sufrir. Se queremos que se manteña a importante actividade deportiva e cultural da Pastoriza debese atrasar o menos posíbel o pago das subvencións e convenios, Carrera expuxo que “A Pastoriza é unha vila que conta cun gran tecido asociativo que historicamente é quen dinamizada a vida da vila e son as asociacións locais coas súas actividades anuais e puntuais as que lle dan vida ao concello pero debido a esta débeda que ten o concello con elas pois algunhas están en



risco de supervivencia”.

O pago a estas entidades deberían estar feitos dentro do ano 2024 pois nos orzamentos dese ano constaban esas partidas como consignadas ás entidades co cal non entendemos que non se lles teña feito o pago. Isto o que nos demostra é unha mala xestión por parte do PP dos recursos que ten o concello, a que dedicaron esas partidas?, porque non se lles paga as entidades? Pregunta Elva Carrera.

O Concello diseña unha ruta co nome Pastoriza Mar Verde

O Concello da Pastoriza contará cunha nova ruta de sendeirismo denominada Pastoriza Mar Verde, que partirá da vila e percorrerá distintas localizacións como Saldanxe, Crecente e o Castro de Saa en Baltar. Esta iniciativa, financiada integramente pola Xunta de Galicia cun investimento superior aos 29.000 euros, busca fomentar o turismo e poñer en valor o patrimonio cultural da zona.

A ruta, de 9,5 quilómetros de lonxitude e cun nivel de dificultade medio-baixo, iniciará o seu percorrido na Barreira da Pastoriza, preto do lugar onde se construíra unha área de caravanas para atraer visitantes. O itinerario atravesará o centro da vila, permitindo que os camiñantes poidan facer unha pausa para tomar un café ou realizar compras, favorecendo así o comercio local.

A continuación, o traxecto levará ata Saldanxe, onde se poderá visi-



tar unha capela e unha antiga ponte, pasando tamén xunto á piscifactoría da zona. Posteriormente, a ruta proseguirá cara a Baltar, onde se atopa outra capela, finalizando no emblemático Castro de Saa. Esta nova proposta de sendeirismo pretende converterse nun atractivo tanto para visitantes como para a propia veciñanza, ofrecendo unha experiencia que combina natureza, cultura e historia local.

A Biblioteca convoca o I Concurso de Tautogramas

Co gallo do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, que se celebra o 2 de abril, a Biblioteca Municipal Ángel Basanta da Pastoriza organiza o I Concurso de Tautogramas Tautogramas 2025. Esta iniciativa busca fomentar a creatividade lingüística entre os máis novos mediante a creación de textos onde todas as palabras comecen pola mesma letra. O certame está dirixido a nenos e nenas de entre 6 e 16 anos, divididos en dúas categorías: A, para participantes de 6 a 11 anos, e B, para aqueles de 12 a 16 anos. Os traballos deberán estar escritos en galego e ter unha extensión máxima de media folia. Ademais, poden ir acompañados dun debuxo representativo. O prazo para presentar os tautogramas remata o 11 de abril de 2025. Un xurado seleccionará dous traballos gañadores por categoría. Os premiados da categoría A recibirán un curso de iniciación ao karting no circuíto da Pastoriza e un libro, mentres que os da categoría B serán agasallados cun lote de libros.

O fallo do xurado anunciarase o 14 de abril, e a entrega de premios terá lugar o 15 de abril de 2025. A participación no concurso implica a aceptación das bases establecidas pola organización.

Con esta actividade, a Biblioteca Municipal Ángel Basanta pretende estimular o interese pola lectura e a escritura creativa entre a mocidade, promovendo ao mesmo tempo o uso da lingua galega dun xeito lúdico e divertido.

EN BREVE

COMPOSTEIROS. O Goberno local anunciou a dispoñibilidade de composteiros domésticos para os veciños interesados. A solicitude deberá realizarse de forma presencial nas instalacións municipais. As unidades son limitadas. Unha vez pechada a listaxe de solicitudes, informarase das datas de entrega.

CANTOS DE TABERNA. O concello acollerá o sábado 26 de abril unha celebración dos Cantos de Taberna e Foliada, unha cita organizada pola Asociación de Comerciantes e Empresarios da Pastoriza (ASAPA). A partir das 20:30 horas, distintos grupos percorrerán os bares Casa Luciano, Xarope, Brétema e a Casa da Cultura interpretando cantos de taberna. Os asistentes poderán degustar liscos e bolos preñados de balde (a bebida non está incluída). A festa continuará a partir das 23:30 horas cunha gran Foliada na Praza do Concello.

Comeza en Semana Santa o programa Rapatiando 2025

Presentada unha nova edición do programa Rapatiando 2025, unha iniciativa dirixida á infancia e mocidade con actividades educativas, deportivas e de lecer ao longo do ano. Entre o 14 e o 20 de abril, arrancará con Talleando na Semana Santa, unha proposta de obradoiros de manualidades, xogos e deportes en equipo para nenos e nenas de 4 a 12 anos no Centro Sociocultural. O 23 ao 27 de xuño terá lugar o Campus Patinaxe no Pavillón Municipal, mentres que do 7 ao 11 de xullo desenvolverase o Campamento de

Verán, con actividades de 10:00 a 20:00 horas. Durante todo o mes de xullo, tamén se celebrará o Campamento Urbano de 9:00 a 14:00 horas no Centro Sociocultural. A mocidade de cursos superiores poderá participar en saídas dentro da iniciativa Mocidade en Acción, con visitas ao Aquapark de Cerceda o 26 de xuño e actividades en Viveiro o 8 de xullo. Ademais, do 2 de xullo ao 13 de agosto, os luns e mércores realizarase a actividade Coñecendo o Miño, para descubrir máis sobre o medio natural da contorna.

POLAVILA DOCAMPO



A deputada de Cultura Iria Castro participou na Polavila Docampo, organizada polo colectivo Iniciativa Polavila Docampo e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para homenaxear a Xabier P. Docampo, voz fundamental da literatura infantil e xuvenil en galego.

Todo preparado para o Máster Nacional de Fútbolín de Rábade

O Máster Nacional de Fútbolín, que este ano chega á viséxima sexta edición, celebrarase nas datas previstas para o mes de abril, concretamente o 17, 18 e 19 coincidindo, como é tradición, coa festividade da Semana Santa. Se o ano pasado se facía o cuarto de século de existencia, esta edición é tamén destacada, xa que é na que se celebrará o centenario da fundación do Concello de Rábade. Nesta edición están previstos premios por valor de 15.000 euros e o reparto de máis de 135 trofeos e medallas. Prevese superar de novo as máis de 350 parellas participantes, que son as cifras que se manexaron nos últimos anos.

Como en anteriores edicións, haberá cinco modalidades de xogo e tres niveis, pero por primeira vez xogarase no pavillón Eduardo Fernández e non nos tres locais das edicións anteriores. Esta medida tómase debido ao elevado número de asistentes, que crece ano a ano.

O Gran Máster Nacional de Fútbolín repartirá para os de movemento e en parado oito premios en cada categoría desde os 1.500 aos 30 euros ademais do trofeo. No apartado feminino, as gañadoras recibirán 800 euros e haberá premio para oito parellas. Ademais, na combinada tamén haberá catro recoñecementos,



con contías que van dos 300 aos 70 euros.

Tamén contarán de novo co trofeo Alejandro Finisterre, para o xogador máis regular; o trofeo Concello de Rábade para o mellor xogador e o trofeo David García, para o mellor porteiro. Continúan tamén o trofeo Xunta de Galicia ao mellor xogador da comunidade autónoma, o trofeo Deputación de Lugo á amizade, o trofeo Peña Rábade Fútbolín á peña máis participativa; o trofeo Galical ao mellor xogador da provincia de

Lugo, e o trofeo Merchi á mellor xogadora.

Con este último quérese ofrecer unha homenaxe a unha das primeiras gañadoras que aportou moito ao fútbolín. Volve tamén o Trofeo JMCR, ao Máster Leyenda. A organización repartirá tamén preto de mil camisetas entre os participantes, patrocinadas por Estrella Galicia. Nesta gran festa do fútbolín colaboran a Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo, Concello e diferentes empresas.

Organizan clases de batucada en Abadín para todas as idades

O Concello de Abadín convida a toda a veciñanza a descubrir o vibrante mundo da batucada a través dunhas novas clases abertas para persoas de todas as idades. Esta iniciativa busca achegar o ritmo e a enerxía da percusión brasileira á comunidade, ofrecendo unha experiencia divertida e enriquecedora.

As clases comezarán o vindeiro 29 de marzo e desenvolveranse todos os sábados ás 11:00 horas no salón de actos do concello. Para animar á participación, a primeira clase será totalmente gratuíta.

Estas clases están deseñadas para que tanto nenos como adultos poidan participar, polo que non se require experiencia previa. É unha excelente oportunidade para gozar da música en grupo, aprender novas habilidades e conectar coa cultura da batucada.

Supervisan o avance das obras da residencia de maiores da vila

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, acompañado do alcalde do municipio, José María López, visitou as obras da futura residencia de maiores municipal de Abadín. Un proxecto ao que a Xunta de Galicia destina 1,2 millóns de euros á construción dunha residencia municipal de maiores en Abadín.

As obras céntranse na rehabilitación e ampliación do edificio do antigo do colexio infantil deste concello, actualmente en desuso, para convertelo nun centro residencial que contará con 44 prazas repartidas nunha vintena de habitacións, dúas plantas de uso e unha construción anexa conectada ao inmoble principal. Neste caso, a Xunta financia a máxima contía posible do total de 2,3 millóns de euros que suporán os traballos. Esta actuación desenvólvese no



marco do Plan de investimentos de 18,5 millóns de euros co que o Goberno galego financia uns 20 proxectos de construción, reforma ou ampliación de residencias, centros de día, vivendas comunitarias e centros sociais de titularidade municipal. Un plan acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e que está

orientado, principalmente, a dotar ás zonas rurais de novos recursos de atención a maiores.

Durante a visita, Perfecto Rodríguez destacou o impulso histórico que supón este Plan, tanto na mellora de instalacións, como na creación de 500 novas prazas públicas de atención residencial e outras 150 de atención diúrna.

O colexio rende homenaxe a Jaime

O sábado 12 de abril o CEIP Aquilino Iglesia Alvariño organiza unha xornada de homenaxe a Jaime, unha figura moi querida na comunidade educativa e no propio municipio. O evento desenvolverase no Pavillón Municipal.

A celebración comezará ás 12:00 horas cun acto institucional no que se recoñecerá a traxectoria de Jaime. A continuación, ás 13:00 horas, dará comezo a sesión vermú amenizada pola Puzzle Discoteca, que tamén será a encargada de animar a tarde de festa.

Ás 14:30 horas celebrarase unha comida popular e a partir das 16:00 horas, continuará a festa e o baile con música da man de Puzzle Discoteca e do dúo Venus, poñendo o broche final a unha xornada chea de emoción, música e agradecemento. O evento conta coa colaboración do Concello de Abadín e da Asociación Xuvenil A Rumboia.

DEPUTACIÓN

O Pleno aproba o reparto dos cartos do Plan de Cooperación cos concellos

O Pleno aprobou por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar con cargo ao Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, que nesta anualidade conta con 22 millóns de euros de fondos da institución provincial. Deste xeito, o Goberno provincial sacou adiante a súa proposta a favor deste programa de investimentos, que inxecta 25 millóns de fondos públicos no tecido socioeconómico da provincia, tendo en conta as achegas dos concellos, que suman case 3 millóns.

Destacou o presidente da Deputación, José Tomé Roca, que é o quinto ano consecutivo que esta ferramenta se aproba no primeiro trimestre do ano, permitindo así aos concellos planificar as súas accións, traballar con máis previsión, aproveitar mellor os recursos e dar unha resposta máis áxil aos veciños e veciñas. Incidiu á entrada do Pleno que é un instrumento de cooperación que garante a distribución dos recursos públicos entre os 67 concellos con “criterios obxectivos e equitativos”.

A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, explicou que os concellos presentaron as súas propostas para investir estes fondos da institución provincial aos diferentes programas: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); reforzo do emprego; actividades culturais; actividades deporti-



vas; actuacións e eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; e protección civil.

Nas peticións das entidades locais teñen prioridade os investimentos, aos que deciden dedicar máis de 16,5 millóns -case o 70% do total dos fondos-, para acometer 324 obras e subministracións; seguido da creación de emprego, á que destinan algo máis de 3,6 millóns cos que crearán 282 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que os concellos de menos de 20.000 habitantes reciben 3,3 para atender a unhas 2.000 persoas.

ORZAMENTO. Na sesión tamén se lle deu o visto bo a unha modificación do Orzamento da Deputación de Lugo para este ano 2025, mediante Transferencia de Crédito e Suplemento de Crédito, precisamente para poder materializar o

Plan Deputación. A Deputada de Economía, Recadación e Facenda, Carmela López, detallou que coa Transferencia de Crédito, se modifican as partidas orzamentarias que estaban consignadas inicialmente no Presuposto para adaptalas ás necesidades manifestadas polos concellos. E, por outra banda, co Suplemento de Crédito, incorpóranse aos Orzamentos algo máis de 10,4 millóns de euros, o que permite que a dotación económica do Plan Deputación deste ano acade os 22 millóns.

Así mesmo, acordouse a incorporación de máis 19 millóns de remanentes ao orzamento deste ano 2025 para “a amortización da débeda con 6 millóns de euros e lograr a débeda cero, algo moi importante, pero tamén para seguir reforzando a cooperación da Deputación cos concellos, e o apoio ao tecido social e económico da nosa provincia, para que poidan manter ou impul-

sar novas accións que contribúan a mellorar a calidade de vida e o benestar dos veciños e veciñas, así como á dinamización da actividade económica e do emprego”, detallou López, ao tempo que concretou a que estes fondos “irán destinados a distintos eidos que consideramos fundamentais para o noso territorio, como son as estradas, a cultura, a mocidade, o deporte, o medio rural, o turismo, a atención á cidadanía e as transferencias ós concellos”. O voceiro popular, Antonio Ameijide, denunciou que con este Plan Deputación PSOE e BNG “poñen a dieta a máis da metade dos veciños da provincia xa que a realidade é que o plan baixa os recursos a 32 concellos da provincia e conxélaos para case todos excepto 4”.

CONDONACIÓN DA DÉBEDA. Ademais, na sesión plenaria tamén saíu adiante unha moción do Grupo Provincial Socialista instando á Xunta de Galicia a aceptar a oferta de condonación da débeda feita polo Goberno de España, cos votos a favor de socialistas e nacionalistas e cos votos en contra dos populares. Esta medida permitiría reducir a débeda pública galega en 570 millóns de euros, liberando recursos que poderían destinarse á mellora dos servizos públicos, incluída a sanidade. Tamén se aprobou unha moción do BNG en apoio á mobilización nacional convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública do 6 de abril en Compostela.

Uns 132 colectivos foron aceptados para participar no programa Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo vén de publicar no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a listaxe definitiva de entidades admitidas na quinta edición do programa Coñece a túa provincia. Un total de 132 colectivos foron aceptados para participar nesta iniciativa de viaxes gratuítas e destinada a entidades sen ánimo de lucro con sede en algún dos 67 concellos da provincia.

Desde a súa posta en marcha no 2021, esta iniciativa permitiu que preto de 10.000 persoas viaxasen pola provincia, pertencentes a 438 colectivos. Ademais, xerou un impacto económico superior aos 600.000 euros. Nesta quinta convocatoria, o programa ofrece un total de 3.036 prazas, mentres que outras 201 entidades quedaron en lista de agarda. Pola contra, 37 solicitudes foron excluídas por non cumprir cos requisitos da convocatoria.

O programa Coñece a túa provincia, impulsado pola Deputación de Lugo, ten como obxectivo fomentar o coñecemento da riqueza patrimonial entre os propios veciños e veciñas da provincia. Ademais, busca incentivar o turismo de proximidade e apoiar aos sectores hostaleiro, turístico e comercial.

Este programa supón unha importante oportunidade para que os veciños da provincia coñezan mellor o seu propio territorio e poidan contribuír á dinamización do turismo e da economía local.

Abre o prazo do programa Da Escola á Granxa

O BOP publicou a convocatoria de subvencións de concorrencia competitiva do programa Da Escola á Granxa da área de Rural da Vicepresidencia, que financia actividades educativas en granxas, producións agrarias e proxectos de emprendemento no rural.

A convocatoria, que conta cun orzamento de 200.000 euros, está aberta a asociacións de nais e pais de centros de educación infantil e primaria, que recibirán achegas de ata 1000 euros -100 máis que o ano pasado- para financiar o custo da actividade e o desprazamento ata as granxas e producións agroalimentarias que elixan entre as 45 participantes.

O programa ampliou e diversificou un ano máis a súa proposta educativa coa incorporación de 13 granxas novas respecto á última edición, a maioría delas proxectos familiares, que teñen en común a aposta pola diversificación produtiva e pola produción ecolóxica.

O deputado de Rural Daniel García agradeceu “as granxas participantes a súa implicación en deseñar as actividades para os nenos e as nenas que as visitan, mostrándolles a importancia do sector primario na produción de alimentos e na conservación do territorio”.

O prazo para presentar as solicitudes está aberto ata o luns 21 de abril.

FORMACIÓN



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto á deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, entregou no salón de actos do Pazo de San Marcos os diplomas a 133 empregados e empregadas públicos da propia institución e de 38 concellos que completaron os cursos do Plan de Formación Continua 2024. A Deputación organizou 20 accións, con máis 800 diplomas expedidos. O Plan Agrupado de Formación Continua 2024 incluíu accións centradas nos recursos humanos, transparencia e bo goberno, novas tecnoloxías, políticas de igualdade, procedementos xurídicos, atención ao cidadán, saúde laboral ou urbanismo e medio ambiente.

TERRA CHÁ

O BNG pide a utilidade pública dos tratamentos das bandas dos piñeiros

A deputada do BNG no Parlamento, Montse Valcárcel, denuncia mediante unha batería de preguntas no Parlamento Galego a situación que se vive nos montes de Pol, A Fonsagrada, Baleira, Castroverde ou a comarca de Meira, incluso A Mariña ou A Terra Chá coa chamada enfermidade de bandas das acículas dos piñeiros (banda marrón e banda vermella).

As bandas son enfermidades fúnxicas que causan a defoliación das coníferas e o seu debilitamento, polo que é aconsellable aplicar tratamentos para reducir o seu impacto. Nas masas de piñeiros galegas está a rexistrarse non só a afección da banda marrón e vermella senón que tamén se producen danos por outras enfermidades, como a diplodia e a cyclaneusma, causadas por fungos e cuxos danos a simple vista resultan moi parecidos ós das bandas. Resultando, que no monte está habendo un conglomerado de fungos cuxos efectos e síntomas

sobre os piñeiros son semellantes e que se coñecen como os vermellos criptogámicos.

Nesta visita aos montes de Valonga e Lúa en Pol púidose constatar a afectación que os piñeiros teñen da enfermidade das bandas. “Os piñeiros afectados comezan a poñerse marróns pola parte baixa e logo o problema vai subindo e estendéndose, ata o punto de que algunhas árbores rematan por secar”, explica a deputada nacionalista.

Hai montes con repoboacións novas, que se volveron ver afectadas pola banda marrón, e por recomendación de expertos tiveron que talar ás árbores, “pero a Xunta de Galiza a pesares destes graves prexuízos non ten nada previsto para controlar esta praga” insiste Valcárcel. O BNG reclámalle ao Executivo de Afonso Rueda declarar a utilidade pública dos tratamentos en áreas estratéxicas de piñeirais de *Pinus radiata* afectados polas enfermidades das bandas.

Socialistas da contorna esixen a cobertura da praza de pediatria

Os grupos municipais socialistas de Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei denuncian con contundencia a grave situación que atravesa a atención pediátrica nestes concellos tras a decisión da Xunta de Galicia de non repoñer a praza da especialista que atendía aos nenos e nenas da zona ata setembro de 2024. Os seus voceiros, Alba Sinde, Daniel Irimia e Carmen Acacio, amosan unidade nun “problema grave” que atravesa a súa comarca.

O problema arrincou coa baixa da pediatra que, ata ese momento, pasaba consulta en Castro de Rei dous días á semana, en Cospeito outros dous e en Outeiro de Rei un. Ante a falta de resposta por parte da Consellería de Sanidade, as familias destes tres municipios organizaron mobilizacións tanto nos seus concellos como en Lugo, esixindo a reposición inmediata da praza. Pediron unha reunión cos responsables sanitarios da área lucense, pero o único que obtiveron foi unha solución insuficiente e discriminatoria: un reparto improvisado dos días de consulta que relega a Castro de Rei e Cospei-



to a só unha mañá de atención pediátrica á semana, mentres que en Outeiro de Rei pasan consulta dúas mañás e unha tarde.

Ademais, a Xunta derivou a Castro de Rei e Cospeito un médico de atención primaria cun curso de puericultura, “un profesional que, aínda que pode asesorar sobre coidados infantís e prevención de enfermidades, non pode substituír a atención dun pediatra”, explican. Só Outeiro de Rei conta cun especialista unha tarde á semana. Este recorte supón un duro golpe para a infancia do rural, que queda sen unha atención estable, especializada e próxima ás familias.

Ante esta realidade, os tres grupos socialistas tomaron a iniciativa e levaron o problema aos plenos municipais. En Castro de Rei e Outeiro de Rei, as mocións esixindo a reposición da praza foron aprobadas por unanimidade, deixando claro que se trata dunha demanda unánime da veciñanza. Días despois foi a quenda de Cospeito, onde o PSOE levará ao pleno unha moción para reclamar o mesmo. “A pregunta agora é clara: vai o goberno municipal apoiar á súa xente ou seguirá dobrando o lombo ante a Xunta e o seu desmantelamento da sanidade pública?”, preguntáanse.

Incorpóranse médicos nos centros de saúde de Riotorto e Abadín

Despois das protestas e as recollidas de formas, o Sergas comunicou ao Concello de Riotorto a incorporación dun médico fixo no centro de saúde local. A data de incorporación prevista é o 10 de marzo para atender esta consulta de forma continuada.

Esta nova foi moi ben recibida pola veciñanza que se manifestou e protestou por distintas vías reclamando a cobertura estable e a tempo completo das dúas prazas de medicina familiar do centro saúde.

Nos últimos anos, o centro de saúde de Riotorto pasou de contar dous facultativos en horario completo a contar unicamente coa atención, a tempo parcial, entre dúas e catro horas ao día, dun único facultativo.

O BNG considera que “manter a mobilización social é fundamental para frear os recortes de persoal no centro de saúde como consecuencia da política sanitaria do PP, que en Riotorto conta, ademais, co silencio cómplice do goberno municipal”. Tamén en Abadín comezaron a traballar dous novos médicos no centro de saúde, que o farán de forma continuada en dúas prazas.

Adxudican obras en estradas ao seu paso por Cospeito e Abadín

A Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas adxudicou por un importe de 3.249.074,38 euros as obras de reforzo do firme nas estradas autonómicas LU-113, no seu percorrido polos municipios de Cospeito e Abadín, e na LU-530, ao seu paso polo concello de Lugo e de Castroverde.

Este contrato, adxudicado á empresa Construcciones Isidro Otero, S.L., asinaras nos vindeiros días e o obxectivo e iniciar as obras ao longo do vindeiro mes de abril. O prazo de execución das obras estímase en 6 meses.

De xeito máis concreto, baixo este contrato, na estrada LU-113, actuarase nun tramo de algo máis de 12,6 quilómetros de lonxitude, entre os puntos 10+000 e 20+180, no municipio de Cospeito; e desde o punto quilométrico 20+180 ao 22+780, xa no concello de Abadín. Na LU-530, intervívase nunha lonxitude total de 16,4 quilómetros.

Neste caso actuarase no treito que vai desde o quilómetro 3+600 ao 12+640, no seu percorrido pola municipio de Lugo; e no treito que continúa desde o punto 12+640 ao 20, no concello de Castroverde.

As actuacións teñen como obxecto a rehabilitación do firme mediante o fresado e a reposición da capa de rodaxe, coa finalidade de mellorar as condicións de circulación nos distintos treitos destas dúas estradas, completado as obras co repintado das marcas viarias.

As intervencións obxecto deste contrato non implican a realización de expropiación algunha, xa que todas están incluídas dentro da franxa de dominio público.

O departamento que dirixe M. Allegue continúa a traballar para manter as vías de titularidade da Xunta nas mellores condicións e para garantir a seguridade viaria aos usuarios, destinando este ano 68 millóns de euros.



A Xunta autoriza un novo parque eólico entre Abadín e A Pastoriza

O DOG publicou a resolución do 18 de febreiro da Dirección Xeral de Enerxías Renovables pola que se concede a autorización administrativa previa para as instalacións do parque eólico Penas Pardas, situado nos concellos de Abadín e A Pastoriza.

O proxecto, promovido por Norvento, obtén esta autorización para unha potencia de 26 MW, tras superar os distintos trámites esixidos.

A resolución non é definitiva en vía administrativa, polo que se poderá

interpor un recurso de alzada ante a Consellería de Medio Ambiente no prazo dun mes desde o día seguinte á súa notificación.

Unha vez concedida a autorización administrativa previa, a autorización de construción deberá outorgarse nun prazo máximo de tres meses. Para iso, o proxecto de execución deberá cumprir os requisitos da normativa vixente e realizar as adaptacións necesarias derivadas do proceso de instrución.

José Tomé e Iván Castro optan á dirección do PSOE na provincia

José Tomé e Iván Castro entregaron os avais necesarios para consolidar as súas respectivas candidaturas á Secretaría Xeral do PSOE na provincia de Lugo, que teñen un máximo de 373, o 20%.

Tomé, que tamén é presidente da Deputación de Lugo e alcalde de Monforte de Lemos, presentou o máximo e engadiu que ten un total de 760 apoios, máis do dobre do que esixe o regulamento interno do partido.

O actual líder provincial, que estivo acompañado de Gloria Prada e Pablo Rivera Capón, amosou o seu agradecemento á militancia e asegurou sentirse “motivado” e “ilusionado” con esta nova etapa.

“Hoxe quero falarvos con emoción, con humildade e con moito agradecemento. Presento oficialmente a miña candidatura á secretaria xeral do PSdeG-PSOE na provincia de Lugo. E fágoo con forza, con ilusión e, sobre todo, cun profundo compromiso co noso partido e con todos os lucenses”, expresou Tomé.

O dirixente socialista agradeceu “de corazón o apoio e a confianza de tantos compañeiros e compañeiras que, desde todas as comarcas, agrupacións grandes e pequenas, veteranos e novas incorporacións, quixeron avalar este proxecto común”.

Os 760 avais que di ter “supoñen unha ampla maioría respecto aos necesarios, e reflicten un respaldo que vai máis alá do formal: Sen vós, sen a militancia, nada disto sería posible. Grazas polas vosas palabras de ánimo, polo voso traballo e polo compromiso diario co noso proxecto político”, recoñeceu Tomé.

Tamén tivo palabras de respecto cara a quen apoia outras opcións



dentro do proceso interno: “Quero mostrar o meu respecto máis absoluto a quen decidiu avalar a outra candidatura, a encabezada por Iván Castro. Este é un partido profundamente democrático, onde todas as voces teñen cabida. A pluralidade enriquecéenos, e eu sempre estarei do lado do respecto e da convivencia interna. O proceso de primarias sempre é un proceso enriquecedor e democrático, onde os militantes deciden co seu voto. E eu como fixen sempre, sométome a o seu veredicto e confío plenamente no seu apoio maioritario”.

Coa candidatura xa presentada, Tomé inicia agora unha nova etapa de contacto coa militancia: “Vou percorrer a provincia, falar con cada agrupación, escoitar as inquedanzas, compartir propostas e, sobre todo, construír xuntos un proxecto colectivo. Un proxecto que non nace dunha persoa, senón dunha idea compartida: seguir facendo do Partido Socialista a forza transformadora da provincia de Lugo”.

O actual secretario xeral defendeu que a súa candidatura representa continuidade, pero tamén renova-



ción e impulso: “Queremos consolidar os nosos gobernos municipais, recuperar espazos, conectar coa cidadanía e construír unha provincia máis xusta, máis cohesionada e con máis oportunidades”. “Teño orgullo de ser socialista e de pertencer a esta familia dende hai moitísimos anos”, concluíu Tomé. “Quero seguir sendo o voso secretario xeral para seguir sumando, para seguir servindo á militancia e para fortalecer, entre todos e todas, un partido con ideas claras, con cabeza e con corazón”.

Pola súa banda, Iván Castro, edil socialista en Paradelá, rexistrou os 373 avais previstos, aínda que tamén dixo ter máis sen precisar a cantidade. Estivo acompañado polos rexedores de Castroverde, Xosé María Arias, e de Guitiriz, Marisol Morandeira.

Este último valorou positivamente o proceso e afirmou que “vai ser moi beneficioso para o partido”, defendendo que “a renovación é fundamental para seguir avanzando”.

O vindeiro 27 de abril anunciarase oficialmente o gañador deste proceso interno, como paso previo ao congreso provincial que se celebrará o 10 de maio.

A Deputación aproba obras en Cospeito, Castro de Rei e Begonte

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou diferentes acordos que permitirán á institución provincial continuar avanzando na contratación de obras e actuacións para mellorar a súa rede de estradas. Así o informou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen avanzou que a Deputación mobiliza 700.000 euros para licitar e adjudicar traballos que afectarán a nove estradas ao seu paso polos concellos de Castro de Rei e Cospeito.

Nese sentido, apuntou que a Xunta de Goberno vén de licitar, cun investimento de 153.534,49 euros, as obras de mellora da estrada LU-P-1104, que é a que conecta os concellos de Castro de Rei e Cospeito desde Portomuiño a Momán. García Porto explicou que as obras afectarán á totalidade da estrada -desde o inicio da vía ao punto quilométrico 7,624- e consistirán na reapertura de cunetas, reparación dos desperfectos no firme e repavimentación. O prazo para a execución destes traballos será dun máximo de tres meses desde o inicio das obras. “Trátase dunha actuación importante porque esta vía articula o norte do concello de Castro, dando servizo directo á veciñanza de varias parroquias e diferentes explotacións agrogandeiras”, valorou.

CINTO COMARCAL. Así mesmo, a Voceira Socialista do Goberno informou da adjudicación dos traballos de rehabilitación de dous tramos do cinto comarcal, na LU-P-1611, ao seu paso polos concellos de Begonte e Castro de Rei. Concretamente, a institución provincial mellorará o treito comprendido entre o quilómetro 71,700 ao 73,165 na parroquia de Felmil, no concello



de Begonte; e outro de máis de cinco quilómetros, entre o punto quilométrico 78,620 ao 81,800 ao seu paso pola parroquia de San Xiao de Mos, en Castro de Rei. A empresa adjudicataria, Cholo SL, realizará as obras cun orzamento superior a 375.000 euros.

As intervencións consistirán na mellora da drenaxe, fresado da vía, estendido de aglomerado en quente e reposición da sinalización vertical. Neste caso, a empresa tamén inclúe un aumento do prazo de garantía a tres anos e reducirá o tempo de execución a tan só un mes.

“A actuación no cinto comarcal ten unha importancia fundamental, xa que esta estrada xoga un papel clave nas comunicacións da provincia. De feito, este investimento súmase aos aproximadamente 3,65 millóns de euros que a Deputación xa destinou a melloras nesta vía nos últimos anos”, afirmou Pilar García Porto. E lembrou que “este esforzo inversor é especialmente relevante, tendo en conta que o cinto comarcal conta con máis de 131 quilómetros e conecta varios concellos, polo que a súa mellora ten características propias dunha estrada de titularidade autonómica”.

As Pontes e Guitiriz únense para solicitar axudas ao PERTE

O Concello das Pontes, xunto aos concellos de Valdoviño, Cee, Guitiriz e Gondomar, tras constituírse como agrupación de entidades, veñen de presentarse á terceira convocatoria de subvencións para proxectos de mellora e eficiencia do ciclo urbano da auga no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PERTE) de dixitalización do ciclo da auga, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miteco).

Así, solicítase unha achega de 600.000 euros para a elaboración de planes integrais de xestión dos sistemas de saneamento, estudos para o diagnóstico do control e xes-

tión de fugas estruturais, posta en marcha de estudos hidroxeolóxicos para a mellora do coñecemento das augas subterráneas e a modelización cartográfica e numérica das redes e sistemas de abastecemento e saneamento de todo o ciclo urbano así como o desenvolvemento de plan para o fomento do uso de auga rexenerada.

Dentro da liña destinada ás intervencións específicas para mellora a eficiencia e dixitalización do ciclo urbano solicítase unha achega de 1.220.875 euros para a posta en marcha de actuacións centradas nas infraestruturas de captación de augas, redes de distribución, entre-

ga para o uso público, actuacións sobre os sistemas de saneamento e depuración, puntos de vertido de augas residuais así como actuacións complementarias en mellora da eficiencia asociadas a reparacións e melloras técnicas nos sistemas de abastecemento, saneamento, tratamento de augas, que permitan, entre outros obxectivos, o incremento dos volumes tratados, a diminución das perdas e o fomento da reutilización e rexeneración da auga.

Así mesmo, solicitan unha achega de 226.938 euros para o desenvolvemento de portais web para fomentar a comunicación dixital coas persoas usuarias finais.

REUNIÓN DE MAIORES



Os usuarios dos centros de día de Guitiriz e Begonte reuníronse nunha xornada especial para compartir anécdotas e recordos a través dun paseo polo Balneario de Guitiriz. Durante a visita, os asistentes puideron coñecer a fonte do balneario e desfrutar dun café nas súas instalacións, gozando dun ambiente de convivencia e encontro.

COLABORACIÓN

Conversas con Ánxel Fole desde o máis alá

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Quixera corrixir no anterior artigo “concello de Monterroso” por “concello de Monfero”, pedir desculpas pola equivocación e dicir que na asemblea xeral dos comuneiros dos Vilares, o pasado 29 de marzo, negaron por maioría o permiso á empresa Maracaibo Solar para colocar aéreo-xeradores no monte comunal da parroquia, aos que dou os meus parabéns, e tamén á directiva, por entrar en razóns e acatar a decisión dos veciños.

Pero hoxe falaremos con Anxel Fole, ese escritor máxico nacido en Lugo en 1903, onde tamén finou en 1986. Un republicano galeguista que non quixo exiliarse, pero ante a persecución dos fascistas tivo que escapar do seu querido Lugo e ir andando ata as terras bravas de Lúzara, O Incio e O Caurel, terras que coñecía ben e nas que se sentía mais seguro. Cada vez que vou a Lugo sempre paso pola praza Anxo Fernández Gómez, onde se atopa a súa estatua, para barullar un pouco con el e remoer de novo as súas obras literarias. Eu non tiven a sorte de coñecelo en vida, pero Manuel María, cando viña a Euskadi, despois de cear e irse ás camas Saleta e a miña compañeira Gloria,

quedabamos os dous na cociña e tenme falado moito del, polo que despois de escoitar as conversas do poeta chairego e haber lido a súa obra, dábase a impresión de habelo coñecido de toda a vida.

Estaba, coma sempre, coas mans no chaleco e empezou falándome dos periódicos en galego: Nós, Terra Chá.Xá, fundado por Félix Jorquera, a quen agora vía moito por Lugo, e de A Nosa Terra; contándome que o director deste periódico e ex-porteiro do Atlético de Madrid, Alfonso Eiré (Pucheiro), con só catro anos levoulle un artigo ao Progreso, cando el era o responsable de Táboa Redonda. Xa apuntaba maneiras o rapaz.

Falamos de Díaz Castro, que por encargo de Xulio Xiz escribiu o precioso e longo poema “In memoriam a Anxo Fole”, mentres almorzaba os seus cafés con churros nas mesas do Bar Avenida de Guitiriz, queixándose por non haberse coñecido: Ti escribiches de min, e non te vin/ nin te verei xamais. Soio me resta/ acender o candil na tebra chea/ de vento e choiva e ouvear de lobos,/ e lerte caladiño... Léndote a ti, vello Anxo Fole,/ oio un troupeleio de defuntos vivos,/ santas compañías que nos acompañan,/ meigas que enmeigan nosos pensamentos; pero estes versos do poeta chairego emocionaron ao escritor lucense e cambiamos de conversación.

Dixo que escribira “Terra brava” no



Hospital do Incio e preguntelle si é verdade que Gasparo, o personaxe do que fala nese libro, era seu tío e padriño e si estivo de médico no Incio. Pero el non quixo falar dos personaxes dos contos e díxome: teño moito cariño a esta terra, pois o meu bisavó, don Juan María Quiroga, foi señor da torre amurallada de Basille en Baralla, unha torre do século XIV con dous escudos que lembran o señorío dos Ribadeneira. Dito antecesor meu, deputado por Lugo nas Constituíntes do 1869 e alcalde desa cidade, morreu no ano 1880 e chegou ter varias torres, pazos e un castelo, así que

eu contaba con familiares nestas terras. No pazo de Romeán viviron don Xosé Manuel Fole de Navia, Secretario Real e, mais tarde, dona Nicolasa Fole.

Dixo tamén que na torre Basille, foi onde o administrador da casa de Abrantes recibe a visita de catro familiares dos propietarios, que chegaron coa intención de cazar, pero debido á nevarada quedaron reclusos na torre, e alí, ao redor do lume, pasan o tempo escoitando contos de lobos, de mortos e santas compañías, contados por Bastián de Quindós, Carrozo e outros, contos de medo que recolle

por escrito o administrador e que aparecen logo en Á lus do candil.

Xa sei -díxenlle- pois xa lin o libro “Viaxes con Ánxel Fole”, do malogrado poeta de Paradela, Manuel Rodríguez López, viaxes nos que vostede fixo de cicerone.

Si -contestou-, todo iso conteillo ao amigo Manuel. Díxenlle que a Torre de Arcos, próxima a Chantada, foi dos ascendentes do Gran Capitán, que eran de Temes, e no século XIX foi propiedade de dona María Cristina Quiroga Sangro, miña tía avoa, e que na veiga de Pantón atópase o castelo de Masid, da liñaxe dos López de Lemos, con personaxes tan relevantes como Fernán López de Lemos, quen rescatou ás doce doncelas que lle entregaran como tributo ó Califa de Córdoba; Alonso López de Lemos, que loitou na batalla de Clavijo; don Diego, nas Navas de Tolosa; don Lope serviu a Alfonso IX; e Fernando III O Santo, casado con dona María Teresa Fernández de Témez, devanceira do Gran Capitán.

Non sei si sabes que o Gran Capitán seica levou un barco cheo de galegos forzosos para os terceiros de Flandes, pero cando fixeron escala en Cádiz escaparon todos, deixando o barco baleiro, e como non podían volver a Galiza, mesturáronse cos gaditanos e alí quedaron. De aí que en Cádiz aínda se canten panxoliñas en galego.

Eu non o sabía, pero ...canto se aprende falando con vostede!

De galegos, do tempo e demais

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Semella que alén do Cebreiro, da Meseta cara abaixo, cargan no lombo aos oriúndos deste territorio certos sambenitos que non hai maneira humana de sacudilos de enriba. Desde chistes de mal gusto, ofensivos incluso nalgúns casos, ata reiterados estereotipos que proxectan unha imaxe non sempre amable -todo hai que dicilo- sobre os galegos. Recentemente, foi público e notorio a expresión dunha parlamentaria no Congreso dos deputados,

na cal se sorprendía do “gracejo” que lle causaba un que ocupou múltiples e variadas responsabilidades institucionais, chegando a ser presidente do goberno de España. Á señora en cuestión parecíalle estraño que puidese ser simpático, gracioso... -iso significa o citado cualificativo en lingua castelá- alguén que procede dunha zona onde, segundo ela, a xente caracterízase por todo o contrario. A resposta a tal comentario non se fixo agardar e a boa da deputada, exministra, tivo que escoitar e ler de todo, poñéndoa fina pola súa afirmación, moi fóra de lugar e totalmente inapropiada.

Outra arroutada máis -permítase-

me a expresión- que se expandiu coma o lume a través das redes sociais, foi a dun coñecido humorista andaluz, na que para amosar a súa incredulidade polos varios días nos que a choiva estaba a facer acto de presenza por eses lares do sur peninsular, algo ao que non están afeitos, manifestaba que xa se lle pegara o acento galego, que a Praza do Obradoiro se trasladara a Sevilla e que no Guadalquivir acabaría por darse os percebes e os mexillóns -xa lles gustaría-. A verdade é que neste caso, o cómico foi ocorrente.

E que se lle contestamos a ámbolos dous?. Non vale o dito que o mellor desprezo... Pero aínda así, non nolas coce o corpo, como


por aquí dicimos. Á primeira, que veña máis habitualmente por aquí. Seguro que cambiaba de opinión. Nada máis. Sobre o segundo, recoñecendo que lle saíu un carallo ben pronunciado, tamén o convidaríamos a visitarnos. Comprobaría, en primeiro termo, que cando falamos en lingua española, non o facemos dese xeito; e en segundo lugar, evidenciando que maioritariamente temos un clima oceánico, dentro da xeografía galega existen unhas considerables variacións e así, non é o mesmo a zona costeira atlántica, por onde entran as borrascas, que bisbarras como a de Valdeorras ou a Ribeira Sacra, onde as xornadas

con precipitacións e as cantidades das mesmas resultan moi inferiores. Se decide vir no verán poderá comprobar a temperatura que marca o termómetro.

En fin, por un lado, que a simpatía non é un dos nosos dons, e polo outro, que non sabemos as pintas que ten o sol. Ideas preconcebidas, reducionistas, tópicos e simplistas para con nosoutros, un pobo traballador e esforzado como o que máis, pero que tamén sabe desfrutar. E por suposto, claro que chove máis que en Córdoba, menos mal. Pero no verán temos praias, de mar e de río, e bañámonos nelas. Que en Galicia non somos feos, senón riquiños, a ver cando se decatan.

O meu fillo nunca minte

O PUPITRE



Julio Díaz

Levo días dándolle voltas a unha noticia que saíu referente a uns panfletos colgados no entorno dun instituto de Ourense en forma de “esquelos” contra unha profesora do centro pola súa maneira de impartir docencia. —Como estes días leva chovido moito e a min gústame pisar charcos vou comezar relatando unha historia real que ocorreu fai pouco—

Todo comezou un día calquera, cando un docente do corpo de mestres dun colexio público comezou a recibir insultos e ameazas por parte dalgún dos seus alumnos, en particular dun en concreto. O docente comunicou o incidente á dirección do centro, que se puxo en contacto cos pais. Estes, lonxe de reprender ao seu pupilo, desculparse polo ocorrido e plantexarse educar correctamente ao seu fillo responderon con ameazas e faltas de respecto, onde o proxenitor do alumno chegou a espetar “onde está que o vou matar”. Os comentarios

ían subindo de ton e os pais enco-raxáronse ambos os dous.-

Tal foi a situación que o docente decidiu interpor denuncia ante a policía e como resultado o xuíz ditaminou unha orde de afastamento dos pais, así como o pago dunha multa e indemnización ao docente. Xusto despois disto, a nai chegou a dicir a outro membro do persoal do centro educativo que era preferible que o docente non regresara polo colexio e manifestou as súas violentas intencións: “Cando o vexa vouno pinchar” en clara referencia a unha hipotética agresión cunha arma branca. O docente que estaba de baixa médica, incorporouse e ante novas faltas de respecto, insultos e ameazas o profesor precisou dunha nova baixa laboral.

Como vedes este relato real debuxa un perfil de proxenitor acusador que mantén problemas co profesorado. Son persoas que creen cegamente na inocencia do seu fillo/a “xamais minte”, alegan. Non aceptan a realidade, desculpan e xustifican calquera acción do seu fillo. Non confían no docente e desautorízano na súa presenza. Acusan ao profesor de terlles manía, maltratalos psicolóxicamente e

non facer ben o seu traballo.- A maioría das queixas están relacionadas co intento de presións para que se modifiquen as notas dos seus fillos e especialmente nos dous cursos de bacharelato que supoñen o acceso a unha ou outra carreira ou mesmo poder presentarse ás probas de acceso á universidade.-

O normal é que estas falsas acusacións, seguidas das denuncias ante os servizos de inspección, saltándose as canles normais de falar co titor do seu fillo e a continuación co equipo directivo do centro van directamente aos servizos de inspección, que por certo debería esixirlles as canles previas antes de acadar accedendo ao seu servizo en lugar de aclarar o problema directamente co docente ou co titor de seu fillo. Adoitan ademais buscar o apoio doutras familias estendendo infundios e esaxerando calquera actuación. Buscan unha “camarilla” ao seu redor para sementar dúbidas da profesionalidade do docente e desacreditala.-

Seguramente me tachen de corporativismo, e pode que sexa certo, pero tamén digo que nun colectivo tan amplo como o noso ten que existir todo tipo de docen-

tes e seguro hai quen se mereza que non o defenda, pero tamén temos cada vez un maior número de proxenitores que están criando nenos de cristal en burbullas, que se cren todo o que os seus fillos contan e antepón a súa pa-

labra á nosa. Isto da docencia vai doutra cousa vai de colaboración e non de enfrontamentos, vai de axudarse e non de criticar, vai de participar en vez de obstaculizar... Pais e docentes temos un ben común, Os seus fillos.-

O RECUNCHO DE CANELINA



TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSPEITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIOTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VIALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

+ Teléfonos: www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DEPORTES

Abre a inscrición do VI Slalom de Guitiriz

Un ano máis, o Concello de Guitiriz será a sede dunha das probas puntuables para o Campionato de Galicia de Slalom de automobilismo, coa celebración da sexta edición do Slalom Concello de Guitiriz Gran Premio Ruta da Auga. A proba é de carácter nacional e está organizada en conxunto polo Concello, o Club Escudería Scratch Fene e a ACRDS Srtach Galicia.

Os interesados en participar xa se poden inscribir a través do formulario habilitado na páxina web da Federación Galega de Automobilismo ata o luns 21 de abril ás 20:00 horas.

A proba de habilidade ao volante celebrarase nun circuíto de asfalto emprazado nas inmediacións do Campo da Feira de Guitiriz. Dará comezo a partir das 16:30 horas, pero desde as 8:30 horas estarán

se a realizar os diferentes trámites previos á competición. Por outra banda, a entrega de premios está programada a partir das 21:15 horas.

Na proba repartiranse un total de 1850 euros en premios. 950 corresponden aos premios regulamentados, que serán repartidos entre os oito primeiros clasificados. Os máis cuantiosos corresponden aos tres primeiros, que ademais dun trofeo recibirán 300, 200 e 100 euros.

Por outra banda, haberá tres trofeos especiais nos que se repartirán 900 euros extras. O VI Trofeo Feminino Pub Zeus, o I Trofeo Traseiras Pub Titanic e a maior novidade, o I Trofeo Pilotos Lucenses Carnicería Vitorio. En cada un deles os tres primeiros clasificados recibirán 150, 100 e 50 euros.



Outorgan á presidenta do FSF Castro a distinción ao Mérito Deportivo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, participou na cerimonia de entrega das Distincións ao Mérito Deportivo, que recoñecen o papel sobresaínte de deportistas e entidades na promoción da práctica deportiva. En total, entregáronse 99 condecoracións nesta edición e unha delas foi para Carmen Tojo López, presidenta do FSF Castro.

Con este galardón recoñécese o seu labor exemplar por contribuír á promoción e excelencia do deporte e da educación física en Galicia.

Galicia pechou o 2024 con preto de 320.000 licencias deportivas, un 3,4% máis que en 2023, das cales 98.000 son femininas, ambas cifras récord. Ademais, a Comunidade conta con 1.500 deportistas de alto rendemento (350% máis que hai 15

anos) e, no referido ao deporte escolar, máis de 150.000 nenos e nenas forman parte do programa Xogade, que combina o modelo deportivo de competición coa actividade recreativa nos centros.

PORTAS ABERTAS. O FSF Castro abre as súas portas durante o mes de abril para rapaces interesados en unirse ás súas categorías masculinas. As sesións terán lugar no Pavillón Municipal de Castro Ribeiras de Lea.

As categorías alevín, infantil e cadete terán adestramentos os luns de abril de 17:00 a 18:30 horas, para alevín (nados en 2014 e 2015), infantil (en 2012 e 2013) e cadete (en 2010 e 2011). Para participar na xuvenil será necesario contactar previamente co responsable, Manolo (670 877 487).

A Copa Deputación escolleu aos oito finalistas de cuartos de final

A fase de oitavos de final da Copa Deputación para Segunda e Terceira Futgal estivo marcada por resultados contundentes e moitos goles. Entre os equipos da categoría máis baixa, só Cazás e Goiriz lograron avanzar á seguinte rolda.

O Cazás, representante de Xermade, impúxose por 3-2 ao Castroverde, conseguindo unha pequena vinganza deportiva tras quedar relegado ao play-off no campionato de liga, mentres o seu rival lograba o ascenso directo. O encontro comezou de xeito inmemorable para os locais, que abriron o marcador nos primeiros minutos. Xa na segunda metade, co 3-1 a favor, parecía que tiñan o control, pero un gol visitante no tramo final puxo emoción ao partido.

O Goiriz, pola súa banda, segue coa súa tempada impecable. Tras conquistar o título e o ascenso, despatchou ao Pontenova cun claro 3-0. Menos sorte tivo o Corgo, o outro equipo

de Terceira en competición, que caeu con contundencia ante o Paradela (0-3). O primeiro tanto chegou antes do descanso e os visitantes sentenciaron na segunda metade, co último gol chegando case sobre o asubío final, tras un desafortunado tanto en propia porta.

O Brollón tamén logrou o pase con comodidade tras un sólido 4-0 ante o Páramo. Con dous goles na primeira metade, os locais puxeron o partido costa arriba para o seu rival.

Outro triunfo claro foi o do Riotorto, que se adiantou axiña no marcador e venceu á Piringalla por 4-1. Na primeira media hora, os locais anotaron dous tantos pero antes do descanso, cada equipo sumou un gol máis. O local asegurou a súa vitoria cun último tanto que completou o marcador.

O enfrontamento entre Becerreá e Santa Comba estivo moi igualado, pero os locais acabaron impoñendo-

se grazas a un dobrete. O Santa Comba igualou o marcador e presionou con forza no treito final, pero non foi quen de culminar a remontada.

O partido máis tolo da xornada protagonizárono Folgueiro e Cabreiros, cun vibrante 4-5. O Folgueiro levou a iniciativa durante boa parte do duelo, pero o resultado estivo apertado ata o final. Dous goles en propia porta dos locais e un penalti a favor fixeron que o marcador fose un auténtico carrusel.

Por último, o San Roque tamén asegurou a súa praza en cuartos tras superar ao Lemos B por 5-3. Foi un encontro de ida e volta, cheo de erros e alternativas, que non se resolveu ata os minutos finais, cando os locais lograron os dous tantos que romperon o empate a tres. A emoción continúa na Copa Deputación, cun cadro de cuartos de final no que os equipos buscarán seguir avanzando cara ao título. Será xa na Semana Santa.



Chega a Ruta Turística ás Pontes e o Rallye da Mariña pasa por Muras

O Automóvil Club As Pontes comeza a temporada de eventos 2025 coa organización da IX Ruta Turística Vila das Pontes que se vai celebrar o próximo 12 de abril.

Será a segunda proba do Open Rutas Turísticas Ferrolterra 2025/2026 que vai discorrer por diversas rúas e lugares do concello das Pontes.

O día 12 de abril a entrega de documentación será na cervexería A Fervenza de Somede, estando situado o parque pechado na praza Poeta Uxío Novoneyra. A saída será rúa Mugaros para realizar os 115 kms dos que constan as tres seccións da ruta. O remate estará na Parrillada Pena da Revolta, onde se celebrará unha cea.

A emoción do motor regresará tamén á Mariña lucense os días 9, 10 e 11 de maio de 2025 coa celebración do VII Rallye da Mariña, unha das probas destacadas do Campionato Xunta de Galicia de Rallyes.

Nesta edición, os pilotos terán que completar un percorrido total de 343,57 quilómetros, dos que 106,30 serán cronometrados, nun trazado que promete espectáculo e competitividade.

A organización, a cargo de Mix Rallye Sports, xa traballa para que a edición de 2025 manteña o nivel de esixencia e seguridade que caracteriza esta proba. Nas vindeiras semanas, faranse públicos máis detalles sobre os tramos e horarios.

Begonte celebrará a VIII Carreira Popular 7K o 29 de xuño

O Concello de Begonte acollerá o vindeiro domingo 29 de xuño de 2025 a VIII Carreira Popular Begonte 7K, unha cita xa consolidada no calendario deportivo da comarca. O evento contará con diferentes categorías, incluíndo a carreira absoluta, andaina e probas para menores, adaptadas a distintas idades e distancias.

As persoas interesadas en participar poderán inscribirse ata o 26 de xuño ás 23:59 horas a través da web www.ccnorte.com. A proba estrela será a carreira absoluta de 7 quilómetros, que dará comezo ás 11:00 horas e contará con categorías sénior e veteranos/as. Tamén haberá unha andaina aberta a todas as idades, que arrancará ás 10:00 horas, así como carreiras menores con distancias adaptadas segundo o ano de nacemento dos participantes.

Os tres primeiros clasificados na categoría absoluta masculina e feminina recibirán medallas e agasallos, mentres que os mellores equipos e atletas doutras categorías tamén serán premiados. Ao remate da entrega de premios, haberá aperitivos para todos os participantes. Begonte converterase nun punto de encontro para deportistas e afeccionados ao running, nunha xornada marcada pola competitividade e o ambiente festivo.

“O club xa ten moi bos momentos que quedarán para o recordo”

Kini Martínez, director deportivo do Vilalba FS, que celebra 25 anos de historia

Para falar de fútbol sala en Vilalba hai que falar do Vilalba FS, que este ano cumpre 25 anos de historia no seu mellor momento a nivel deportivo, cos dous primeiros equipos situados en zona de ascenso e con resultados positivos en todas as categorías. O seu director deportivo, Kini Martínez, explica as expectativas do club para o final da tempada.

Que hai previsto para celebrar o 25 aniversario do club?

Está claro que é un número moi bonito para o club, os que estamos a vivilo agora imos traballar para facer algo especial e bonito e que quede un bo recordo para todos e todas.

Está a ser tamén una gran tempada.

Como foi ata o de agora e que previsións hai de cara ao final?

Pois tanto na sección masculina como na feminina levamos unha tempada moi lineal, a pesar dalgún revés, pero sempre nos postos altos da clasificación. Se todo segue así, poderemos xogar os *play off* de ascenso nas dúas seccións, algo que para o club sería histórico e memorable, e para os que estamos no día a día, sería unha recompensa ao traballo que vimos facendo, non só esta tempada, senón dende xa fai uns anos.

Cales son as principais características do club?

Humildade, compromiso e traballo. Cada vez somos máis equipos e máis *staff*, e todos e todas os que estamos neste club temos claro o camiño a seguir, empezando pola directiva e seguindo polo *staff* de cada equipo. Pés no chan, seguir traballando e que nada nin ninguén nos quite a ilusión.

Tivo nos últimos anos un crecemen-



to constante. Como foron?

Crecemos rápido pero seguros, nos últimos anos puidéronse dar algúns pasos máis nalguna categoría, pero buscamos dar pasos firmes e seguros. Somos dos que pensamos que é moito mellor pouco “relativamente” ben, e non moito e mal. Neste momento temos bastantes equipos dende a categoría prebenxamín ata os primeiros equipos, algo que supón moito traballo para conseguir ofrecerlles a todos as mellores condicións posibles.

De que logros se senten máis orgullosos?

O club xa ten moi bos momentos na súa historia que sempre quedarán para o recordo. Na máis recente creo que sempre serán recordados os últimos ascensos dos nosos primeiros equipos, o masculino á categoría de bronce da Liga nacional de fútbol sala, e o feminino á categoría de prata, tamén da Liga nacional, sendo esta considerada como profesional. A nivel persoal, como director deportivo do club e adestrador, son momentos dos que nunca me vou

esquecer. Se houbera a posibilidade de mirar máis aló, creo que sería o máis bonito que se pode vivir neste deporte e algo polo que realmente merece a pena pelexar, ver a moitos afeccionados, xogadores e xogadoras, directivos e a un pobo enteiro cun sorriso de orella a orella penso que é do máis bonito que hai.

Cales son os proxectos de futuro?

Pois ter os pés no chan, seguir traballando e ir cada día a máis. Chegar ata onde se poda ou nos permitan, e, esteamos na categoría que esteamos, crear ese bo ambiente para o pobo con fútbol sala. É moi importante para nós, que todas as cativas e cativos que temos no club pelexen para chegar aos primeiros equipos e teñan unhas boas referencias polas que guiarse para mellorar e superarse, cantos máis teñamos mellor. E por último que siga crescendo a nosa afección, e o *frente smóking*, que para nós e un orgullo poder contar con eles durante todo o ano, e nos partidos especiais, recibir sempre ese *arreón* e axuda do sexto xogador que a nivel competitivo nos dá tanto.

Friol acolle o domingo 13 a Transgalaica Maratón MTB Series 2025

O próximo domingo día 13 de este mes de abril, en Friol, terá lugar a celebración da cuarta cita da Transgalaica Maratón MTB Series de este ano 2025.

Xa só faltan uns días e dende a organización están deixando todo a punto para a ruta. O percorrido oficial, o formulario para inscribirse, e toda a información, está na páxina web Magma Sports.

O total da proba serán 68,87 km con un desnivel de + 1.261m.

Os horarios da proba son: de 8:00 a 9:00 retirada de dorsais e transponders; ás 9:15 configuración da grella

de saída; ás 9:25 peche das grellas de saída; ás 9:30 comeza a proba; e ás 14:00 procederase á entrega de trofeos.

A primeira cita deste ano foi en Cerdedo-Cotobade, a segunda tivo lugar en Ames, a terceira realizouse en Silleda, e esta cuarta será no Concello de Friol, quedando a quinta e última que se celebrará en Manzaneda.

Está aberto o prazo para poder facer a inscrición para este evento a través da plataforma mencionada (www.magmasports.es), ata este mércores 9 de abril ás 23:59 horas.

O prezo da inscrición será de 20 eu-



ros. Non se admiten inscricións o día da proba. Para os non federados o custe será de 32 euros (20 de inscrición + 12 licenza de 1 día). Dende a organización din “estamos moi contentos de poder realizar un ano mais este evento no noso municipio, e xa temos case todo listo para celebrar unha carreira única, dura e desfrutona a partes iguais”.



Antonio Teijido e Isabel Bao gañan a XV Carreira Popular Guitiriz Termal

Antonio Teijido e Isabel Bao proclamáronse gañadores absolutos da XV ‘Carreira Popular Concello de Guitiriz Termal’ organizada polo Concello, en colaboración coa Asociación Capaces, na que participaron en total preto de 250 persoas, entre a carreira e a andaina.

Na categoría sub 10 os vencedores foron Arai Gallardo e Claudia Fernández, en sub 12, gañaron Gael Pereira e Mariña Portas. En sub 14 remataron en primeiro posto Amelia Carril e

Roi Fraga, e en sub 16 fixérono Hugo Ferro e Antía Yáñez.

Na proba sénior Melani Díaz e Marcos Penela encabezaron a lista, mentres que nos máster os vencedores foron Diego Bello e Ivana Rodríguez en Máster 1, Elvira Cereijo e Luis López (Máster 2) e Celerino Pedreira (Máster 3).

Proximamente anunciarase a cantidade total recadada a través das inscricións e da Fila 0, que irá a parar á Asociación Capaces.



Jorge Puig e Andrés Díaz venceron na carreira de San Xosé das Pontes

Máis de cen deportistas participaron na nova edición da Carreira de San Xosé das Pontes, celebrada na contorna da Fraga baixo unhas condicións meteorolóxicas inmejorables. A proba, que contou cun percorrido de 6.400 metros, tivo como gañadores absolutos a Jorge Puig e Andrea Díaz, do club Ría Ferrol, que completaron o trazado en 21:33 e 26:10, respectivamente.

No podio absoluto tamén destacaron o pontés Esteban Díaz e Tania López, do Atletismo Narón, que acadaron a segunda posición, mentres que Alberto Pardo e Sonia Franco, do Trieume, ocuparon o terceiro posto. Destaca especialmente o bo papel de Díaz e Franco, que foron os mellores representantes locais e tamén os primeiros na categoría de vetera-

nos 2. Ambos recibiron, ademais do premio en metálico, unha cesta con produtos típicos da zona.

A organización tamén recoñeceu aos mellores por categorías. Tania López e Esteban Díaz destacaron como os mellores nas categorías sub 18 e sub 20, mentres que no apartado masculino desta última idade o vencedor foi o pontés Manuel Campello, do club Narón.

Na categoría sub 23 e sénior, os mellores foron Yago Daniel Río, Uxía Pico e Jorge Puig. En canto aos veteranos, os galardóns foron para Sara Pradera, do Xabaris Ártabros, e Alberto Pardo en Máster 1; Eva Bagiano e Juanito Amigo, da SD Compostela, en Máster 3; e Lissette Halliday e Ramiro Pérez, do club Sar, en Máster 4.

DE RUTA EN RUTA

Meira: Ruta Fluvial polo río Miño

Durante o paseo, é posible contemplar unha sorprendente variedade de especies arbóreas ata Fonmiñá

O noroeste da provincia de Lugo agocha unha xoia natural perfecta para desconectar e reconectar coa natureza: o Paseo Fluvial do Río Miño en Meira. Esta ruta, sinxela e apta para toda a familia, bordea o nacemento do pai dos ríos galegos e ofrece ao camiñante un percorrido cheo de árbores autóctonas, elementos tradicionais e algunhas paradas cheas de historia e simbolismo.

A camiñada comeza no corazón de Meira, no entorno do Área Recreativa Profesor Río Barja, un espazo que rende homenaxe ao xeógrafo Francisco Javier Río Barja. Aquí, o visitante atopará un amplo aparcadoiro e un parque con zona infantil, ademais de elementos arquitectónicos como un hórreo, un cruceiro, un cabazo ou mesmo un muiño restaurado, acompañado dunha cafetería para coller folgos antes ou despois da ruta.

O itinerario, cun total de 5,16 km de lonxitude e unha duración aproximada de hora e media, é circular e de dificultade baixa, o que o converte nun plan ideal para ir con nenos ou en bicicleta. Aínda



que o 48 % do traxecto transcorre por asfalto, o resto discorre entre árbores e paisaxes naturais, con vistas privilexiadas do río Miño. Durante o paseo, é posible contemplar unha sorprendente variedade de especies arbóreas: carballos, castiñeiros, teixos, acacias de Constantinopla, cedros do Atlas, árbores do amor, freixos, pradairos, cereixas ou plátanos comúns, entre moitos outros. A diversidade botánica fai do traxecto unha experiencia sensorial rica e envolvente, ideal para os amantes da natureza.

A ruta pode estenderse ata Fommiñá, un pequeno enclave onde se atopa a coñecida Laguna de Fonmiñá, unha formación kárstica de 350 metros cadrados que durante moito tempo se considerou o verdadeiro nacemento do Miño. Aínda que hoxe se sabe que o Pedregal de Irimia —situado seis quilómetros máis arriba— é o punto máis alto e oficial do nacemento, Fonmiñá continúa sendo un lugar máxico, coñecido como Os Ollos do Miño, xa que é onde o río sae por primeira vez á superficie.

A lenda acompaña á ciencia neste lugar: durante anos, expertos en hidroloxía instalaron medidores para determinar a orixe real do río, comprobando que tanto a serra coma o val de Meira están asentados sobre unha inmensa balsa de auga. Polo tanto, non é estraño que o Miño teña varios puntos de nacemento. En Fonmiñá, a auga brota debaixo das rochas calcarias emitindo burbullas, un fenómeno que fascina tanto a pequenos como a maiores.

Non esquezas saudar ao Deus Breogán, unha escultura de pedra situada aos pés da laguna, obra dos artistas Magín Picallo e Manuel Mallo (1969), que leva



décadas escoitando as lendas do lugar e que, segundo din, garda os segredos do Miño.

En definitiva, o Paseo Fluvial do Río Miño en Meira é unha ruta que mestura paisaxe, patrimonio

e mitoloxía, perfecta para unha xornada de lecer en calquera época do ano. Un pequeno gran paseo que nos lembra por que Galicia é terra de ríos, misterios e beleza sen fin.



DATOS



1 hora 30'



5,16 quilómetros



Dificultade
baixa

CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

Cursos y Certificados

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05